

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 21

SESION ORDINARIA DO 20 DE DECEMBRO DE 2007

ASISTENTES

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Pérez, Fco. Xabier
Calviño Rodríguez, Xulio
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Díaz Vázquez, Raquel
Domínguez Olveira, Santiago
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Ángeles
González Sagarra, Javier Pablo

Iglesias Bueno, Marta
Lago Rey, María Jesús
Larriba Leira, Elvira
López Atrio, Laura
López Carreira, Xesús
López Font, Carlos
Martiño Gómez, Antonio
Méndez Piñeiro, María
Molares Pérez, Lucía Emilia
Porro Martínez, María Corina
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Hector
Veloso Ríos, Iolanda

NON ASISTE:

Guerra Fernández, Javier Jorge

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e dez minutos do día vinte de decembro do ano dous mil sete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Porro Martínez, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste o Sr. Guerra Fernández. Están tamén presentes as membros da Xunta de Goberno Local Sras. Maure Noia e Silva Rego e máis o Interventor

Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar los asuntos da orde do día.

1.- (172).- ACTAS ANTERIORES. (SESIÓNS ORD. 29.10.07 E EXTRS. 29 E 30/10/07)

(Está ausente o Sr. Guerra Fernández).

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas correspondentes á sesión ordinaria do Pleno da Corporación do día 20 de outubro de 2007, así como ás sesións extraordinarias dos días 29 e 30 do mesmo mes.

2.- (173).- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS Ó ACORDO DE APROBACIÓN PROVISIONAL DOS ORZAMENTOS PARA O ANO 2008.

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, en sesión do día 30 de outubro de 2007, aprobou provisionalmente o orzamento municipal para o exercicio de 2008.

Durante o prazo de exposición pública sinalado no anuncio da Alcaldía, publicado no BOP núm. 212 de data 2 de novembro, segundo consta en certificación que se achega ó expediente, presentáronse no Rexistro Xeral as seguintes alegacións:

- 1º EMILIO DIAS DE LA IGLESIA (DOC. 70127685).
- 2º CONCELLEIRO-DELEGADO DE DEPORTES (DOC. 70127785).
- 3º VOCEIROS DO PSOE E DO BNG (DOC. 70127873).
- 4º SECCIÓN SINDICAL DA UXT NO CONCELLO DE VIGO (70128242)
- 5º INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS (70128749)
- 6º RAMÓN MENDEZ MARTINEZ (70129194)
- 7º Mª BERTA SALA RIOS E Mª LUISA SOBRINO DEL RIO (70129219)
- 8º JAVIER PINAL FALQUE (70129221)
- 9º LAURA LÓPEZ ATRIO (CONCELLEIRA EDUCACIÓN) (70129225)
- 10º LAURA LÓPEZ ATRIO (CONCELLEIRA EDUCACIÓN) (70129226)
- 11º SECCIÓN SINDICAL UXT CONCELLO DE VIGO (70129431)
- 12º DANIEL AVAREZA VÁZQUEZ E 48 MÁIS (70129671)

- 13º AMELIA ARAGUNDE MARTINEZ E 23 MÁIS (7029672)
- 14º XEFE SERVIZO FORMACIÓN E EMPREGO (70129721)
- 15º LAURA LÓPEZ ATRIO (CONCELLEIRA EDUCACIÓN) (70129741)
- 16º JOSE CABALEIRO GONZÁLEZ (SEC. COM. CIG-ADMON PUB) (70129755)
- 17º XAQUÍN MARTINEZ POSADA E OUTROS (70129756)
- 18º SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DIAZ (CONCELLEIRO P. CIDADÁ) (70129764)
- 19º JOSE MANUEL FIGUEROA VILA (VOCEIRO GRUPO M. POPULAR) (70129834)
- 20º FEDERACIÓN VECIÑAL "EDUARDO CHAO" (70129841)
- 21º AVELINA SANTISO GIL (XEFA UT Mº AMB.) (70129943)
- 22º AVELINA SANTISO GIL (XEFA UT Mº AMB.) (70129953)
- 23º CONCEPCIÓN RODRÍGUEZ GARRIDO (70129957)
- 24º ASOCIACIÓN VECIÑAL "VAL DO FRAGOSO" (70129987)
- 25º SECCIÓN SINDICAL CCOO (70130061)
- 26º CAPATACES DESINFECCIÓN, ELECTROMECAÑICOS, MANTEMENTO CULTURA, PARQUES E XARDÍNS E VÍAS E OBRAS (70130065)
- 27º RAMÓN FERNÁNDEZ-LINARES BOUZA (70130171)
- 28º SECCIÓN SINDICAL UXT (70130180)
- 29º JUAN RAMÓN COMESAÑA ALÉN (XEFE AREA SEGURIDADE) (70130190)
- 30º MARGARITA PARAJO CALVO (70130218)
- 31º COMITÉ PERSOAL CONCELLO DE VIGO (70130222)
- 32º SECCIÓN SINDICAL CIG (70130225)
- 33º SECCIÓNS SINDICAIS CIG E UXT (70130228)
- 34º PABLO FIGUEROA DORREGO (TITULAR ASESORÍA. XURÍDICA) (70130234)
- 35º PABLO FIGUEROA DORREGO (TITULAR ASESORÍA XURÍDICA) (70130238)
- 36º SECCIÓN SINDICAL UXT CONCELLO VIGO (70130269)
- 37º SECCIÓN SINDICAL UXT CONCELLO VIGO (70130271)
- 38º CONCELLEIRO DELEGADO AREA XESTIÓN MUNICIPAL (70130274)
- 39º SECCIÓN SINDICAL UXT CONCELLO VIGO (70130545)
- 40º SECCIÓN SINDICAL UXT CONCELLO VIGO (70130547)
- 41º SANTOS H. RODRÍGUEZ DÍAZ (CONCELLEIRO PARTICIPACIÓN CIDADÁ) (70130327)

A xefa da Unidade de Persoal, con data 27 de novembro, informa as alegacións recibidas ó capítulo I do orzamento do seguinte xeito:

"Con carácter xeral, e vistas pormenorizadamente as alegacións presentadas ao Capítulo I do proxecto de Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2008, débese informar o seguinte:

- Os supostos nos cales cabe formalizar reclamación administrativa aos proxectos de orzamentos municipais veñen legalmente taxados e consignados no artigo 170. 2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que se concretan nos seguintes:

- a) Por non se ter axustado a elaboración e aprobación do orzamento aos trámites establecidos na propia Lei de Facendas Locais.
- b) Por omisión do crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentarios ou ben destes verbo das necesidades para as que estea previsto.

Grande parte das reclamacións presentadas durante o trámite de exposición pública responden a solicitudes de incrementos salariais -tanto individualizados como concretados en relación a colectivos determinados- así como a cuestións referidas á organización municipal e estrutura dos servizos ou unidades administrativas, con respecto ás cales se lembra que constitúen obxecto principal do instrumento regulamentario denominado Relación de Postos de Traballo ou RPT, cuxa aprobación compete á Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e non ao Pleno do Concello, como si sucede nos municipios suxeitos ao réxime común e sucedía neste Concello con anterioridade á entrada en vigor do réxime de municipios de grande poboación.

Igualmente, e por relación á grande maioría das alegacións que se analizarán -e que valga para todas elas o seguidamente dito- cómpre sinalarse que os Orzamentos Municipais non deben constituír mecanismo articulador de adecuacións retributivas individualizadas, senón que estas -de estimarse oportunas e procedentes polos correspondentes órganos xestores- deberían ser realizadas sempre para colectivos determinados e xustificalas no marco dun tratamento integral para cada posto de traballo en función de diversos factores (especial responsabilidade, preparación técnica, académica ou profesional requirida para o desempeño do mesmo, riscos asociados ao posto) e mediante a determinación dunha guía de funcións propias dos postos de traballo que carecen dela, pero sempre previa realización dunha medición efectuada de maneira obxectiva e non respondendo a intereses subxectivos que non casan en moitas ocasións cos contidos dos postos de traballo, senón coa boa actitude ou disposición do traballador/a, que non se discute, pero para retribuír a cal se lembra que está legalmente contemplado o complemento de produtividade, que se poderá abonar cando o empregado/a público mostre especial rendemento, adicación ou interese no desenvolvemento das súas funcións, e non a través de incrementos de retribucións complementarias fixas e periódicas, que responden ás características dos postos de traballo e non das persoas a eles adscritas. Lémbrese que por razóns do servizo todos os empregados/as públicos poden ser obxecto de traslado ou de cambio de adscrición a outros servizos ou unidades administrativas (artigo 81.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público).

A determinación e aprobación das retribucións dos empregados/as públicos consonte á legalidade vixente, a fixación de complementos específicos e complementos de destino (conceptos retributivos vixentes segundo o disposto na Disposición Final Cuarta da Lei 7/2007, do EBEP xa citado) xunto coa aprobación da relación de postos de traballo, así como a xestión do persoal municipal, son competencia igualmente da Xunta de Goberno Local, razón pola que as reclamacións dirixidas contra as ditas materias deberán promoverse, de ser o caso, contra o eventual acordo que o dito órgano municipal adopte no seu día -en exercicio da potestade de auto-organización da que gozan as Entidades Locais- unha vez aprobados os Orzamentos de 2008, mediante os recursos que as leis sectoriais outorgan ao respecto.

- As alegacións que constan na Unidade de Persoal, recibidas a través do Rexistro Xeral do Concello, serán analizadas dende o punto de vista estritamente xurídico, dado que non corresponde a esta unidade administrativa acceder ou non ás pretensións persoais ou colectivas exercitadas polos recorrentes, senón unicamente sinalar si consonte á lexislación vixente en materia de facendas locais e en relación ao procedemento para a tramitación dos orzamentos gardan ou non axuste á legalidade.

Ditas alegacións son as seguidamente relacionadas:

1.- Alegación presentada por **D^a Concepción Rodríguez Garrido** en escrito de data 20/11/2007 (documento nº 70129957) non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.i) e sempre respectando o cadro de persoal orzamentario que se someta ao criterio do Pleno.

2.- Alegación presentada por **D^a Avelina Santiso Gil** en data 20/11/2007 (documento nº 70129953) non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.i Lei 7/1985, do 2 de abril) e sempre respectando o cadro de persoal orzamentario que se someta ao criterio do Pleno. En relación coa mesma, e debido a que está denominada pola propia alegante como “corrección de erro”, debe sinalarse que no cadro de persoal orzamentario correspondente ao ano 2005, aprobado polo Pleno do Concello en sesión de data 28 de febreiro do 2005 e publicado xuntamente coa Relación de Postos de Traballo no BOP nº 108, do martes 7 de xuño do 2005, xa figuraba a consignación dunha praza denominada “licenciado en bioloxía-técnico superior de medio ambiente” (páxina 25 do dito boletín oficial) sen que na data de hoxe conste recorrida a devandita denominación.

3.- Alegación presentada por **D^a Avelina Santiso Gil** en data 20/11/2007 (documento nº 70129943). Ao igual que no anterior suposto, non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.i Lei 7/1985, do 2 de abril).

4.- Alegacións presentadas por **D^a M^a Berta Sala Ríos e D^a M^a Luisa Sobrino del Río** en data 19/11/2007 (documento nº 70129219), que non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do

persoal municipal (artigo 127.1.i Lei 7/1985, do 2 de abril).

5.- Alegación presentada por **D. Ramón Méndez Martínez** en escrito de data 19/11/2007 (documento nº 70129194), que non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.i Lei 7/1985, do 2 de abril). Lémbrese a existencia dunha guía de funcións para os grupos C, D e E aprobada e vixente na data de hoxe.

6.- Alegación presentada por **D. Javier Pinal Falque** en escrito de data 19/11/2007 (documento nº 70129221) que non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.i Lei 7/1985, do 2 de abril).

7.- Alegación presentada por **D. Rafael Lage Veiga** en escrito de data 14/11/2007 (documento nº 70127228), que non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.i Lei 7/1985, do 2 de abril).

8.- Alegación presentada por **D. Ignacio Ojea Pérez** en escrito de data 20/11/2007 (documento nº 70129721) que non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.i Lei 7/1985, do 2 de abril).

9.- Alegación presentada por **D. Juan Ramón Comesaña Alén** en escrito de data 20/11/2007 (documento nº 70130190) que non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.i Lei 7/1985, do 2 de abril).

10.- Alegación presentada por **Dª Margarita Parajó Calvo** en escrito de data 20/11/2007 (documento nº 70130218), que non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.i Lei 7/1985, do 2 de abril).

11.- Alegación presentada por **D. Ramón Vázquez Martínez** en escrito de data 21/11/2007 (documento nº 70130417) que non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.i Lei 7/1985, do 2 de abril).

12.- Alegación presentada por **D. Ricardo Rodríguez Frieiro** en escrito de data 16/11/2007 (documento nº 701128749) que non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.i Lei 7/1985, do 2 de abril).

13.- Alegación presentada polos **capataces de dependencias municipais** de Desinfección, Electromecánicos, Mantemento de Cultura, Parque Móbil, Parques e Xardíns e Vías e Obras en escrito de data 20/11/2007 (documento nº 70130065) que non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.i Lei 7/1985, do 2 de abril).

14.- Alegación presentada pola **Sección Sindical de CC OO** en data 20/11/2007 (documento nº 70130061) que non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.i Lei 7/1985, do 2 de abril). Lémbrese que o proxecto de Orzamentos Municipais para o vindeiro exercicio económico 2008 foi obxecto de negociación colectiva co Comité de Persoal deste Concello ao abeiro do disposto nos artigos 37 e 38 da Lei 7/2007, do 12 de abril, tal e como consta nas actas das Mesas Xerais de Negociación realizadas en datas 13/09/2007, 25/09/2007, 04/10/2007, 05/10/2007 e 09/10/2007, sede onde deberon presentarse e negociarse as pretensións que agora se exercitan en vía de reclamación administrativa.

15.- Alegacións presentadas pola **Sección Sindical da UXT** en datas 15/11/2007 (documento nº 70128242), 20/11/2007 (documento nº 70130180) e 21/11/2007 (documento nº 70130547 e 70130545) que non se atopan encadradas en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.i Lei 7/1985, do 2 de abril). Lémbrese que o proxecto de Orzamentos Municipais para o vindeiro exercicio económico 2008 foi obxecto de negociación colectiva co Comité de Persoal deste Concello ao abeiro do disposto nos artigos 37

e 38 da Lei 7/2007, do 12 de abril, tal e como consta nas actas das Mesas Xerais de Negociación celebradas en datas 13/09/2007, 25/09/2007, 04/10/2007, 05/10/2007 e 09/10/2007, sede onde deberon presentarse e negociarse as pretensións que agora se exercitan en vía de reclamación administrativa.

En relación á alegación presentada en data 19/11/2007 (documento nº 70129431) pola propia Sección Sindical da UXT solicitando a recualificación da totalidade das prazas do corpo da Policía Local, con conseguente incremento retributivo, debe sinalarse que a Lei autonómica 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Policías Locais, diseña un novo sistema de estruturación e organización dos corpos de Policía Local nos concellos galegos, establecendo -entre outros aspectos- novas escalas e categorías, do xeito que de seguido se indica:

- Escala superior: Subgrupo A1 (antigo grupo A), comprende a categoría de Superintendente.
- Escala técnica: Subgrupo A1, (antigo grupo A), comprende as categorías de intendente principal e intendente.
- Escala executiva: subgrupo A2 (antigo grupo B), comprende as categorías de inspector principal e inspector.
- Escala básica: subgrupo C1 (antigo grupo C), comprende as categorías de oficial e policía.

A Disposición transitoria Primeira da devandita Lei recolle expresamente que **no prazo de 3 anos** dende a entrada en vigor da Lei os funcionarios dos corpos de Policía Local da escala básica, executiva, técnica e superior entenderanse clasificados unicamente para os **efectos retributivos** nos grupos C, B e A (actuais subgrupos C1, A2 e A1) sen que este feito poida supor necesariamente un incremento de gasto público nin modificación do cómputo anual das retribucións totais dos funcionarios desas escalas e categorías (apartado 1).

No apartado 4 da mesma Disposición se sinala que a clasificación dos funcionarios da Policía Local prevista na mesma levarase a efecto de modo que non supoña necesariamente incremento no cómputo conxunto das súas retribucións. Nestes casos percibirán o soldo base e os trienios correspondentes ao novo grupo de titulación, pero o exceso do grupo anterior deducirase das súas retribucións complementarias, preferentemente do concepto de produtividade, se o hai, referidas a 14 mensualidades ao cómputo anual, de forma que se perciban idénticas remuneracións globais respecto da situación anterior.

Da lectura do teor literal da Lei parece ben claro que existe un prazo de 3 anos para a realización da devandita integración no Concello de Vigo, a efectos retributivos pero sen que esta implique incremento de retribucións, polo menos unicamente os establecidos para os supostos de cambio de grupo (do antigo D ao C e do antigo C ao B); a propia Administración autonómica interpretou a Lei na "Conclusión da análise de diversos preceptos da Lei 4/2007" da que se deu conta na Comisión de Coordinación do 5 de novembro do 2007, e que foi remitida a todos os corpos de Policía Local dos concellos galegos. A tal efecto, e en execución da decisión que no seu momento se adopte, deberán ser realizadas as modificacións orzamentarias oportunas para efectuar a dita integración, previa avaliación do seu custe en

relación co incremento do soldo base e dos trienios, lembrándose que a data de hoxe na Unidade de Persoal non se ten recibido proposta algunha por parte da xefatura do Corpo en canto á citada integración, sendo competencia da mesma ex artigo 26.3 da lei.

16.- Alegación presentada polo **grupo de funcionarios/as** municipais encadrados no **subgrupo C1** (antigo grupo C), administrativos e xefes de negociado en escrito de data 20/11/2007 (documento nº 70129672, Amelia Aragunde Martínez e outros) en relación ao cumprimento dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local en data 30/05/2005 e 23/12/2005, da cal cabe sinalar que non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.i Lei 7/1985, do 2 de abril), sen prexuízo de que o Goberno Municipal decida revisar as negociacións no seu día efectuadas en relación aos procesos de adecuación retributiva acordados coa representación sindical dos traballadores. Como apunte, sinalar que o nivel máximo de complemento de destino ao cal legalmente pode acceder o subgrupo C1 (antigo grupo C) é o nivel 22, sendo competencia da Xunta de Goberno Local a determinación das retribucións do persoal municipal.

17.- Alegación presentada polo Sr. **Titular da Asesoría Xurídica** Municipal en escrito de data 20/11/2007 (documento nº 70130234) respecto da cal debe sinalarse que non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.i Lei 7/1985, do 2 de abril).

18.- Alegación presentada por **D. Xaquín Martínez Posada, D. Ricardo Estévez Sosín e D. Ramón Méndez Martínez** en escrito de data 20/11/2007 (documento nº 70129756) respecto da cal debe sinalarse que non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.i Lei 7/1985, do 2 de abril).

19.- Alegación presentada por **D. Ramón Fernández-Linares Bouza** en escrito de data 20/11/2007 (documento nº 70130171) respecto da cal debe sinalarse que non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.i Lei 7/1985, do 2 de abril).

Os escritos de alegacións presentadas contra o capítulo I dos orzamentos dos organismos autónomos foron remitidas aos mesmos para que sexan informadas polos correspondentes servizos, en atención á súa autonomía xurídica, económica e

organizativa.

Como conclusión, debe sinalarse que en estrita legalidade as alegacións presentadas deben ser desestimadas por non se atopar nos supostos legais ao efecto preceptuados, sen prexuízo daquelas emendas que o Goberno Municipal estime oportuno formular e someter a debate no Pleno do Concello en relación coas reivindicacións subxacentes nas mesmas."

Con data 11 de novembro de 2007, a concelleira delegado de Economía e Facenda, formula a seguinte proposta:

"O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria realizada o 30 de outubro de 2007, aprobou inicialmente o orzamento xeral da entidade e os seus organismos autónomos dependentes desta para o ano 2008.

En cumprimento do previsto nos arts. 169 e 170 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRHL), aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o expediente someteuse a exposición pública por un prazo de 15 días hábiles, publicándose no Boletín Oficial da Provincia núm. 212 do venres 2 de xaneiro e rematando o prazo de exposición o 20 de novembro.

No citado período, consonte á certificación do Rexistro Xeral, presentáronse polos interesados corenta e unha alegacións e reclamacións que forman parte da documentación que conforma o expediente do orzamento xeral para o ano 2008 e que están todas e cada unha delas resoltas, pronunciándose sobre a estimación ou desestimación das mesmas de acordo ós motivos que en cada caso se expresan nos informes que se achegan, dando así cumprimento ó previsto no art. 54 da Lei 30/1992. Todas as alegacións teñen sido resoltas de maneira xustificada, mesmo naqueles casos que a reclamación non está nalgún dos supostos previstos no TRLRFL como causas obxectivas para presentar alegación ou reclamación ó orzamento.

En canto á alegación presentada polo Sr. concelleiro de Participación Cidadá, non se resolve, xa que presentou o día 21 de novembro a retirada da mesma, quedando sen efecto a alegación presentada.

Non se cita en cada un dos apartados que conforman esta proposta para o Pleno o número de Rexistro Xeral que ten cada unha das alegacións, xa que as mesmas forman parte do expediente ademais a resposta que en cada caso motiva a estimación ou desestimación, vai unida á propia alegación que leva incorporado o número de Rexistro. Si se fai referencia en cada caso a quen a presenta e cal ou cales son os fundamentos da alegación presentada."

Polo exposto a concelleira delegada de Economía e Facenda emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, excepto no que se refire ó apartado q) do punto primeiro do devandito acordo.

Con data 12 de decembro, o interventor xeral emite o seguinte informe:

"Sendo as doce horas do día da data, pola Sr. Concelleira da Área de Economía e Facenda, se me entrega expediente relativo ó asunto referenciado, coa solicitude de que se emita informe ó mesmo, debendo estar este dispoñible no día da data polas razóns que se explican no escrito de remisión suscrito pola indicada Concelleira.

Ante a imposibilidade manifesta, dado o tempo dispoñible, para analizar o fondo de asunto, no presente informe nos limitamos a analizar determinados aspectos formais do expediente, dos cales extraemos as observacións que se reflicten a continuación, pero sen que en modo ningún isto puidera dar lugar a interpretar unha fiscalización de conformidade con respecto ó fondo do asunto, sinxelamente como se deixa exposto por non ser posible, en canto ó tempo dispoñible, de analizar tales aspectos substanciais ou de fondo.

Por isto e tendo en conta as circunstancias, condicionantes e limitacións expostos se emite o seguinte:

En primeiro lugar, queremos deixar constancia de que os prazos e condicións dos informes a emitir nos procedementos administrativos atópanse regulados con carácter xeral os artigos 82 e 83 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, preceptos aplicables o eido local.

Polo que se refire ós supostos e acordos nos que se require informe do Interventor contémpanse no artigo 173 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais. En canto ó exercicio da función interventora régúlase nos artigos 213 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Feitas as consideracións anteriores, formulamos, pois, as seguintes observacións en relación os aspectos formais do expediente:

1.- Polo que atinxe ás alegacións identificadas na proposta suscrita pola Concelleira Delegada de Economía e Facenda a) á n), ambas inclusive, e sen entrar no exame das alegacións propiamente ditas polas limitacións que vimos apuntando, da mera lectura da proposta subliñamos o seguinte:

- Polo que se refire á lexitimación, causas e prazos das alegacións remitímonos ó exposto na proposta, sen máis pronunciamentos polas circunstancias e limitacións que vimos reiterando.
- No concernente ós efectos orzamentarios das alegacións estimadas, tendo en conta o exposto na proposta de se tratar en todos os casos de alteracións cualitativas nas dotacións orzamentarias, iso non alteraría, segundo o exposto naquela, a preceptiva nivelación orzamentaria requirida pola normativa vixente.
- En canto ós motivos de desestimación de determinadas alegacións

referenciadas nos indicados apartados da proposta, baséanse na falta de lexitimación, falta de competencia para o caso de modificación de postos de traballo ou a motivos de prioridade de gastos o cal se insire na iniciativa de goberno.

2.- Polo que se refire ó conxunto das alegacións en materia de persoal (Capítulo I) contidos no punto o) da proposta da Concelleira, todas elas desestimadas, as causas de desestimación e a procedencia das propias reclamacións analízase nun informe que consta no expediente evacuado pola xefa da Unidade de Persoal, ó cal nos remitimos.

3.- Finalmente polo que se refire á “emenda” que figura no apartado p) da repetida proposta da Concelleira temos de subliñar o seguinte:

- En primeiro lugar, consideramos que se está a producir un erro procedementa e terminolóxico ó introducir unha emenda no expediente que se esta a informar. O expediente que se informa fai referencia ás alegacións e reclamacións formuladas durante o prazo de exposición pública dun acordo provisional, neste caso, do proxecto de orzamentos xerais para o ano 2008. *Unha emenda a teor do establecido no artigo 97.5 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais e: “la proposta de modificación de un ditame o proposición presentada por calquera membro, mediante escrito presentado ao Presidente antes de iniciarse la deliberación del asunto”.*

- En segundo lugar e polo que se refire ó contido da mencionada emenda, entendemos que resulta contradictoria coa argumentación xurídica do informe que figura no expediente (unidade de persoal) e tamén co propio fío argumental que nos aspectos xurídicos sustenta a propia proposta, en concreto, entre outros, respecto dos pronunciamentos que en canto ós órganos municipais competentes se conteñen dos apartados h) e i) da repetida proposta de acordo.

- En terceiro lugar, da análise do contido desta “emenda” despréndese a vontade de levar a cabo unha modificación das retribucións complementarias de determinados postos de traballo ademais da redominación dos mesmos. A tal efecto, temos que concluirá subliñando que non consta no expediente informe xurídico nin informe que aborde os aspectos técnico-organizativos emitido polas unidades e funcionarios que teñen atribuídas funcións relativas ós aspectos de organización administrativa municipal e xestión de recursos humanos, e isto sen prexuízo do exposto en anteriores informes emitidos nesta materia polo funcionario informante ós cales en todo caso nos remitimos, o exposto neste informe respecto das contradicións en canto a competencia dos órganos municipais que deben coñecer da materia segundo consta nos informes incluídos no expediente, pronunciamentos sobre os aspectos competenciais que este Interventor comparte e demais consideracións terminolóxicas e procedementais subliñadas en parágrafos anteriores.

Coas limitacións, condicionantes e circunstancias que se deixan expostos e que en todo caso determinan o alcance e consecuencias dos pronunciamentos feitos, sen prexuízo de que pola Corporación se estime a conveniencia de ampliación do

presente informe, subscribo o mesmo."

Por escrito de data 13 de decembro, a concelleira delegada de Economía e Facenda presenta escrito dando nova redacción ó apartado q) da súa proposta citada anteriormente.

Na mesma data o interventor xeral amplía o seu anterior informe do xeito que segue:

"Remítese a esta Intervención expediente relativo ó asunto referenciado con modificación do apartado q) da proposta inicialmente formulada no expediente e que foi obxecto de informe por parte do funcionario que subscribe no día de onte. Vista a modificación introducida informase o seguinte:

A xuízo do informante, coa modificación incorporada á proposta, introdúcese a congruencia xurídica necesaria no conxunto da proposición, compartíndose por esta Intervención Xeral o criterio de que o órgano competente para entender da aprobación da modificación ou establecemento de postos de traballo, a través da Relación de Postos de Traballo, é a Xunta de Goberno Local, segundo se establece no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, previas as motivacións e informes que se deixan indicados no informe inicial de esta dependencia."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 17 de decembro, ditamina na forma que figura na parte dispositiva deste acordo.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: O 28 de febreiro de 2005 foi a última vez que o Pleno da cidade de Vigo deu a aprobación definitiva a uns orzamentos nesta cidade. Tiveron que pasar tres longos anos para que a cidade de Vigo puidera volver contar cuns orzamentos que instaurasen a normalidade, a credibilidade, a esperanza, a ilusión e a confianza a todos os vigueses e viguesas. Tres anos de parálise, de estancamento dunha cidade nun momento no que o resto das grandes cidades medraban e se desenvolvían a unha velocidade de vertixe.

Os responsables do goberno da cidade nos últimos tres anos foron incapaces de sacar adiante un proxecto de cidade, uns orzamentos feitos dende os desexos dos cidadáns e para a mellora social e económica desta cidade.

Por iso hoxe é un día moi importante para a cidade de Vigo porque hoxe, neste Pleno, terá lugar a aprobación definitiva dos orzamentos para o ano 2008. Logo de tres anos a cidade por fin non só poderá contar cos orzamentos, senón que contará

cos mellores orzamentos que se poden propoñer para unha cidade que quere medrar, liderar o futuro, avanzar cara ó progreso, eliminar desigualdades entre cidadáns, mellorar as rúas dos barrios e parroquias absolutamente esquecidas, mellorar o benestar social, cultural, educativo, deportivo. Hoxe é un grande día para todos os vigueses e viguesas.

A través dos orzamentos este goberno comprométese a investir corenta millóns de euros na cidade no próximo ano 2008, unha cifra nunca acadada ata o día de hoxe. Investimentos de acadan todos os campos e necesidades da cidade, humanizacións en Teis, Bouzas, Beade, Balaídos, Avenida de Europa, Calvario, Casco Vello, mercados, turismo, cultura, educación, servizos municipais, auditorio, centros cívicos, benestar social, parques e xardíns, medio ambiente, saneamento no rural, alumeadado nas parroquias, transporte público.

Mediante todas as actuacións contempladas no orzamento non queda nin unha soa parroquia sen atender, nin un só barrio sen escoitar. O programa de inglés nas aulas, así como as becas para as estadías en Inglaterra, a extensión dos programas culturais, sociais e deportivos son unha clara aposta deste goberno pola mellora na calidade de vida e benestar dos nosos cidadáns que se conseguiu neste orzamento gracias á contención do gasto corrente en favor do investimento e do gasto social, o gasto para a xente, porque o obxectivo deste goberno sempre foi, dende o primeiro momento, que cada céntimo que se ingresase nas arcas municipais volvese de novo á cidade en forma de maior benestar, parques, humanizacións, cultura, deportes, educación, porque iso é o que a cidade nos demandaba cada vez que un vigués ou viguessa se achegaba a nós. Nós, como goberno, como representantes da cidade, estamos na obriga de lle dar á cidade o que a cidade nos demanda.

Nin os intentos baladís dos representantes da oposición, nin as súas argalladas para tentar dividir e fraccionar a este goberno utilizando descualificacións como alcalde sen peso político, vice-alcalde ou alcalde bis, impediron ou impedirán que este goberno traballe de xeito conxunto, como equipo que somos, para mellorar o futuro da nosa cidade.

Hoxe presentamos para a aprobación definitiva uns orzamentos que demostran a robustez deste goberno, feitos dende o compromiso e a responsabilidade. O feito de que no período de exposición pública unicamente se presentaran por parte de

colectivos sociais da cidade dúas alegacións é a máis clara mostra de que estes orzamentos están feitos para a cidade e contan coa aceptación e a aprobación social, poñendo de manifesto o bo traballo feito dende o goberno para elaborar uns orzamentos completamente adaptados ás necesidades sociais da nosa cidade.

Cabe subliñar ademais que as alegacións feitas non contemplan a realidade do orzamento presentado. Así a alegación presentada pola señora presidenta da Federación de Veciños Eduardo Chao debe desestimarse, dado que segundo a citada alegación só se contempla un investimento para barrios e parroquias por valor de 600.000 euros. Isto é radicalmente falso. Os investimentos en humanizacións en barrios e parroquias acadan os dez millóns de euros, ós que ademais hai que engadir os investimentos en saneamento, como Cabral e Candeán, parques e alamedas, como a de Beade, alumeados no rural, como na Estrada Vella de Madrid.

O orzamento para o ano 2008 contempla o maior volume de investimento xamais contemplado nun orzamento nesta cidade e son os barrios e parroquias os principais receptores destes investimentos. Acaso Teis, Bouzas ou Balaídos non son barrios da nosa cidade? Por iso de novo insisto en que é radicalmente falso que, cal como se afirma na alegación da Sra. presidenta da Federación de Veciños Eduardo Chao, o investimento para barrios e parroquias sexa só de 600.000 euros senón que a cifra real é máis de vinte veces superior.

No mesmo sentido se desestima a alegación presentada polo Sr. presidente da Asociación Veciñal Val do Frago, dado que consideramos que o investimento que se contempla para a zona de Balaídos mesmo superará ó solicitado pola dita asociación.

Por parte do propio goberno presentáronse tamén alegacións, algunhas delas de tipo técnico, e tamén para facer realidade cambios en servizos, actuacións ou investimentos propostos por este goberno. Así recolleemos no orzamento de cara á súa aprobación definitiva a aposta clara deste goberno pola Escola Municipal de Música Tradicional e Folk dentro do servizo de educación municipal. Do mesmo xeito, atendendo á necesidade do interese social que se vincula ás entidades deportivas de elite da cidade de Vigo, no orzamento se contemplan de forma nominativa subvencións correspondentes a estas entidades, tales como o equipo Bosco de baloncesto, Celta feminino e masculino de atletismo, Vigo Voleibol ou

ANFI Baloncesto Cadeira de Rodas.

Ademais tamén foi decisión deste goberno aumentar a dotación orzamentaria para a primeira fase do colexio alemán que pasa así acadar os 300.000 euros de investimento. Todos estes proxectos incorpóranse ós orzamentos para o ano 2008, quedando así reflectidos estes compromisos do goberno coa Escola de Música Tradicional, cos clubs e entidades sen ánimo de lucro e coa construción do complexo social e cultural colexio alemán.

O orzamento que imos aprobar definitivamente é o máis elevado da historia da cidade de Vigo e contempla o maior volume de investimentos. A eficiente xestión de todos estes recursos e gastos supón unha reestruturación en diferentes áreas e servizos, pero fundamentalmente na área de Servizos Xerais. Non debemos esquecer que esta área deberá xestionar a partir de xaneiro de 2008 un orzamento total de 70 millóns de euros, un terzo do orzamento total para a cidade. Nesta área están ademais centralizados a práctica totalidade de investimentos en humanizacións, saneamento, limpeza, parques, alumado, mantemento de beirarrúas, brigadas de distrito. Esta reorganización dos servizos reincorpórase tamén no orzamento para a súa aprobación definitiva.

As alegacións presentadas por seccións ou delegados sindicais en diferentes servizos, áreas ou persoal funcionario deste Concello, deben ser desestimadas por diferentes motivos tales como que o solicitado non é competencia do Pleno senón da Xunta de Goberno, non está contemplado no convenio vixente, considerar que as partidas orzamentarias afectadas xa están suficientemente dotadas ou xa existen acordos previos ratificados.

Finalmente a alegación presentada polo Sr. voceiro do Grupo municipal do Partido Popular tamén debe ser desestimada por se considerar como incongruente e de novo, o mesmo que as alegacións presentadas ás ordenanzas fiscais, feita de cara única e exclusivamente para a prensa pero sen ningún fundamento. Ademais resulta contraditoria co que o propio Partido Popular estivo facendo no tempo que estivo gobernando.

A alegación consiste na diminución de certas partidas que deixan á vista cal é a postura real do Partido Popular, dado que está a propoñer reducións en partidas como as de proxectos culturais, turismo, medio ambiente, educación. Esta é a aposta do Partido Popular, menos cultura, menos turismo, menos medio ambiente,

menos educación.

Debe decirse que o orzamento para o ano 2008 elaborouse tendo en conta o nivel de gasto executado en anos anteriores, nivel de gasto executado ata xuño deste ano e previsión de gastos necesarios para a mellora de determinados servizos.

Partiuse dunha análise das necesidades reais, acadouse diminuír o gasto voluntario en termos relativos en relación con orzamentos precedentes e por isto consideramos que as partidas que se solicita diminuír xa están dotadas na contía mínima necesaria. Comprobouse ademais que a dotación do orzamento para algunhas partidas que o PP propón diminuír, xa está contemplada neste orzamento mesmo por baixo do que realmente gastou o goberno do Partido Popular en cada un destes tres anos.

Tal é o caso das partidas de publicidade que están dotadas neste orzamento nunha contía que é case a metade da que realmente gastou o Partido Popular cando gobernou na cidade de Vigo. Basta con ver os datos de execución do orzamento dos últimos anos e as modificacións orzamentarias que foron necesarias para que o Partido Popular, cando estaba gobernando, autorizase máis gastos de publicidade de xeito que se chegou duplicar a cantidade que estaba inicialmente considerada nos seus propios orzamentos.

O Partido Popular está a propoñer a este goberno un orzamento nunhas contías que nin tan sequera o PP cando gobernou, non só foi incapaz de cumprir, senón que ademais incrementaron as que eles mesmos defenderon nos seus propios orzamentos. Consideramos que as partidas que o Partido Popular propón diminuír xa están dotadas minimamente, son necesarias para facer fronte ó bo funcionamento dos servizos xa existentes do Concello, así como de novos servizos que se van realizar ou novas actuacións deste goberno, pero tamén para realizar melloras en determinados servizos.

Tal é o caso do servizo da xestión de ingresos, que entre as súas funcións ten depurar padróns, eliminar duplicidades; servizo no que tamén o Partido Popular pretende que se diminúa o seu orzamento. Está clara tamén cal é a aposta do Partido Popular por mellorar a xestión dos recursos públicos.

Por outra banda o detalle dalgunha das baixas deixa de manifesto o pouco coñecemento que ten o que foi o anterior goberno para a estrutura dos orzamentos e as súas partidas. Así, propón diminución de partidas que afectan a compromisos

de gastos aprobados xa polo Pleno da Corporación, como é o caso dos canons á Autoridade Portuaria. Así mesmo está a propoñer certas modificacións en actuacións que levou a cabo o goberno do Partido Popular semellando que para ese partido cando gobernaba algunhas actuacións eran válidas pero cando está na oposición hai que ir contra delas.

O orzamento que se presenta hoxe para a súa aprobación é responsable e equilibrado, un orzamento investidor, con maior nivel de investimentos en humanizacións, en actuacións no edificio do Concello, en edificios públicos vinculados ó Concello nunca antes contemplados, recolle investimentos en absolutamente todas as áreas e importantes incrementos en gasto social en áreas como benestar, parques, limpeza, xuventude, transporte público, relacións cidadáns.

Neste orzamento ademais se contempla unha operación de endebedamento inferior á que se concertou no ano 2005 e á que se prevía concertar no ano 2007, pero cun volume de operacións de capital moi superior. O éxito deste orzamento está precisamente na racionalidade do gasto corrente e na eficiencia na xestión. Pero o máis importante, o orzamento que presenta este goberno para o ano 2008 é unha aposta clara pola cidade e pola súa xente.

A cidade de Vigo comeza unha nova etapa cun novo goberno responsable e cohesionado que presenta en prazo en forma uns orzamentos para a súa cidade cun único obxectivo: crear un novo modelo de cidade onde a meta a alcanzar é a eliminación de desigualdades e a mellora na calidade de vida e benestar de todos os vigueses e viguesas.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sorpréndenos que o Partido Popular non interveña inda que é moi lexítimo pero nós si o imos facer. Maxino que farán unha explicación de voto. Digo que non o entendo porque estamos diante do documento máis importante dunha lexislatura e gustaríame escoitar á oposición. Coido que os que formamos parte dun goberno temos que ter o máximo respecto á cidadanía e polo tanto tamén a unha formación política que ten acadado un número importante de votos, por iso que lamento que o partido Popular non entre no debate porque persoalmente me gustaría escoitalo, tamén para aprender da súa argumentación, por suposto.

Brevemente porque non se trata de repetir argumentacións que xa se deron na aprobación inicial nin tampouco de repetir os datos máis técnicos que con tanta claridade explicou a miña compañeira no goberno, a concelleira de Facenda. Pero coido que si é importante neste debate incidir na importancia do documento que hoxe traemos a aprobación porque é un documento onde se plasman sen lugar a dúbida as vontades políticas dun goberno e as intencións e as accións que ese goberno vai trasladar á cidadanía.

Para sermos didácticos e para que os vigueses e viguesas nos entendan perfectamente, trátase hoxe de tomar a decisión máis importante que pode tomar unha familia. Unha familia sabe os seus ingresos, o que gaña cada quen, calquera membro da familia, e en base a iso deciden en que van gastar eses recursos. Loxicamente teñen unhas prioridades: hai que comer, pagar luz, auga, hipoteca, etc., ese é o gasto obrigatorio, e logo co que lles queda é a familia quen decide en qué quere gastar, aí aparece o gasto voluntario.

Se xuntamos a cinco familias seguramente ningunha delas se vai poñer de acordo; si no gasto obrigatorio pero non no voluntario. Haberá familias que prefiran gozar dun mes de vacacións con eses cartos que lles quedan e haberá outras familias que prefiran investir en repoñer algún moble da súa vivenda, por exemplo.

Aquí está a importancia dun orzamento, na capacidade que un goberno ten para priorizar, para elixir que quere facer con eses recursos unha vez atendidas as necesidades imperiosas e obrigatorias. Aquí está a diferenza entre unha formación política e outra, entre unha familia e outra, e é que na prioridade de en que se queren investir eses recursos de todos os vigueses e viguesas está a diferenciación de en que unha formación política fai máis fincapé que outra.

O Partido Popular dicíanos na aprobación inicial que o orzamento que nós presentabamos era "calcado" ó que eles xa presentaran. Se iso é así, temos que nos congratular porque quere dicir que todos temos moi claro que se debe priorizar e cales son as demandas que un concello e un goberno ten que atender.

Hai uns anos tiven a oportunidade de ler un estudo que caeu nas miñas mans de tres autores, Parasuraman, Zeithaml e Berry, que fixeron un traballo moi bo de investigación para elixir aqueles determinantes que foran fundamentais para avaliar a calidade do servizo que se lle ofrece ós cidadáns. Logo de moita investigación, de escoitar a moitos cidadáns, fixeron un traballo que plasmaron e

dalgún xeito elixiron unha serie de determinantes da calidade dos servizos que as administracións lle prestan ós cidadáns.

Quero partir deste estudo para citar tamén algúns determinantes que me parecen fundamentais e que debe ter un orzamento, o documento político máis importante dunha lexislatura. Vou empezar dicindo que un orzamento ten que ser fiable para que permita facer ben as cousas, establecer a coherencia entre a xestión posterior dese orzamento e permita evitar os erros. Se queremos ser un goberno responsable non podemos dicir que xa solucionaremos os erros que veñan. Temos que presentar un programa, unha planificación que os evite. Por iso un orzamento debe ser sempre fiable.

Debe ser competente, ten que dar cobertura para que sexamos quen á hora de executar estes orzamentos de poñer á disposición dos cidadáns tanto os recursos humanos como materiais que sexan máis axeitados para levar adiante unha práctica política.

Un orzamento ten que ser un documento que teña capacidade de resposta. Hai moitas demandas que os cidadáns nos reclaman día a día, moitas cuestións que son de absoluta xustiza e que un goberno municipal, que coma este quere gobernar para a xente, ten que dar resposta. O orzamento ten que presentar claramente os instrumentos que poñemos a disposición de todos os servizos para que dean resposta a estas demandas.

Ten que se accesible, ten que ser entendible polos cidadáns, temos que ser quen de explicar e que o propio orzamento explique moi ben en primeiro lugar que é o que se dá prioridade, para que damos esa prioridade e por que iso e non outras cuestións.

Un orzamento ten que ser crible e isto significa que os cidadáns teñen que entender que os esforzos fiscais que lles pedimos, á hora de pagar as súas taxas e os seus impostos, están xustamente equilibrados co que lle imos aportar. Teñen que comprobar nun documento coma este a onde van destinados aqueles cartos que teñen que aportar para o funcionamento dun Concello.

Un orzamento ten que ser seguro, debe proxectar seguridade e confianza nos cidadáns. A seguridade e a confianza de que estamos a traballar nunha liña, cuns obxectivos, cunha planificación, non que facemos as cousas por routadas do momento, improvisadamente ou colocando parches. Un orzamento ten que dar

imaxe de futuro, de planificación. Por iso eu, no nome do BNG, na aprobación inicial facía tanto fincapé en que un orzamento ten que estar dalgún xeito en consonancia co aqueles programas electorais cos que nos presentamos diante da cidadanía.

Un orzamento ten que ser comprensivo, debemos facer a través deste documento que o cidadán entenda que o Concello sabe e entende cales son as necesidades da cidadanía. O que é máis importante: o orzamento tennos que axudar a que o cidadán comprenda que é o que queremos facer e que é o que estamos a deseñar.

Un orzamento ten que ser igualitario, cando lle expliquemos as contas o cidadán ten que percibir que todo o mundo é tratado por igual, cando tomamos decisións familiares os nosos fillos e as nosas fillas se teñen que sentir dentro dunha familia na que non hai diferencias. Pois a cidadanía ten que sentir iso exactamente igual a través do documento máis importante que é o orzamento.

Unha igualdade no orzamento que ten que avanzar, queiramos ou non, cara á equidade en sectores, equidade xeográfica dentro da nosa cidade, social, cultural, etc.

E un orzamento ten que ser honrado, temos que ser quen de lle transmitir á cidadanía que non utilizamos os seus recursos en beneficio propio, senón que os utilizamos para defender todos os intereses dos homes e mulleres que compoñen esta cidade.

O Bloque Nacionalista Galego, como parte deste goberno, ten analizado profunda e reflexivamente este orzamento unha vez que o confeccionamos entre o goberno, pechámolo, emitíronse todos e cada un dos informes e limos todas e cada unha das alegacións presentadas. Logo desta reflexión chegamos á seguinte conclusión: cremos que este orzamento que hoxe presentamos a aprobación é fiable, establece claramente a coherencia entre a xestión dos recursos e a posta en práctica das distintas liñas de actuación. É un documento e un orzamento equilibrado.

Estamos convencidos de que é un orzamento competente porque vai permitir poñer en marcha políticas de calidade nos servizos e ademais está claro e contemplado nos orzamentos que achegamos os recursos necesarios para que se logre.

Cremos que este orzamento ten capacidade de resposta, cremos que vai dar resposta ás demandas históricas dos nosos barrios, parroquias, dos mozos e mozas, dos deportistas, dos nosos maiores, en definitiva ás demandas históricas que durante moito tempo non se viñan atendendo.

Creemos que é un orzamento accesible porque cremos que está moi claro que é ao que damos prioridade: o gasto social, o gasto que vai destinado ás persoas porque queremos elevar a calidade de vida dos vigueses e viguesas para ir camiñando a que Vigo acade o maior estado do benestar. Hai uns días a voceira do partido Popular dicía que este goberno en seis meses non fixo nin unha soa obra. Aquí está a diferenza das prioridades, nós damos prioridade ás persoas, á súa calidade de vida; non damos prioridade ás obras, o cemento que queda para o escaparate.

Coidamos que este é un orzamento crible, aumentamos os investimentos, non aumentamos o esforzo fiscal dos cidadáns, mantemos o IPC; presentamos programas claros. É un orzamento igualitario, trata de igual xeito as demandas dos deportistas, dos mozos, dos sectores culturais, dos barrios e parroquias, das infraestruturas necesarias.

En definitiva o Bloque Nacionalista Galego e este goberno van dar apoio a un orzamento que ten moi claro que dá prioridade por riba de todo á cidadanía; temos moi claro que é o mellor orzamento que se podía presentar e así ademais o corrobora o propio Partido Popular presentando unha emenda que non aporta absolutamente nada novo a este orzamento. É lóxico que así sexa logo de que nin sequera teñan a ben participar nun debate tan importante coma este.

Este é o primeiro paso, a aprobación. Hai un segundo paso que é a xestión que este goberno ten que facer deste orzamento, a posta en práctica deste documento que é onde se van concretar as liñas de actuación que queremos. Pídlle á oposición que nos acompañe á hora de poñer en práctica esa xestión do orzamento dende a función e a responsabilidade que teñen coma oposición. Que nos reclamen cando nos desviemos do que propoñemos no orzamento; que nos critiquen cando esas liñas de xestión non sexan as máis axeitadas. Pero tamén lle pido á oposición que colabore para poñer en práctica a prioridade da cidadanía por riba de todo o demais.

O orzamento é un documento, non é máis que un instrumento, pero é o instrumento máis importante para facer unha cidade mellor. Creemos que este orzamento así o vai conseguir pero non o imos conseguir o goberno nin esta Corporación; conseguíremolo se somos quen os vinteseite que hoxe estamos aquí de traer e acompañar á cidadanía connosco.

(Está ausente o Sr. Guerra Fernández).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez, acórdase:

Primeiro.- Estimar ou desestimar as alegacións presentadas como se indica a seguir:

- a) Estimar a alegación realizada pola Sra. Concelleira de Educación e Presidenta da Xunta Reitora do Organismo Autónomo Escola de Artes e Oficios por non representar gasto adicional, cualificándose a mesma de cualitativa, estando a alegación equilibrada entre as orixes e as aplicacións, producindo a mesma os efectos solicitados tanto no orzamento da Entidade Local coma no Organismo Autónomo.
- b) Desestimar a alegación presentada por D. César Comesaña Lago, Secretario da Sección Sindical da CIG en relación co Plan de renove da flota do Parque de Servizos, por considerar ca dotación que se efectúa é a máis importante dos últimos 10 anos e permite a renovación nun escenario temporal de medio prazo.
- c) Desestimar a alegación presentada polos Delegados Sindicais da CIG do Servizo de Bombeiros, por non proceder a actualización do IPC do convenio suscrito con UNESPA, xa que esta condición é aplicable a partir do un de xaneiro de 2010, e non do ano 2008 como se formula, é dicir, a revisión é ó cabo de 5 anos e non de 3 a partir da firma do convenio, achégase unha copia do convenio suscrito e en vigor.
- d) Estimar a alegación presentada polo Sr. Concelleiro Delegado de Deportes, por se tratar dun separado da partida 4521.4890000 subvencións a clubs e entidades sen ánimo de lucro, en distintas partidas como subvencións nominativas, non representando a súa proposta incremento ningún de gasto nin sequera alteración de capítulos orzamentarios, e por outra banda a alegación presentada aporta maior especificación orzamentaria.
- e) Estimar a alegación presentada polos Sres. voceiros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e do BNG, relativa ó incremento dun proxecto de gastos no programa 4631, mediante minoración doutros proxectos que conforman a relación de investimentos que forman parte do documento orzamentario. A alegación está equilibrada, é de tipo cualitativa e ademais non altera os capítulos orzamentarios do orzamento inicialmente aprobado. O proxecto que é obxecto de aumento na

dotación orzamentaria é a primeira fase do Colexio Alemán. O corpo da alegación expresa cales son os proxectos que son obxecto de baixa e o que recibe as aplicacións.

f) Desestimar a alegación presentada polo Secretario de Organización da Sección Sindical da UXT, relativa á transformación de dotacións de asistencias técnicas por persoal propio, é dicir, capítulo II por capítulo I, no orzamento do OA Xerencia Municipal de Urbanismo. A desestimación está fundamentada no informe que figura no expediente, no que basicamente ponse de manifesto que as citadas dotacións teñen como finalidade facer fronte a gastos de carácter puntual como é o caso do PXOM, Plan do Ensanche e outros, que unha vez rematados e entregados, o gasto xa non se volverá presupostar nas mesmas partidas. No caso de que os traballos puntuais se fixesen mediante aumentos do cadro de persoal, o gasto consolidarase, o que suporía unha ineficiencia na xestión dos recursos públicos e uns incrementos do capítulo I innecesarios.

g) Estimar a reclamación feita pola sección sindical do SICO, CIG, UXT e CCOO, relativo a un erro material, debendo figurar no cadro de persoal da Xerencia Municipal de Urbanismo a praza coa denominación de programador-operador informático, grupo C1 (antigo C) e non no grupo D como figura. A dotación orzamentaria está calculada para o grupo C1, polo tanto non supón incremento ningún no orzamento e tan só unha modificación no cadro de persoal.

h) Desestimar a reclamación feita pola Sección Sindical da UXT, relativa á transformación das xefaturas de negociado en xefaturas de oficina na Xerencia Municipal de Urbanismo, por non corresponder esta alegación con aspectos do cadro de persoal e si coa Relación de Postos de Traballo, sendo a súa vez a aprobación desta unha competencia da Xunta de Goberno Local tal e como prevé o art. 127.1.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local. Ademais do anterior, a desestimación tamén ten o seu fundamento xurídico, en que a mesma non se atopa nos supostos taxados no art. 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

i) Desestimar a alegación feita pola Sección Sindical da UXT e da CIG en relación co incremento retributivo do posto de Director da área dos servizos Centrais, por non corresponder esta alegación con aspectos do cadro de persoal e si coa Relación de Postos de Traballo, sendo a súa vez a aprobación desta unha competencia da Xunta de Goberno Local tal e como prevé o art. 127.1.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local. Ademais do anterior, a desestimación tamén ten o seu fundamento xurídico, en que a mesma non se atopa nos supostos taxados no art. 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo. Pero ademais, a valoración do posto faise por equiparación ó resto das direccións de área do Organismo Autónomo tal e como queda acreditado no informe que forma parte do expediente de alegacións.

l) Desestimar a alegación feita polo titular da Asesoría Xurídica, relativa á solicitude dunha dotación orzamentaria para facer fronte a gastos de reparación da oficina e para a adquisición de mobiliario. A xustificación da desestimación ten distintas liñas, pero basicamente fundaméntase na existencia no programa

funcional de Administración Xeral dunha dotación orzamentaria para facer fronte ó mantemento do edificio e ás súas obras de reparación, xa que o edificio institucional o conforman todas as unidades administrativas que se sitúan no mesmo. Non existe polo tanto, agás que se trate dunha obra de investimento importante, partida específica para ningunha área. En consecuencia, dentro das dotacións orzamentarias que figuran no programa 1210, acometeranse todas aquelas obras que se consideren necesarias, sempre tendo en conta un orde de prioridades e a suficiencia dos créditos. Outro tanto sucede co mobiliario, a xestión da partida está centralizada en Patrimonio, polo que as solicitudes deberán dirixirse a esa unidade. Igual que no resto das alegacións, a fundamentación da desestimación atópase no expediente administrativo.

m) Desestimar a alegación presentada polo Sr. Presidente da Asociación Veciñal Val do Frago e polo tanto clarexar a súa petición, relativa á insuficiencia das dotacións orzamentarias para a Humanización do ámbito de Balaídos, xa que considera que sería necesaria unha dotación de 1.000.000 de euros. A contestación á citada alegación, pon de manifesto que o investimento previsto para a zona de Balaídos é moito maior, do que propón a Asociación Veciñal, xa que as actuacións de humanización da Zona non só van estar a cargo dos orzamentos Xerais do Concello, senón tamén da Xunta de Galicia coas obras de humanización da rúa Florida e Castrelos. Así mesmo, no convenio marco que se pretende asinar coa Deputación de Pontevedra, incorporouse a Avda. Portanet por un importe de 1.000.000 euros. En consecuencia, desestímase por estar xa formulado un investimento superior co que se propón.

n) Desestimar a alegación presentada pola Sra. Presidenta da Federación de Veciños Eduardo Chao, na que solicita unha relación de investimentos en torno a 44 millóns de euros e considera que só hai dotados 603.936,55 euros para humanizacións en Barrios e Parroquias. Débese clarexar como xa se fixo na Memoria que fixo o Sr. Alcalde ó orzamento, que os investimentos presupostados afectan a todo o territorio, pero de xeito moi especial ós barrios e as parroquias, zonas que foron desatendidas nos últimos anos ou tratadas desfavorablemente en relación co centro. O orzamento aprobado inicialmente e que se presenta para a súa aprobación definitiva, ten previsto algo máis de 38 millóns de euros para operacións de capital, dos que máis de 10 millóns corresponden a humanizacións e melloras nos diferentes barrios e parroquias da cidade como Teis, Bouzas, Avda. de Europa, Calvario, Balaídos, Casco Vello, Zona de POVISA, alumeados no rural e diversas actuacións en beirarrúas, ós que hai que engadir os investimentos contemplados para o saneamento no rural ou os parques e xardíns das parroquias da nosa cidade. Neste orzamento contéplase o maior volume inversor en barrios e parroquias de calquera orzamento presentado nestes últimos anos. Podemos entender que sempre se poden considerar insuficientes as dotacións, pero os recursos son limitados, pero tamén temos claro que estamos ante un orzamento netamente inversor, onde non hai trato desfavorable para ninguén e que no futuro, seguiremos traballando nesta liña e non só cos recursos municipais, senón xestionando máis axudas ou investimentos directos ante outras Administracións como se fixo este ano para a zona de Florida e Castrelos.

ñ) Desestimar a alegación que presenta o Sr. Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, xa que o orzamento para o ano 2008 elaborouse tendo en conta o

índice de gastos executados en anos anteriores así como as previsións necesarias para a mellora de determinados servizos. Non entanto o anterior, no proceso de elaboración do orzamento xeral, tivéronse en conta as necesidades reais e como resultado diminuíse o gasto voluntario en termos relativos en relación con anos precedentes. Consideramos que as partidas que se solicita diminuír xa están dotadas na contía mínima necesaria para facer fronte ó bo funcionamento dos servizos, de novas prestación que se van a realizar e prestar, ou de novas actuacións de este goberno, pero tamén para realizar melloras en determinados servizos como a xestión de ingresos, non procedendo por isto a súa minoración na dotación que se propón, xa que para poder aumentar os ingresos municipais, hai que ir polo camiño da mellora na xestión, incorporando novos obxectos tributarios e non por aumentar a presión fiscal. En consideración con iso, a mellora na xestión de ingresos require dispoñer de maiores recursos para depuración de padróns tributarios, para a Inspección, etc. Por outra banda, o detalle dalgunha das baixas, afecta mesmo a compromisos de gastos aprobados xa polo Pleno da Corporación como é o caso dos cánones que anualmente se deben de pagar á Autoridade Portuaria por ocupación de solo propiedade deste organismo e que en moitos casos se deixaron de pagar en anos anteriores. Resulta sorprendente que se propoña diminuír algunhas dotacións para destinar a outras de tipo inversor, cando estamos ante o orzamento co maior índice inversor dos últimos anos e ademais co menor nivel de endebedamento, tanto en relación co ano 2005, como do proxecto orzamentario que se levou ó Pleno para o ano 2007. Estamos ante un orzamento onde os recursos propios representan case un terzo das operacións de capital, isto pon de manifesto, que hai unha racionalidade no gasto corrente, dando prioridade aos investimentos sobre outro tipo de gastos. En consecuencia con todo o anterior, propoñemos desestimar a alegación presentada polo voceiro de Grupo Municipal do Partido Popular, por non ser posible reducir algunha das partidas propostas, pero basicamente por considerar que as mesmas están xa estudadas e valoradas en termos de mínimos e ós estados de execución do orzamento nos remitimos.

o) Desestimar a alegación presentada pola Confederación Intersindical Galega (CIG), relativa a deixar sen efecto a amortización de dúas prazas que se produce no Capítulo I do Orzamento de Gastos do Organismo Autónomo Parque das Ciencias Vigo Zoo para o ano 2008. Unha delas (a de auxiliar administrativo) trátase dunha extinción automática, xa que así estaba previsto cando se creou unha nova praza de administrativo, polo que unha vez cuberto o posto, a praza de auxiliar administrativo debe ser amortizada, en caso contrario, produciríase unha duplicidade. En canto á de oficial-coidador, a alegación non contén ningún motivo ou argumento que xustifique dita petición e que supoña variar o acordo do 28 de setembro do Consello de Administración de VigoZoo polo que se aprobou inicialmente o Orzamento deste Organismo para o ano 2008. Pero a motivación fundamental, está en que o Organismo Autónomo vai encargarse un estudo sobre as necesidades reais de medios en función das prestacións que desenvolve, por esta razón, en tanto non se teñan os datos relativos as necesidades a cubrir, se fose o caso, non se vai adoptar decisión ningunha en relación co cadro de persoal. O mesmo criterio se segue para a transformación da praza de auxiliar administrativo que se propón. Debe ser polo tanto unha vontade de todos, xestionar os recursos públicos coa máxima eficiencia, de aí, que as decisións que afecten ós mesmos, deben ser tomadas tendo en conta as necesidades reais, tanto dos servizos que presta o Concello de forma centralizada como os que fai a través de órganos

desconcentrados como e o caso do Organismo Autónomo Parque das Ciencias Vigo Zoo.

p) Desestimar as alegacións en materia de persoal presentadas por D^a Concepción Rodríguez Garrido, D^a Avelina Santiso Gil (dúas), D^a Berta Sala Ríos, D^a M^a Luisa Sobrino del Río, D. Ramón Méndez Martínez, D. Javier Pinal Falque, D. Rafael Lage Veiga, D. Ignacio Ojea Pérez, D. Juan Ramón Comesaña Alén, D^a Margarita Parajó Calvo, D. Ramón Vázquez Martínez, D. Ricardo Rodríguez Frieiro, os capataces dos servizos municipais de Desinfección, Electromecánicos, Mantemento de Cultura, Parque Móbil, Parques e Xardíns, Vías e Obras que se identifica co documento 70130065, a presentada pola sección Sindical de CC.OO, as presentadas pola sección Sindical da UXT (dúas), as presentadas polos funcionarios encadrados no Grupo C1 (antigo C), a presentada polo Titular da Asesoría Xurídica, a presentada por D. Xaquín Martínez Posada, D. Ricardo Estévez Sosín, D. Ramón Méndez Martí, a presentada por D. Ramón Fernández-Linares Bouza, polas causas que figuran no informe da Xefa da Unidade de Persoal do 27 de novembro, por non se atopar nos supostos legais previstos no art. 170 do TRLRFL, sendo estas alegacións materia da Relación de Postos de Traballo e non do cadro de persoal.

q) Estimar a emenda-alegación feita polo Sr. Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal. En relación co anterior, tendo en conta que a competencia para aprobar a Relación de Postos de Traballo (RPT) e as súas modificacións está residenciada na Xunta de Goberno Local, e para que no futuro este órgano poida adoptar os acordos que crea conveniente en relación coa RPT e máis concretamente en relación con esta alegación, se modifican as dotacións previstas no proxecto de orzamentos, diminuíndo a partida 1210.1500000 en 95.296,17 euros, quedando a súa dotación definitiva en 311.292,35 euros, e a partida 3131.161.0302, Complemento de Pensións en 13.000 euros, sendo a súa dotación definitiva 7.000 euros. En canto as aplicacións de fondos para facer fronte á modificación da RPT e á creación da praza de Técnico de Xestión, Grupo B, Escala de Administración Especial, servizos especiais, que figura na devandita alegación, afecta ás partidas e importes que figuran no ANEXO que se achega, que forma parte inseparable deste acordo, sendo as orixes e aplicacións polo mesmo importe, 102.296,17 euros, estando polo tanto equilibrada a alegación presentada co seguinte contido, e que reproducimos. (1) Modificar o nome do posto de Xefe de servizo de Sanidade, Consumo, Medio Ambiente e Cemiterios polo de Xefe de Servizo de Laboratorio, Sanidade, Consumo, Medio Ambiente e Cemiterios, xa que non ten incidencia presupostaria. (3) Transformar o posto de Xefe de Servizos de Electromecánicos, Grupo A, CD 26, CE 8, no posto de Xefe de Área Servizos Xerais adscrito presupostariamente o programa de Vías e Obras, Grupo A, CD 28 e CE 63. A xustificación na creación deste posto é a necesidade de coordinar os os servizos externos de Montes, Parques e Xardíns, Electromecánicos, Limpeza e Recollida do Lixo, Abastecemento e Saneamento por un só técnico. Esta coordinación na dirección dos servizos de referencia xa se ven producindo de feito nos últimos anos, sendo obrigatorio que todas as decisións que se adopten, así como todos os expedientes que se tramiten, leven a conformidade do Xefe da área, e polo tanto, a alegación o que fai é plasmar no orzamento o que xa se ven executando dende hai anos. (10) Transformar un posto de Oficial de Limpeza, Grupo D, CD 16 e CE 162, adscrito ó servizo de limpeza, nun posto de Xefe de Quenda de Limpeza, Grupo D, CD 18 e CE 143, sendo a súa xustificación a equiparación co mesmo posto de Xefe

de quenda nocturno. (11) Transformar o posto de Oficial de Xestión de Base de Datos, Grupo D, CD 18 e CE 149, pasa a CE 249, sendo a súa xustificación a que figura no informe que se adxunta o expediente. (2) Corrixir o erro no posto de Xefe do Servizo de Turismo e Comercio, xa que non coincide co previsto no apartado 4 das Instrucións do cadro de persoal subscritas pola Alcaldía en data 15 de outubro, xa que o CD do posto é o 26 e non o 25. (16) Ademais, tamén en relación co mesmo posto, transformar o CE 11 no CE 8, pola súa equiparación con outros postos de Xefatura ocupados por Grupos B e que ademais ten a súa motivación técnica no informe que forma parte de expediente. (4) Crear un posto de Técnico Medio de Xestión, Grupo B, Escala Administración Especial, Servizos especiais, coa denominación de Xefe de Unidade e Control de Cartas de Servizos, con CD 26 e CE 7, sendo a súa xustificación a implantación das cartas de servizos no ámbito da Entidade Local, e que teñen como finalidade a mellora das prestación de servizos ós cidadáns, avaliación dos mesmos e cuantificar a calidade coa que se prestan e nivel de satisfacción dos usuarios. (6) Modificar a denominación do posto de Xefe de Unidade Control de Concesionarias, pola de Xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais, adscrita presupostariamente a Vías e Obras. (8) Transformar a denominación do servizo 440 que pasa denominarse Área de Servizos Xerais, inda que isto non ten repercusión orzamentaria, manténdose os mesmos programas funcionais de gastos (4324, 4326, 4410, 4420 e 5110), tendo unicamente repercusión na estrutura organizativa interna. (5) Modificar o CD do posto de Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, que pasa do CD 27 o 26 e o CE do 7 o 11, e que pode ser cuberto por un Grupo A ou B. (9) Modificar a denominación do posto de Enxeñeiro Técnico de montes polo de Enxeñeiro de Montes, que ten un CD 25 e CE 17, pasa a un CD 26 e CE 7. (13) Transformar un posto de Auxiliar adscrito á Alcaldía, réxime laboral Grupo D, CD 18 e CE 159 nun grupo D, CD 16 e CE 166 e adscribilo a oficina de Vías e Obras, e un posto de auxiliar administrativo vacante no Servizo 112, Organización, Grupo D, CD 16 e Ce 166 nun posto de auxiliar de Alcaldía, condición de funcionario, Grupo D, CD 18 e CE 159 no Gabinete da Alcaldía, para dar cumprimento á Resolución de data 5 de novembro de 2007. (17) Modificar o CE do Servizo de Animación Socio-Cultural, que pasa do CE 11 o CE 8, sendo a súa motivación a equiparación cos postos de Xefatura ocupados polos Grupos B, ademais do informe de motivación que figura no expediente. (7) Transformar o posto de administrativo do Servizo de Electromecánicos CD 18 e CE 56, en Xefatura de Negociado con CD 20 e CE 39, pasando a ser esta unha Xefatura de Negociado de toda a área de servizos externos que abrangue a Electromecánicos, Montes, Parques e Xardíns, Limpeza e Recollida do Lixo, Saneamento e Abastecemento e Vías e Obras. (18) Modificar o complemento específico do posto de Xefe do Servizo de Cultura que pasa do CE 11 a un CE 8 por equiparación coa Xefatura de Animación Sociocultural e co servizo de Turismo e Comercio. (19) Corrixir o erro no específico do posto de Adxunto á Dirección de Ingresos, con un CD 18 cando o correcto e un CD 14. (14) Modificar o posto de Oficial de Extinción de Incendios de acordo coa estrutura administrativa e de acordo co contemplado no Regulamento de Bombeiros aprobado polo acordo plenario da sesión do 29 de xuño de 1998. As funcións de Subxefe son as previstas no precitado Regulamento e supoñen a responsabilidade en todos os asuntos operativos e de intervención, persoal, contratacións, formación, etc. Ademais do previsto, a motivación para a valoración do posto faise por equiparación na responsabilidade co posto de Subxefe da Policía e ademais por ser o posto que ten a presenza física na primeira toma de decisións ante calquera acción ou actuación

do Corpo de Bombeiros. A devandita modificación do posto supón valorar o mesmo de acordo co posto do Subxefe da Policía Local, pasando de un CE11 a un CE 86, modificando o nome do posto, que pasa denominarse Subxefe do Servizo de Extinción de Incendios. As xustificacións dos cambios que figuran neste apartado, figuran no expediente de alegacións.

Segundo.- Corrixir o erro que se produciu no programa presupostario 4324 o non dotar o compromiso económico coa Axencia Intermunicipal da Enerxía por un importe de 33.886 euros. Para subsanar o mesmo, créase a partida 4324.4890000 e dótase cun importe de 33.886 euros, que supón o compromiso do ano 2008. A orixe dos fondos será mediante diminución da partida 4324.2270600 por un importe de 20.000 euros e da 4324.2130001 por 13.886 euros.

Terceiro.- Modificar o nome do programa 1217, Proceso de Datos, para pasar a denominarse Tecnoloxías da Información e das Comunicacions, o que supón unha adaptación ós novos cometidos da área funcional

Cuarto.- Aprobar definitivamente, tendo en conta a resolución das alegacións presentadas, o orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2008, integrado por:

- orzamento da Entidade Local.
- orzamento do OO.AA. Instituto Municipal do Deportes.
- orzamento do OO.AA. Escola Municipal de Artes e Oficios.
- orzamento do OO.AA. Xerencia Municipal de Urbanismo.
- orzamento do OO.AA. Parque das Ciencias Vigo-Zoo

Quinto.- Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e ós seus Organismos Autónomos, coa salvidade das Bases específicas que se aproben para a Xerencia Municipal de Urbanismo.

Sexto.- Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Sétimo.- Aprobar o cadro de persoal da Entidade Local e dous seus Organismos Autónomos Administrativos relacionados no apartado s) así como as súas instrucións e demais. documentación complementaria.

Oitavo.- En cumprimento do preceptuado no art. 169 do TRLRHL, o orzamento Xeral, definitivamente aprobado, será inserido no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran.

Noveno.- Do orzamento Xeral definitivamente aprobado, remitirase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. A remisión realizarase

simultaneamente ó envío o Boletín Oficial a que se refire o apartado anterior.

Décimo.- O orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma prevista no artigo precitado.

Décimo primeiro.- De acordo ó previsto no art. 171 do TRLRHL, contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición. A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola Corporación Municipal.

ANEXO Ó QUE SE REFIRE O APARTADO q) DO PUNTO PRIMEIRO

partida func.	Datos	Total aprob.inicial	total con emenda	Dif: aprob.inicial-definit
111.0	120- básicas funcionarios	181.689,12 €	189.990,43 €	8.301,31 €
	121- complem funcionar.	214.202,18 €	228.543,88 €	14.341,70 €
	130- persoal laboral	97.351,87 €	72.480,54 €	-24.871,33 €
	110- Persoal eventual	631.791,23 €	631.791,23 €	0,00 €
	160- Seguridade Social	337.212,14 €	336.467,16 €	-744,98 €
	TOTAL PARTIDA 111.0	1.462.246,54 €	1.459.273,24 €	-2.973,30 €
111.2	120_ básicas funcionarios	25.122,52 €	14.228,93 €	-10.893,59 €
	121_ complemen funcionar.	33.783,75 €	21.383,27 €	-12.400,48 €
	130_ persoal laboral	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	110_ persoal eventual	307.666,27 €	307.666,27 €	0,00 €
	160_ Seguridade Social	100.802,49 €	94.641,21 €	-6.161,28 €
	TOTAL PARTIDA 111.2	467.375,03 €	437.919,68 €	-29.455,35 €
121.0	120_ básicas funcionarios	604.143,71 €	594.355,41 €	-9.788,30 €
	121_ complemen funcionar.	997.715,79 €	984.752,21 €	-12.963,58 €
	130_ persoal laboral	107.903,57 €	107.903,57 €	0,00 €
	110_ persoal eventual	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	160_ Seguridade Social	450.000,27 €	442.686,27 €	-7.314,00 €
	TOTAL PARTIDA 121,0	2.159.763,34 €	2.129.697,46 €	-30.065,88 €
121.2	120_ básicas funcionarios	346.117,85 €	346.117,85 €	0,00 €
	121_ complemen funcionar.	455.808,17 €	455.808,17 €	0,00 €
	130_ persoal laboral	1.625.788,49 €	1.625.788,49 €	0,00 €
	110_ persoal eventual	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	160_ Seguridade Social	862.120,87 €	861.968,25 €	-152,62 €
	TOTAL PARTIDA 121,2	3.289.835,38 €	3.289.682,76 €	-152,62 €
222.1	120_ básicas funcionarios	1.397.694,26 €	1.397.694,26 €	0,00 €
	121_ complemen funcionar.	2.257.784,78 €	2.268.070,42 €	10.285,64 €
	130_ persoal laboral	51.771,84 €	51.771,84 €	0,00 €
	110_ persoal eventual	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	160_ Seguridade Social	1.178.019,85 €	1.178.019,85 €	0,00 €
	TOTAL PARTIDA 222,1	4.885.270,73 €	4.895.556,37 €	10.285,64 €
222.2	120_ básicas funcionarios	3.907.445,23 €	3.901.503,03 €	-5.942,20 €
	121_ complemen funcionar.	5.437.520,41 €	5.437.520,41 €	0,00 €
	130_ persoal laboral	0,00 €	0,00 €	0,00 €

partida func.	Datos	Total aprob.inicial	total con emenda	Dif: aprob.inicial-definit
	110_persoal eventual	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	160_Seguridade Social	3.045.202,05 €	3.042.728,02 €	-2.474,03 €
	TOTAL PARTIDA 222,2	12.390.167,69 €	12.381.751,46 €	-8.416,23 €
432.0	120_básicas funcionarios	773.208,34 €	773.208,34 €	0,00 €
	121_complemen funcionar.	1.128.996,01 €	1.128.996,01 €	0,00 €
	130_persoal laboral	157.060,20 €	157.060,20 €	0,00 €
	110_persoal eventual	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	160_Seguridade Social	570.623,86 €	571.954,34 €	1.330,48 €
	TOTAL PARTIDA 432,0	2.629.888,41 €	2.631.218,89 €	1.330,48 €
432.1	120_básicas funcionarios	19.078,53 €	0,00 €	-19.078,53 €
	121_complemen funcionar.	32.110,46 €	0,00 €	-32.110,46 €
	130_persoal laboral	118.905,61 €	70.355,63 €	-48.549,98 €
	110_persoal eventual	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	160_Seguridade Social	52.883,99 €	25.899,73 €	-26.984,26 €
	TOTAL PARTIDA 432,1	222.978,59 €	96.255,36 €	-126.723,23 €
432.4	120_básicas funcionarios	165.723,46 €	135.574,41 €	-30.149,05 €
	121_complemen funcionar.	218.970,45 €	177.242,43 €	-41.728,02 €
	130_persoal laboral	224.061,18 €	226.615,54 €	2.554,36 €
	110_persoal eventual	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	160_Seguridade Social	205.958,38 €	189.367,76 €	-16.590,62 €
	TOTAL PARTIDA 432,4	814.713,47 €	728.800,14 €	-85.913,33 €
432.6	120_básicas funcionarios	197.859,73 €	197.859,73 €	0,00 €
	121_complemen funcionar.	257.929,84 €	262.182,87 €	4.253,03 €
	130_persoal laboral	673.960,64 €	673.960,64 €	0,00 €
	110_persoal eventual	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	160_Seguridade Social	408.844,06 €	408.844,06 €	0,00 €
	TOTAL PARTIDA 432,6	1.538.594,27 €	1.542.847,30 €	4.253,03 €
442.0	120_básicas funcionarios	90.551,12 €	90.551,12 €	0,00 €
	121_complemen funcionar.	126.818,14 €	126.818,14 €	0,00 €
	130_persoal laboral	179.871,78 €	182.884,55 €	3.012,77 €
	110_persoal eventual	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	160_Seguridade Social	132.402,34 €	132.113,62 €	-288,72 €
	TOTAL PARTIDA 442,0	529.643,38 €	532.367,43 €	2.724,05 €
451.0	120_básicas funcionarios	70.341,35 €	81.234,94 €	10.893,59 €
	121_complemen funcionar.	101.775,64 €	116.846,27 €	15.070,63 €
	130_persoal laboral	48.773,35 €	48.773,35 €	0,00 €
	110_persoal eventual	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	160_Seguridade Social	63.591,46 €	69.752,74 €	6.161,28 €
	TOTAL PARTIDA 451,0	284.481,80 €	316.607,30 €	32.125,50 €
451.2	120_básicas funcionarios	54.952,60 €	54.952,60 €	0,00 €
	121_complemen funcionar.	74.880,90 €	77.551,05 €	2.670,15 €
	130_persoal laboral	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	110_persoal eventual	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	160_Seguridade Social	34.688,83 €	34.688,83 €	0,00 €
	TOTAL PARTIDA 451,2	164.522,33 €	167.192,48 €	2.670,15 €
453.1	120_básicas funcionarios	119.492,50 €	122.081,60 €	2.589,10 €
	121_complemen funcionar.	162.566,62 €	162.003,52 €	-563,10 €
	130_persoal laboral	48.387,04 €	48.387,04 €	0,00 €
	110_persoal eventual	0,00 €	0,00 €	0,00 €

partida func.	Datos	Total aprob.inicial	total con emenda	Dif: aprob.inicial-definit
	160 Seguridade Social	100.434,10 €	101.394,12 €	960,02 €
	TOTAL PARTIDA 453,1	430.880,26 €	433.866,28 €	2.986,02 €
463.1	120 básicas funcionarios	174.579,37 €	174.579,37 €	0,00 €
	121 complemen funcionar.	220.702,44 €	220.702,44 €	0,00 €
	130 persoal laboral	49.129,82 €	23.040,14 €	-26.089,68 €
	110 persoal eventual	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	160 Seguridade Social	136.834,54 €	128.642,38 €	-8.192,16 €
	TOTAL PARTIDA 463,1	581.246,17 €	546.964,33 €	-34.281,84 €
511.0	120 básicas funcionarios	341.430,01 €	404.276,99 €	62.846,98 €
	121 complemen funcionar.	523.036,94 €	650.718,70 €	127.681,76 €
	130 persoal laboral	546.581,13 €	647.350,12 €	100.768,99 €
	110 persoal eventual	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	160 Seguridade Social	465.492,85 €	536.560,74 €	71.067,89 €
	TOTAL PARTIDA 511,0	1.876.540,93 €	2.238.906,55 €	362.365,62 €
611.0	120 básicas funcionarios	1.074.665,13 €	1.074.665,13 €	0,00 €
	121 complemen funcionar.	1.694.472,45 €	1.692.194,52 €	-2.277,93 €
	130 persoal laboral	505.709,07 €	505.709,07 €	0,00 €
	110 persoal eventual	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	160 Seguridade Social	871.209,82 €	871.209,82 €	0,00 €
	TOTAL PARTIDA 611,0	4.146.056,47 €	4.143.778,54 €	-2.277,93 €
751.0	120 básicas funcionarios	44.677,20 €	44.677,20 €	0,00 €
	121 complemen funcionar.	61.009,43 €	64.824,82 €	3.815,39 €
	130 persoal laboral	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	110 persoal eventual	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	160 Seguridade Social	31.155,01 €	31.155,01 €	0,00 €
	TOTAL PARTIDA 751,0	136.841,64 €	140.657,03 €	3.815,39 €
	Total suma básicas funcionarios	12.506.728,01 €	12.515.507,32 €	8.779,31 €
	Total suma complement. Funcion.	18.030.752,32 €	18.106.827,05 €	76.074,73 €
	Total suma persoal laboral	6.549.165,24 €	6.555.990,37 €	6.825,13 €
	Total suma persoal eventual	939.457,50 €	939.457,50 €	0,00 €
	Tot. 313.1.160.00.00 Segur.Social	11.717.724,07 €	11.728.341,07 €	10.617,00 €
	T O T A L	49.743.827,14 €	49.846.123,31 €	102.296,17 €

O custo total da presente emenda por importe de 102.296,17 € diminúe as seguintes partidas orzamentarias do Capítulo I de Gastos, respecto da aprobación inicial:

partida func.	Datos	Total aprob.inicial	total con emenda	Dif: aprob.inicial-definit
313.1.161.03.02	Complem. Pensións	20.000,00 €	13.000,00 €	7.000,00 €
121.0.150.00.00	Produtividade	406.588,52 €	311.292,35 €	95.296,17 €
	TOTAL			102.296,17 €

Explicación de voto do Sr. Figueroa Vila polo grupo municipal do PP:

O Grupo do Partido Popular fixo unha intervención extensa e coido que con todo detalle na aprobación inicial dos orzamentos, propuxo ó goberno neste Pleno, se

vostedes aceptaban unha serie de alegacións que nós considerabamos que melloraban o orzamento, votalo a favor. A esas alegacións nin se nos escoitou, nin se nos chamou por parte do goberno para tentar buscar un consenso ou un acordo e por iso agora tomamos a decisión que xa anunciamos no Pleno de aprobación de nos abster nestes orzamentos.

Imos explicar por que nos abstivemos na votación. Xa se dixo aquí que dende o ano 2005 o goberno anterior non tiña orzamentos e non os tiña porque se tentou pactar e consensuar coa oposición, que nalgúns casos nin se quixo sentar con nós a redactar ese orzamento. Pero o goberno anterior presentou uns orzamentos para o ano 2007 que non se quixeron nin tratar, nin aprobar, supoño que por unha cuestión electoral naquel intre, e o que temos agora enriba da mesa é unha copia daqueles orzamentos.

Por isto, por coherencia e por responsabilidade, entendemos que se non hai nin unha modificación substancial senón que a maior parte dos proxectos xa estaban deseñados e mesmo a maioría deles incluídos no orzamento que nós presentamos e que a oposición daquela, BNG e Partido Socialista, votou en contra, só temos que lles felicitar e dar a benvida a ese documento porque son proxectos que estaban enriba da mesa, que a maior parte deles estaban acordados cos veciños en moitas parroquias e mesmo co movemento veciñal e agora sorpréndenos o cambio de opinión. Por que antes non e agora si co mesmo orzamento, case copiado.

Entendiamos que as alegacións que presentabamos eran para mellorar certas cuestións de gasto; vostedes non as quixeron aceptar e ese é o motivo da nosa abstención.

Felicitarlles e darlles a benvida porque agora si e antes non. Supoño que vostedes terán as súas explicacións e razoamentos. Nós imos ser unha oposición construtiva e por iso nos imos abster porque non tería ningún sentido que se son proxectos que nós presentamos hai un ano, agora votar que non. Ese é o motivo da nosa abstención.

- 3.- (174).- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE EDUCACIÓN PARA CUBRIR VACANTES DE ESPECIALISTAS EDUCATIVOS NO SEO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV). EXPTE. 9015/332.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data 10 de decembro de 2007 a concelleira-delegada de Educación, baseándose no artigo 5, composición, apartado d.9., do Regulamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV), propón ó Pleno da Corporación o nomeamento de don Alberto Gago Rodríguez, ou persoa na que delegue, e don Juan Francisco Centrón Montero, director do CEIP Mosteiro-Bembrive, como especialistas educativos no seo do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV). Así mesmo o nomeamento de don Rafael Ojea Pérez, xefe do Servizo de Educación do Concello, como secretario do devandito Consello Escolar.

A Comisión Informativa de Xestión municipal en reunión ordinaria que tivo lugar o día 17 de decembro de 2007 ditamina favorablemente a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

INTERVENCIÓN DA SRA. LÓPEZ ATRIO: A nosa proposta consiste en considerar os especialistas que non estaban nomeados no Consello anterior para que formen parte deste novo Consello. Está en función de considerar que son representantes desta comunidade educativa don Juan Centrón, director do Colexio Mosteiro-Bembrive, e tamén o Reitor da Universidade de Vigo.

(Está ausente o Sr. Guerra Fernández)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Nomear como especialistas en temas educativos no seo do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV) a:

- D. Alberto Gago Rodríguez, Reitor da Universidade de Vigo ou persoa na que delegue.
- D. Juan Francisco Centrón Montero, director do CEIP Mosteiro-Bembrive, pola súa dilatada experiencia docente, en labores de dirección, en movementos de renovación pedagóxica, en anteriores etapas do CEMV. Pola súa acreditada solvencia profesional, polo seu recoñecido prestixio, capacidade e respecto no seo da comunidade educativa da nosa cidade, e polo seu talante xeneroso e solidario a

prol do ensino.

Segundo.- Nomear a D. Rafael Ojea Pérez, xefe do Servizo de Educación do Concello de Vigo, secretario do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV) a da súa Comisión Permanente.

En cumprimento de acordo plenario, neste intre todos os presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

4.- (175).- MOCIÓN DA XUNTA DE VOCEIROS RELATIVA Ó RANGO OFICIAL DA ASISTENCIA MUNICIPAL A FUNERAIS POR VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros municipais, na súa sesión do día 17 de decembro de 2007, acordou formular ó Pleno da Corporación a seguinte moción:

"Grazas á recente Lei contra a Violencia de Xénero, o maltrato e os asasinatos de mulleres, saíu da esfera probada, do terror oculto onde tiña carácter de delito, á esfera pública onde son considerados delitos dos que toda a sociedade debe responsabilizarse.

Sabemos que a misoxinia, o dominio sobre o que os asasinos e maltratadores consideran propio e o escaso valor das mulleres na sociedade, é a causa fundamental deste terrorismo sexual. É, pois, moi necesario que estas mortes adquiran o valor e a dignidade necesaria para erradicar esta enorme inxustiza.

Neste proceso consideramos de xustiza que as vítimas da violencia de xénero teñan dereito a un funeral de rango público, un protocolo no que as autoridades presidan o enterro e lle dean o pésame á familia. Só así estas mortes adquirirán a dignidade necesaria, como corresponde a unha sociedade democrática.

A aplicación do protocolo de rango público nos funerais das mulleres asasinadas polas súas parellas ten que ser unha realidade neste Concello.

Polo exposto anteriormente instamos á Corporación do Goberno Municipal do Concello de Vigo a que considere os funerais das mulleres asasinadas por mor da violencia de xénero como funerais de rango público no que as autoridades presidan

o enterro e lle dean o pésame á familia."

O secretario xeral do Pleno dá lectura ó texto da moción transcrito anteriormente.

(Están ausentes os Sres. Domínguez Olveira, Figueroa Vila e Guerra Fernández).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola Xunta de Voceiros municipais, relativa ó rango e asistencia municipal ós funerais por vítimas da violencia de xénero, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.-(176).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOLICITANDO A REPARACIÓN DUNHA RAMPLA NA RÚA DA GARDA E DAS ESCALEIRAS QUE DAN ACCESO Á PISTA DEPORTIVA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 29 de novembro de 2007, o concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

"A lei de accesibilidade e supresión das barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, na súa disposición final primeira estableceu que no prazo de seis meses a Xunta de Galicia aprobará o regulamento de desenvolvemento e o código de accesibilidade que conteña as normas técnicas de aplicación na materia.

En cumprimento do dito mandato, a Xunta de Galicia desenvolveu e executou a Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

Con este regulamento establécense de xeito pormenorizado as normas que garantan ás persoas con mobilidade reducida o con calquera outra limitación a accesibilidade e a utilización do contorno Urbano de edificios, medios de transporte e sistemas de comunicación sensorial, promovendo á súa vez a utilización de axudas técnicas axeitadas que permitan mellorar a calidade de vida das persoas.

Como vimos as discapacidades poden ser moi diversas e queremos centrarnos nunha moi concreta: a mobilidade. Coa existencia de barreiras as persoas con mobilidade reducida non se poden mover, imposibilitando normalizar a súa vida e é

por iso, que dende o Concello débese promover a accesibilidade ás distintas zonas da cidade levando a cabo as correspondentes remodelacións.

SOLICITAMOS

Se realice a “Reparación da pavimentación dunha rampla na Rúa da Garda e das escaleiras que dan acceso á pista deportiva na Parroquia de Coia”, cuxo número provisional de referencia é o 1.856, co nome de Zona Verde en Coia.”

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 17 de decembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: Esta moción que presenta o noso grupo ten unha triplo condición. A primeira é indicar e corroborar o grande paro que tivo a cidade nestes seis meses; a segunda reiterar a continuidade dos proxectos do anterior goberno e a terceira acadar a redución das barreiras de mobilidade existentes en Vigo.

En principio o grande paro sufrido que indiquei ten unha grande escenificación en todos estes proxectos posto que concretamente este proxecto de reparación do pavimento da rampla da rúa da Garda xa o noso goberno o deixara feito para poder realizar esta obra. Efectivamente non se fixo, non sei se por desgana, se porque non se sabía que existía ou porque realmente non se quere facer.

Por iso este grupo tenta atopar todos eses proxectos que imos seguir indicando para que se fagan no caso que non o estean. A existencia destes proxectos pódese constatar posto que vostedes dalgún xeito os seguen utilizando nas continuas obras existentes dentro da cidade de Vigo.

A diferenza de nós o único que fan é que cando se rematan gracias a que nós os comezamos, non nos invitan para ver como quedou todo o proxecto que nós realizamos ou comezamos, cousa que nós si facemos porque a Deputación ten proxectos que eles comezaron e que se están rematando, concretamente temos un o domingo que si nos gustaría que asistisen para ver o que se está a facer nesta zona de Coia porque non se seguen a facer cousas e non sei se saben que existe esta zona da cidade

No segundo punto queremos reiterar que os proxectos que se seguen a facer do anterior goberno, os que se están a acometer ou a rematar na actualidade, son proxectos que o Partido Popular deixara enriba da mesa e non son debuxos, como

en ocasións din, senón que son proxectos técnicos que hai dentro do noso orzamento.

O terceiro punto é acadar reducir as barreiras de mobilidade existentes na cidade de Vigo. Como ben indica a Constitución no artigo 49, os poderes públicos son os garantes da realización da política de previsión, tratamento e rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais. No ordenamento da Comunidade Autónoma de Galicia aparece o Real decreto 35/2000, onde se desenvolve a accesibilidade e supresión das barreiras da Comunidade Autónoma de Galicia.

En base a isto, dende o noso Grupo Popular solicitamos que se realice a reparación do pavimento dunha rampla da rúa da Garda e das escaleiras que dan acceso á pista deportiva na parroquia de Coia cuxo número provisional de referencia é o 1.856, co nome de "Zona verde de Coia".

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Para presentar unha sinxela moción dálle vostedes moitas voltas e non me queda máis remedio que responder a case todo o que está vostede a dicir.

No relativo á Deputación, dicirlle que por parte desta deputada se presentaron mocións e alegacións ós orzamentos da Deputación con obras concretas para a cidade de Vigo, rexeitadas todas e cada unha delas polo partido Popular. Na Xunta de Goberno de onte aprobamos un recoñecemento de crédito de obras feitas por vostedes por máis de tres millóns de euros. Estiveron vostedes gobernando e como se di "governaban ó che debo". Do mesmo xeito que fixeron obras polo sistema de "xa te pagarei", sen responsabilidade ningunha, esquecen unha tan importante como é a eliminación de barreiras arquitectónicas.

Efectivamente é un debuxo pero do partido Popular do ano 2005. Vostede non estaba, Sr. Martiño, pero os que estaban non lle deron importancia ningunha ás persoas que tiñan que subir con cadeiras de rodas, ás persoas maiores que tiñan que subir as escaleiras para acceder á pista deportiva, ós nenos e ós anciáns. Ó mellor lles interesaba moito máis outro tipo de actuacións. Imos facer esa obra e imos facer as obras que son fundamentais para os cidadáns.

Cada vez que din que non facemos nada, quero lembrarlles as beirarrúas de Candeán, de Cabral de Sárdoma, reparacións en Coia, Teis, Calvario, etc. Vostede

non estaba, Sr. Martiño, pero o seu compañeiro lembrará e para el non foi absolutamente nada importante a eliminación de barreiras arquitectónicas, para nós si e do mesmo xeito que gastaron "ó che debo" tres millóns e pico de euros, puideron meter esta obra que vale bastante menos.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Sr. Martiño, eu iro por non chorar, que mágoa que non estea a Sra. Molares porque que nos falen de accesibilidade a estas alturas sinto como unha especie de formigo por todo o corpo.

Durante todo o pasado mandato no que o Partido Popular estivo no poder, dende esta mesma bancada se estivo reclamando ó Partido Popular que aplicara a Lei galega de accesibilidade, ese mesmo decreto, esa mesma Lei que vostede ven de poñer enriba da mesa solicitouse en múltiples ocasións que foran coherentes con ela e que dende o Partido Popular se puxera en marcha.

Fixéronse dúas ou tres mocións a respecto da accesibilidade. Unha desas mocións á que respondeu o Sr. Coello, falaba dos aparcadoiros en superficie na cidade porque da a casualidade de que cando se fixeron as obras da Alameda retiráronse todas as prazas en superficie que as persoas con discapacidade pedían e foi a raíz desta moción que se repuxeron unhas cantas.

Outras dúas mocións presentadas foron para que nos aparcadoiros se fixera cumprir a Lei de accesibilidade porque non a cumprían e aínda hoxe temos problemas nos aparcadoiros subterráneos, tanto nos municipais como nos que non o son. Outra moción falaba de accesibilidade nas instalacións deportivas. Se se fai unha análise da accesibilidade en todas as instalacións deportivas, a inmensa maioría non a tería. Moitas veces por parte da concelleira de Deportes daquela, Sra. Molares, se dixo no IMD que tranquilos que se ía poñer en marcha todo o que fose necesario para que fosen máis accesibles os pavillóns, as piscinas e todos os equipamentos deportivos.

Eses feitos aínda hoxe están sen realizar. É máis, nin unha soa das obras está feita, concretamente a piscina de Lavadores non ten sequera pintado un sitio onde aparcar as persoas con discapacidade. Só era pintar e vostedes non o fixeron.

Con respecto á rúa A Garda deixaron un expediente aberto en Deportes que quedou enriba da mesa e nin sequera o puxeron en marcha. Non nos veñan falar vostedes de accesibilidade cando non fixeron absolutamente nada en todo o

mandato.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: O que me sorprende é que vostedes sempre recorren ó que non fixemos. Levan vostedes xa seis meses gobernando e seguen dicindo o que nós non fixemos. A ver se se poñen vostedes a facer e así evitamos dicir o que fixemos nós.

De todos os xeitos efectivamente eu non estaba cando pasaron as cousas ás que fai referencia a concelleira pero estou agora e antes de facer calquera moción infórmome de todo o que hai e posiblemente saiba máis do que vostede pensa. De todos os xeitos indícolle que a débeda que vostedes nos deixaron foi de doce millóns por conseguinte é maior da que vostede me menciona.

Efectivamente nós non temos a sorte de aprobar orzamento porque non nolos aprobaron vostedes, o último o 28 de febreiro de 2005, por conseguinte non os temos. Non é que realmente fagamos dunha moción un mundo, coido que o mundo facémolo das persoas que necesitan das nosas mocións e sobre todo para esa accesibilidade que estou a solicitar.

Vostede fáleme dunha foto que quitaron de algo que fixo un funcionario que me parece estupendo, mireira, pero tamén hai un proxecto, Sra. Abelairas, onde se estipula todo o que se pode facer, todo o que nós deixamos para que vostede faga, para que faga a rampla que se necesita nesa zona.

Efectivamente a iniciativa foi en febreiro de 2005 que por parte dun funcionario se fixo un debuxo de como podería quedar a situación. Logo diso apareceu un proxecto moi importante nesa zona. Non é que sexa un proxecto dunha foto nada máis, senón que realmente é un proxecto fidedigno. Maximo que xa terá coñecemento del posto que dixo que sabe canto vale e na fotografía que vostede me amosou non o pon. O que espero é que o execute. Non sei se vostede estivo alí, pero eu estiven mirando e cando as persoas maiores baixan por esas escaleiras mesmo precisan de axuda.

Con relación á concelleira Sra. Méndez que quixo participar neste debate, indicareille que aumentou o 333% o orzamento de barreiras arquitectónicas cando estivemos nós e por conseguinte non se pode dicir que non existe a aplicación por parte do Grupo Popular no seu momento desa concepción que ten o feito de existir esa tendencia por parte dos poderes públicos da aplicación da Lei Galega de

accesibilidade.

Efectivamente non se pode facer todo nun momento; todo ten o seu período de tempo, de carencia, pero o que si é certo é que se vai facendo, a proba está en que aumentaron os planes de discapitados, aumentaron os acceso para discapitados en pavillóns de Bembrive, acceso ás piscinas de Lavadores e Teis e outros moitos máis.

Gustaríame saber Sra. Concelleira cantas prazas en superficie pintaron en seis meses.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Repito que tivemos que pagar as súas débedas. En segundo lugar temos o noso propio programa electoral. Terceiro, son vostedes os que deixaron as obras sen facer, quen non se preocuparon, quen non tiveron ningún interese en acabar esas obras. Nós non temos ningún inconveniente en asumir as que sexan importantes para os cidadáns, por exemplo esta.

Non temos ningunha culpa de que vostedes fosen tan incompetentes que non foran quen de traer ó Pleno un orzamento. Miren que o levan dicindo tempo, pois será pola súa incompetencia e non por responsabilidade dos demais, ó mellor hai que negociar mellor. Se revisaran os orzamentos daríanse de conta de que se contempla unha partida para o plan de accesibilidade. A este goberno preocúpanos a seguridade das persoas e traballamos para elas.

Veña de quen veña o proxecto é total e absolutamente necesario porque non poden subir por esas escaleiras as persoas con certa discapacidade e hai que as arranxar xa.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Só para concretar porque coido que o que máis importa á cidadanía e máis a min, sobre todo porque vivo nesa zona, é que o arranxen. Dime vostede que nós non o rematamos; é que non nos deron tempo, se tivésemos tempo teríamos rematado isto e moito mellor pero non se preocupe que o teremos e xa verá que non tardaremos seis meses senón que o faremos antes.

Só pido por favor que se faga canto antes pola necesidade imperiosa que teñen nesa zona as persoas maiores.

(Está ausente o Sr. Guerra Fernández).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. Martiño Gómez, instando a reparación dunha rampla na rúa da Garda e das escaleiras que dan acceso á pista deportiva na parroquia de Coia, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

6.- (177).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO CONECTAR AS PARROQUIAS DE COMESAÑA E MATAMÁ CO VIAL QUE DA ACCESO Ó SEGUNDO CINTO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 12 de decembro de 2007, o concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. Comesaña Abalde, formula a seguinte moción:

"Unha vez máis, nesta ocasión mediante moción que procedemos a expoñer, o Grupo Municipal do Partido Popular ten que saír en defensa dos intereses dos veciños e veciñas de Comesaña e Matamá, para que as súas parroquias teñan unha conexión viaria co segundo cinto a través do enlace de Balsa.

Inaugurado xa o vial que permite a Citroën ter conexión directa dende a súa factoría ao segundo cinto, os veciños destas parroquias reiteran, de xeito ben xustificado, a súa vella demanda para obter unha saída e entrada ao segundo cinto a través do enlace de Balsa, máis exactamente a través do Camiño Padrón. Deste xeito, permitiranse os traslados diarios tanto de mercadorías como de persoas, outorgándolle maior uso e servizo a unha infraestrutura viaria vital nas conexións da cidade coñecida como segundo cinto.

O número de persoas que poderán beneficiarse e converterse en usuarios do vial de enlace é máis que considerable polo que resulta rendible acometer un investimento que xa tiña previsto o anterior Goberno do Partido Popular.

De feito, logo de seren aprobada por unanimidade unha moción para realizar este acceso -Pleno de outubro do 2006- na sesión plenaria realizada en abril de 2007 os grupos municipais de PSOE e BNG rexeitan dotar unha partida orzamentaria con 300.000 euros para dar cumprimento aos razoables desexos dos veciños de Matamá e Comesaña e máis á propia moción aprobada meses antes. Esta proposta incluíase no Plan Parroquias que o Goberno do Partido Popular presentou diante do

Pleno e que foi rexeitado por PSOE e BNG.

Agora, o Goberno actual debería ter cando menos para eses veciños e veciñas de Comesaña e Matamá a sensibilidade manifestada en permanentes declaracións da súa intención de investir no rural. Que mellor ocasión de facelo que rectificar na súa postura de hai meses cando dixeron non ao investimento que pretendía o Goberno de Corina Porro para esas parroquias en concreto, votando agora favor da presente moción.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular, insta o Goberno Municipal, a executar a través do Camiño de Padrón a conexión das parroquias de Comesaña e Matamá co recente vial acabado de inaugurar do segundo cinto co Citroën."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 17 de decembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. COMESAÑA ABALDE: Trátase de facer un vial de conexión a través do camiño de Padrón para dar servizo ás parroquias de Matamá e de San Andrés de Comesaña e ter conexión co segundo cinto a través do vial que o une con Citroën. Esta moción xa se presentou no mes de outubro de 2006 e se acordou levar a cabo, por iso o Grupo Municipal do Partido Popular, insta o Goberno Municipal a executar a través do Camiño de Padrón a conexión das parroquias de Comesaña e Matamá co recente vial acabado de inaugurar do segundo cinto con Citroën.

SRA. SILVA REGO: Sr. Comesaña, con todo o cariño, permítame que lle diga que alguén do seu partido non lle contou a verdade. Na moción que hoxe presentan din vostedes que unha vez máis teñen que saír en defensa dos veciños de Matamá e Comesaña. Teño que lle dicir que aviados van se esperan que sexan vostedes quen defendan os seus intereses, logo explicarei o por que.

Di tamén que esa conexión leva moito tempo sendo reclamada. Iso si que é verdade, como tamén é que vostedes non foron quen da poñer en marcha aínda que o prometeron, cando ademais sabían que non podían cumprir esa promesa. Ademais propoñen que se acometa un investimento que xa tiña previsto o anterior goberno do Partido Popular. Non contentos din que esa partida se incluía no Plan Parroquias que o partido Popular presentou no Pleno en abril de 2007. Espero que aquel plan non contemplara actuacións irrealizables como a que hoxe presentan. Entendo que o que están a solicitar é que se execute agora a conexión a través do

camiño de Padrón das parroquias de Comesaña e Matamá co vial do segundo cinto con Citroën. Se isto é o que me propón teño que lle clarexar algunhas cousas.

En primeiro lugar e supoño que alguén do seu partido sábeo, teño que lle dicir que ese vial de conexión das parroquias de Comesaña e Matamá co segundo cinto a través do enlace de Balsa non está contemplado no planeamento vixente. Isto significa que só se podería executar a través dunha modificación puntual.

En segundo lugar teño que dicir que non se poden realizar modificacións puntuais mentres estea en tramitación un novo Plan Xeral como é o caso da cidade de Vigo.

Polo tanto, Sr. Comesaña, a día de hoxe non é posible executar esa conexión que demanda na moción do seu grupo. Como tampouco era posible en abril de 2007, cando en época pre-electoral vostedes pretendían dotar cunha partida orzamentaria de 300.000 euros unha actuación que non era nin viable nin legal levar a cabo. Por iso é entendible que tanto o Grupo Municipal Socialista como o do BNG rexeitaran aquel Plan Parroquias presentado perante o Pleno con fins exclusivamente electoralistas.

Agora volven ás andadas, pero Sr. Comesaña, os veciños de Comesaña e de Matamá xa saben que vostedes os enganaron porque cando viñeron reclamar ese enlace expliqueilles cal era a situación real. Ese vial non se podía acometer por non estar previsto no planeamento e porque tampouco se podía dispoñer da parcela pola que tiña que discorrer porque era e é unha parcela privada.

O que si fixen foi comprometerme a buscar unha solución legal e axeitada que dera resposta ás súas xustas demandas porque si coincido con vostede en que as demandas dos veciños de Matamá e de Comesaña son xustas.

O que me pregunto é en que querían investir vostedes aqueles 300.000 euros porque por máis que fago contas non me saen. Esa é a grande pregunta que me gustaría que vostede me respondera para poder entender cal era naquel intre a pretensión do anterior goberno da Sra. Porro. Tamén que me responda como tiñan vostedes previsto facer esa conexión. Gustarame moito escoitalo porque é posible que vostede me poida explicar o inexplicable. Se é así, na réplica contareille o que imos facer.

SR. COMESAÑA ABALDE: Acaba de dicir que ten unha solución, iso quere dicir que é posible facelo. Por outra banda se levamos os 300.000 euros no Plan Parroquias era

para acometer o vial porque estaba acordado con todos os veciños, un por un, o que había que facer era retirar muros, viais, etc., de acordo con eles, que será o mesmo que vai facer vostede porque é a posibilidade que hai.

SRA. SILVA REGO: Teño unha solución que lle vou contar nesta réplica pero antes teño que lle dicir que o que me acaba de responder é que a pretensión do goberno da Sra. Porro era cometer unha ilegalidade porque o que pretendían realizar non se pode facer e xa lle dixen por que na miña primeira intervención: esa conexión non está contemplada no planeamento vixente e polo tanto non se pode executar, non é legal.

Ademais tampouco se pode facer unha modificación puntual e xa lle expliquei por que. O único que se podería facer é mercar a parcela privada pola que se pretendía executar o acceso e asfaltala, pero iso nunca sería un vial de conexión. En todo caso sería unha parcela asfaltada e o que ocorrería sería que estaríamos permitindo *de facto* un enlace ilegal e se houbo un accidente, cousa non difícil de ocorrer nun vial de acceso, o Concello tería unha moi grave responsabilidade.

Por iso teño que volver preguntarlle para que quería o goberno do Partido Popular aqueles 300.000 euros, para mercar a parcela? Iso tampouco o poderían facer porque non o admitiría Intervención xa que a valoración do solo é similar á do solo rústico e só se poderían pagar por esa parcela entre 8 e 12 mil euros. Inda así, coa parcela xa propiedade do Concello, seguiría a ser ilegal executar un vial que non está reflectido no Plan Xeral.

Quero que quede claro que o que está a solicitar o Partido Popular é que o actual goberno cometa unha ilegalidade. Pero isto non remata aquí. Eu reuníme cos veciños de Matamá e o que me contaron é surrealista. Dixéronme que o anterior goberno da Sra. Porro lles prometera esa conexión e ata les levaron uns planos, afirmando que o Partido Popular ía expropiar a parcela que permitiría o acceso e que Zona Franca correría cos gastos da execución. Sorprendente, en primeiro lugar porque a expropiación non é posible porque non se contempla vial no planeamento. En segundo lugar porque se era Zona Franca quen ía executar o enlace, volvo preguntar: para que eran os 300.000 euros?

Tamén lles teño que informar que o anterior goberno xamais falou cos propietarios da parcela por onde tiña que ir a conexión. Falou cos propietarios do camiño de

Padrón para permitir o seu ensanche pero non cos da parcela, dito por eses propietarios.

O máis grave é que o novo Plan Xeral que vostedes deixaron en marzo deste ano tampouco contemplaba esta conexión. Esta é a defensa dos intereses dos veciños que agora preconizan vostedes. A parcela pola que se pretende facer ese vial forma parte do ámbito S33 e Balaídos. neste ámbito o único que aparecía debuxado era a ronda.

Agora lle explico a solución legal que nós pretendemos facer: atendendo ás xustas demandas que fan os veciños modificamos lixeiramente o trazado da ronda e colocamos un vial máis acorde coas características da zona que xestionará e permitirá a conexión das parroquias de Matamá e Comesaña, agora si está previsto, tanto co segundo cinto como coa ronda e así daremos resposta a estas demandas. Ademais o faremos sen mentiras e sen enganar.

Sr. Comesaña tamén quero dicir que estou convencida de que vostede quería facer ese enlace pero tamén é certo que alguén do seu partido non lle contou como funciona o planeamento e como se poden desenvolver enlaces e conexións, teñen que ser a través do recoñecemento no planeamento. Recoñézolle o seu traballo pero esta é a situación.

Por todo isto ten que entender que non podemos votar favorablemente á moción que presenta porque estaríamos votando unha ilegalidade e este goberno non fai iso.

SR. COMESAÑA ABALDE: Paréceme que toca un pouco de oído, non dubido que se reunira cos veciños pero eu si que me reunín con eles e chegamos a pactos.

Os 300.000 euros eran para traballar no camiño público de Padrón. A parcela da que vostede fala xa está afectada en tres metros pola Xunta de Galicia xunto con Zona Franca, que foi a que se comprometeu a través do enxeñeiro da Xunta de Galicia. Estivemos todos reunidos e falamos de como resolver o tema.

Os demais tamén andamos polo mundo porque parece que a única que sabe andar é vostede.

O Sr. Escapa comprometeuse que con Zona Franca expropiaría esa parcela pero ese era un tema da Zona Franca coa Xunta. Eu falo do camiño público do que ten competencia o Concello. Se non queren votalo alá vostedes.

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e once votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez e Molares Pérez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. Comesaña Abalde, instando a conexión das parroquias de Comesaña e Matamá co recente vial inaugurado entre o segundo cinto e Citroën, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

7.- (178).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO A CREACIÓN DUNHA REDE DE APOIO Á MULLER EMBARAZADA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 13 de decembro de 2007, a concelleira do Grupo municipal Popular, Sra. García Míguez, formula a seguinte moción:

"O libro verde da Unión Europea "Frente a los cambios demográficos una nueva solidaridad entre generaciones" advirte con claridade dos riscos que afrontan os países membros a causa dunha natalidade débil que se produce como consecuencia do escaso apoio público ás mulleres que desexan ser nais.

Endexamais temos visto crecemento sen nacementos. O aumento da produtividade, especialmente a través do acceso á formación permanente e mailo incremento da participación no emprego son instrumentos esenciais para afrontar a situación. Pero ademais, o fomento da natalidade amósase como peza principal cara a garantir o crecemento e a sostibilidade futura do estado do benestar.

Procede, xa que logo, recuperar o camiño do crecemento demográfico porque, aínda que Vigo conta cunha taxa vexetativa positiva, Galicia é a comunidade autónoma máis envellecida.

Ter fillos é unha decisión individual ou de parella. Aínda así todas as enquisas advirten que os cidadáns europeos non temos todos os fillos que desexaríamos ter. E aínda que existen, en efecto, unha serie de factores que pesan sobre as decisións da parella como o acceso tardío ou inestable ao emprego a carestía da vivenda..., na decisión pesa sobre todo, a ausencia de dispositivos que incentiven a fecundidade.

Unha adecuada política orientada ao incremento das axudas sociais, económicas e laborais ás mulleres embarazadas fomentaría a natalidade e reduciría notablemente as interrupcións de embarazos, xa que a primeira causa á hora de se decantar por esta opción é a falta de recursos económicos, feito que, ao tempo, amosa o fracaso nas políticas de prevención de embarazos non desexados.

No caso de mulleres embarazadas adolescentes, as veces en risco de exclusión social, vítimas de violencia ou abuso ou de malos tratos..., o apoio público debe ser necesariamente rápido e abordar toda circunstancia para que aquela muller que desexe ser nai poida selo con toda garantía.

O Conselleiro de Economía da Xunta de Galicia, Xosé Ramón Fernández, vén de afirmar que a través dos orzamentos de 2008 o goberno galego promoverá actuacións para favorecer a fecundidade, mellorar as infraestruturas de servizos sociais e incentivar ás empresas que fomenten a conciliación familiar.

Ás actuacións anunciadas deberíamos engadir o apoio á muller embarazada e/ou con nenos menores de tres anos de modo que todas as mulleres, de calquera clase ou condición, poidan obter apoio na súa decisión de ter un fillo.

Á vista destes antecedentes o GM do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

Instar ao goberno municipal a que cre unha rede de apoio á muller embarazada e/ou con nenos menores de tres anos e que dispoña, tamén, dun centro onde se lles preste acollemento, asistencia, axuda á conciliación familiar, gardería, formación e inserción laboral."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 17 de decembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Debemos considerar o desenvolvemento por parte das diferentes administracións dunha política orientada a favorecer e apoiar á muller embarazada dende un punto de vista laboral, social e económico xa que unha das causas principais para non continuar co embarazo é a falta de conciliación entre a vida familiar e laboral e a falta de recursos económicos.

O "Libro verde" da Unión Europea e diferentes enquisas realizadas ó respecto

advírtennos dos riscos ós que se enfrontan os países membros a causa dunha natalidade feble que se produce como consecuencia do escaso apoio público ás mulleres que desexamos ser madres.

As mulleres incorporámonos ó ámbito laboral de forma constante e cunha problemática engadida como é o acceso tardío ó emprego, a precariedade do mesmo, a carestía na vivenda e a falta de incentivos da fecundidade que fan que Galicia sexa unha das comunidades autónomas máis envellecida do territorio español.

O conselleiro de Economía, Xosé Ramón Fernández, ven de afirmar en xuño de 2007 que os orzamentos de 2008 promoverán actuacións que favorecerán a fecundidade, mellorarán as infraestruturas de servizos sociais e incentivarán ás empresas para que haxa unha conciliación familiar e laboral.

No caso das mulleres embarazadas que son vítimas de violencia de xénero, adolescentes sen ningún tipo de apoio familiar ou social ou sinxelamente mulleres que se atopan en risco de emerxencia social, os apoios dende as administracións públicas deben ser inmediatos e tomados coa urxencia e no tempo e forma que estas situacións requiren para que todas aquelas mulleres que desexen ser madres o fagan, que teñan dereito á maternidade e a unha maternidade digna.

Na nosa cidade actualmente existe unha carencia absoluta con respecto ó apoio a estas mulleres debido a que leva oito meses pechado o Fogar Santa Isabel que é o único que realmente se ocupaba desta problemática e ata finais do ano 2008 non reabrirá. As persoas que se adican a cubrir estes recursos actualmente están enviando xente ás cidades da Coruña e Lugo debido a que nin na cidade nin na provincia hai lugares de apoio ás mulleres nesta situación. Por todo isto cremos que debemos garantir o dereito da muller á maternidade e a unha maternidade digna.

En vista destes antecedentes o Grupo Popular propón a este Pleno a adopción do seguinte acordo: Instar ao goberno municipal a que cre unha rede de apoio á muller embarazada e/ou con nenos menores de tres anos e que dispoña, tamén, dun centro onde se lles preste acollemento, asistencia, axuda á conciliación familiar, gardería, formación e inserción laboral.

SRA. VELOSO RÍOS: A verdade é que esta moción paréceme un tanto confusa no seu principio porque vexo que hai distintas cuestións mesturadas. Por unha banda

se fala de problemas sociais que afectan ás mulleres como a violencia, os abusos, riscos de exclusión social, paro, precariedade, que todo o mundo sabemos que debido ás desigualdades de xénero da nosa sociedade son problemas que afectan de xeito máis grave ás mulleres.

Pero eu non coido que estar embarazada ou ter fillos menores de dezaioito meses sexa un problema social. Efectivamente ter fillos é unha decisión individual ou de parella, como ben di a moción, e se unha muller estea ou non embarazada, teña ou non fillos, sofre un problema de violencia, de abusos, de paro, de precariedade laboral, de drogadicción, de riscos de exclusión social, evidentemente as administracións teñen que dar unha resposta.

Evidentemente hai que axudar ás mulleres que teñen problemas. Estean embarazadas ou non, que teñan fillos menores de 18 meses, ou de 24, ou de 10 anos, sexan cales sexan as súas circunstancias, haberá que ter en conta se precisan unhas medidas especiais polas súas circunstancias familiares pero son os problemas sociais que sofren os que nos teñen que levar ás administracións a poñer en marcha todas as medidas necesarias para as apoiar.

Se unha muller é vítima de violencia de xénero ten que recibir por parte da administración o apoio preciso nesa situación de violencia. Por exemplo na Casa de acollida este mesmo verán naceu unha pequena; esa muller entrou embarazada pero se non o estivese tamén tería entrado na Casa de Acollida. Temos que dar resposta ás necesidades da cidadanía pero non podemos confundir os problemas sociais coas circunstancias familiares das mulleres que os sofren.

Non podemos pretender universalizar a axuda ás mulleres embarazadas ou nais de fillos de 18 meses ou de máis, porque eu non entendo moi ben por qué se establece esta fronteira dos 18 meses na moción, porque non é ese o problema que pode sufrir unha muller. Unha muller pode ser nai e ter unha maternidade digna dependendo das súas outras circunstancias, se é vítima de problemas sociais ou de calquera tipo ou non.

Fala de conciliación da vida social e familiar. Evidentemente, as políticas de conciliación son necesarias para todo o mundo: nais e pais. Ademais temos que esixir que as administracións reforcen as políticas de conciliación como por exemplo o plan de corresponsabilidade que está a poñer en marcha a Secretaría xeral de Igualdade, tamén na cidade de Vigo, co que se pretende que toda a

sociedade asuma a responsabilidade da conciliación da vida laboral e familiar, os traballadores e traballadoras, as empresas, as administracións.

A conciliación da vida familiar e laboral non pode seguir dependendo de solucións individuais das mulleres, de que as mulleres nos busquemos a vida para conciliar a vida familiar e laboral, senón que ten que depender de solucións colectivas, que asuma todo o mundo e realmente este é o eixo fundamental para fomentar a natalidade e para facer que a maternidade e paternidade responsables sexan máis doados para todo o mundo.

A primeira causa de aborto en España non son os problemas económicos, son precisamente os problemas de conciliación da vida familiar e laboral, iso di un estudo do CIS titulado "Determinantes sociais da interrupción do embarazo en España", que analiza un período de dez anos entre 1991 e 2001, que di que a situación laboral é un dos determinantes que revela de xeito máis claro a súa influencia sobre o aborto.

En 1991 o 51% das mulleres que abortaban tiñan actividades remuneradas fronte o 10% que eran paradas e 37% inactivas. Dez anos despois o 57% eran ocupadas, o 13% paradas, o 13% estudantes e o 12,5% inactivas.

De feito as autoras deste estudo pregúntanse o forte que é a asociación negativa entre fecundidade e traballo na sociedade española na que a conciliación da vida familiar e laboral segue a ser un asunto pendente. Por iso precisamente temos que seguir traballando dende as administracións, por unha banda para ofrecer todos os recursos de apoio social, sanitario e de todo tipo que precisen as mulleres que sufran algún tipo de problema social, violencia de xénero, abusos, riscos de exclusión social, drogodependencia, paro, precariedade laboral, que necesiten formación.

Pero por outra banda tamén temos que poñer en marcha políticas de conciliación e de corresponsabilidade tal como se está a facer agora mesmo, tanto dende o goberno da Xunta como dende este goberno.

Tamén hai outro problema que é o aborto entre adolescentes e fronte iso o que temos que ter claro é que o 98% de embarazos entre adolescentes son embarazos non desexados así que o primeiro que temos que facer é ocuparnos realmente de ofrecer unha información sexual axeitada ós adolescentes que remate con eses falsos mitos que seguen existindo nas súas mentes.

Este tipo de políticas tamén se están a poñer en marcha como por exemplo a apertura de centros "Quérote" fronte a políticas anteriores que foron responsables de peches de centros de información sexual por falta de financiamento. Temos que chegar a toda a xente nova para evitar que se produza este tipo de embarazo non desexado que por desgracia son a maioría.

Se ademais as adolescentes embarazadas sofren outro tipo de problemas como abusos, etc., tamén as temos que apoiar. As administracións teñen a obriga de poñer en marcha políticas de apoio ás mulleres sexa cal sexa a súa decisión, sempre respectando a liberdade de decisión das mulleres e apoiando as súas decisións nas súas circunstancias.

Por todo isto esta moción paréceme excesivamente confusa. Se ademais pedimos acollemento de mulleres en risco de exclusión social ou de violencia, xa se ofrece. Por suposto seguiremos traballando para reforzar todas as medidas de acollemento. A asistencia xa se ofrece e seguiremos traballando. A axuda de conciliación familiar, gardería, formación e inserción laboral, igual.

O que non entendo é por que isto ten que se encadrar nunha rede de apoio a mulleres embarazadas ou con nenos menores de tres anos. Nós pensamos que todo este tipo de políticas teñen que se encadrar dentro dunha serie de políticas sociais, tal e como se está a facer, para mulleres embarazadas ou non, con fillos menores ou non de 18 meses. Nese sentido estamos a traballar e seguiremos traballando.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Penso que a miña compañeira de Corporación non entendeu moi ben a nosa petición. Nós estamos vendo que hai un deixamento por parte do Concello con respecto a este tema porque hai moitas mulleres embarazadas que queren continuar coa seu embarazo e que por estaren nunha situación que non é a máis beneficiosa para que isto sexa así, non teñen un lugar onde acudir e atópanse sen ningún tipo de apoio agás nesta institución, o Fogar Santa Isabel, que ata finais de 2008 non abrirá as súas portas, entón se lle debería comunicar a toda a rede que dalgún xeito si está apoiando a estas mulleres que desexan continuar cara adiante co seu embarazo.

Ademais estes centros dan apoio ós nenos ata os tres anos porque a partir desa idade se escolarizan e hoxe hai moita dificultade para entrar nunha gardería pública, por iso dalgún xeito estes centros si que apoian que estas mulleres poidan

atopar traballo, formarse porque moitas delas non teñen ningún tipo de formación, ou son inmigrantes, ou pola súa complexa situación familiar ou social non tiveron acceso a ela, pois o neno dende que nace ata os tres anos ten que ter un control e moitas veces cando o neno ten só un mes estas mulleres se teñen que poñer a traballar. O apoio ten que estar aí e no Concello de Vigo debemos ter moi en conta isto.

Outro tema que me parecía moi importante era o do orzamento e comentaban hai un momento que está orientado cara ás persoas, pois coido que hai que facer mención especial dunha persoa que hai uns días faleceu na rúa nunha situación moi complicada, levaba algún tempo vivindo en malas condicións. Se hai un orzamento encamiñado ás persoas debe apoiar, por suposto, ás persoas que son vítimas da violencia de xénero, pero tamén ás persoas que viven en malas condicións nas rúas, que poden morrer nelas e por iso deben ter todo o noso apoio.

SRA. VELOSO RÍOS: Sobre o tema das persoas que viven na rúa dicir que efectivamente é un problema nesta cidade e de feito este goberno vai abrir o albergue que fai falla nesta cidade -que non se abriu ata agora- coa colaboración da Secretaría Xeral de Benestar da Xunta de Galicia.

Sobre a moción en si dicir que evidentemente sabemos que hai ONGs traballando na cidade sobre este tema ó igual que, afortunadamente, ademais das políticas das administracións públicas, hai ONGs que traballan sobre moitos outros temas, cousas que non son incompatibles, senón que teñen que ser complementarias; cada quen ten o seu papel na sociedade. Do mesmo xeito que hai unha ONG, podiamos dicir unha asociación como é a Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos, iso nin impide nin cambia as políticas de axuda ás mulleres vítimas de violencia de xénero deste Concello, as dúas cousas teñen que seren complementarias e ás dúas hailles que prestar apoio, pero nós estamos defendendo un tipo de políticas determinadas.

O que se propón nesta moción lémbreme moito a outro tipo de políticas que se realizan noutros gobernos, como por exemplo coa Rede de Madres que depende da Consellería de Educación do goberno da Comunidade de Madrid na que se financia a distintas asociacións e ONGs moi coñecidas por todo o mundo, como FUNVIDA, DEVIDA, PROVIDA, para facer un tipo de traballo determinado. A min paréceme

unha opción respectable pero que non se corresponde precisamente coas políticas que nós estamos expoñendo aquí e que coidamos que son as máis beneficiosas. Nós insistimos en que para apoiar ás mulleres que queiran ser nais o primeiro que temos que facer é traballo de conciliación da vida laboral e familiar, un traballo de información sexual axeitada ás adolescentes e un traballo de corresponsabilidade porque ese é o principal problema para as mulleres, para que as mulleres poidan ser nais. Ademais hai que ver os resultados deste tipo de políticas. A Comunidade de Madrid ten unha das taxas máis altas de aborto de todo o Estado e por iso quizais non sexan as súas políticas as máis axeitadas.

Nós pensamos que o noso traballo como administración é xustamente apoiar ás mulleres, tomen a decisión que tomen, a de ser ou non nais. Se unha muller por algunha razón, entrando dentro sempre dos supostos legais, ten que tomar a decisión de abortar, e como muller e como nai estou segura de que ten que ser a decisión máis difícil na vida dunha muller, tamén as administracións públicas teñen que garantir que ese dereito o poidan exercer na mellor das condicións e con todas as garantías, en centros públicos como está facendo agora por exemplo a Consellería de Sanidade do goberno de Galicia.

Se unha muller quere ser nai haia que apoiar se ten calquera tipo de problema. Por suposto que se precisa formación, as administracións teñen que axudar a que as mulleres teñan acceso á formación, se necesitan emprego hai que poñer en marcha políticas de emprego que é o que se está facendo; plans de corresponsabilidade, plans de conciliación familiar, campañas de sensibilización e de concienciación social. Todo o mundo temos que asumir as nosas responsabilidades para que as mulleres teñamos liberdade de decisión e se queremos ser nais poidamos selo con todas as garantías.

Pero isto que se propón nesta moción non ten ningún sentido se o que queremos é precisamente seren un pouco máis ambiciosos e non seguir cargando sobre as mulleres e as súas eleccións individuais os problemas da baixa natalidade deste país. Por iso insistimos en que temos que seguir traballando arreo e mellorar todas as políticas sociais que estamos ofrecendo agora mesmo pero non estamos de acordo con crear este tipo de rede de apoio a mulleres embarazadas ou con nenos menores de tres anos, senón que somos máis ambiciosos e queremos chegar a crear redes de apoio a todas as mulleres que o precisen.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Coido que entendeu perfectamente o contido da moción que é sinxelamente apoiar ás mulleres que, por decisión de seu ou de parella queiran seren nais teñan dereito a o seren.

De todos os xeitos si que é importante que comuniquen a todos os centros que se ocupen e que estean apoiando a mulleres embarazadas en situación de risco que non van ter o apoio que precisan. Moitas gracias.

(Está ausente o Sr. Guerra Fernández).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez e Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal Popular, Sra. García Míguez, instando a creación dunha rede de apoio á muller embarazada, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

8.- (179).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO A IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA INTEGRAL DE CARDIOPROTECCIÓN EN CENTROS DEPORTIVOS MUNICIPAIS, IFEVI E MARCO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 13 de decembro de 2007, o concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte moción:

"As primeiras Xornadas de Prevención e Educación na Saúde Cardiovascular "Vigo con Corazón" organizadas a finais de setembro pola Área de Cardiología do Complexo Universitario de Vigo serviron, entre outras cousas, para poñer de

manifesto o grave problema que representan as enfermidades isquémicas do corazón: infarto e anxina de peito. En España son a primeira causa de morte (mesmo antes que o cancro) con case 39.000 defuncións anuais. Ademais, máis dun 60% dos eventos cardíacos ocorren ante testemuñas, é dicir, en lugares públicos.

A fibrilación ventricular (FV) basicamente é un fallo eléctrico no corazón que xera un “caos” no ritmo cardíaco e que, de non actuar a tempo no afectado, (primeiros 5 minutos de ouro) remata nunha Morte Súbita Cardíaca (MSC). (Entre 15 e 20.000 ó ano).

Numerosos estudos demostraron que a supervivencia a un PCR está directamente relacionada coa rapidez na desfibrilación. Así pois, o único xeito de que esta arritmia maligna non remate desembocando nunha morte súbita é aplicar unha desfibrilación sobre o tórax do paciente no menor tempo posible. Cada minuto de atraso na aplicación da descarga representa unha diminución dun 10% nas posibilidades de supervivencia do afectado.

No anterior goberno da cidade do Partido Popular procedemos á implantación dun Sistema Integral de cardioprotección no edificio do Concello que permite dispoñer de dous Desfibriladores Externos Automáticos para ser usados por calquera persoa que teña recibido a correspondente formación, para o que se instaláron columnas de rescate cardíaco.

Co obxectivo de ir ampliando o espazo cardioprotexido ó resto das dependencias do Concello onde poidan concorrer unha importante cantidade de persoas, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ó Pleno da Corporación Municipal de Vigo que tome o seguinte acordo:

Implantar un sistema integral de cardioprotección nos centros deportivos que dependen do Concello así como no Recinto Feiral de Vigo (IFEVI) e no MARCO e avanzar, así, cara a unha cidade cardioprotexida”.

A comisión informativa de Medio Ambiente, en sesión do 17 de decembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

O Sr. Fidalgo Iglesias procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SRA. LAGO REY: Este goberno é e sempre será sensible á sanidade e á asistencia sanitaria de todos os vigueses e por iso imos votar a favor da moción.

É sobradamente coñecida a política deste goberno de achegar a asistencia sanitaria a todos os vigueses e a todo Vigo. Somos conscientes de que o sistema integral de cardioprotección instalado polo anterior goberno local nas dependencias

do Concello é claramente insuficiente e por iso xa contactamos coa Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para achegar este servizo a todas as instalacións dependentes do Concello de Vigo, pero ademais queremos ir máis lonxe ó instaren tamén a que se instalen columnas DESA naqueles ámbitos onde existe un risco evidente de que se presente un PCR, ben porque se concentre un número moi elevado de persoas, como son os aeroportos (aínda que en Vigo xa o temos), estacións de trens, centros comerciais, estadios deportivos, ben porque se concentren persoas de elevado risco como por exemplo en centros de actividades deportivas, para a terceira idade ou para cardiópatas.

Por iso imos seguir os mesmos pasos ca Consellería de Sanidade que é valorar persoas e centros, facer un estudo de poboación de xeito que ademais dos centros dependentes do Concello, centros privados como os anteriormente citados, acaben concienciándose da necesidade de dotar ós seus espazos con columnas DESA. Segundo as conversas o persoal sería instruído pola mesma Consellería para poder manipular as columnas do xeito máis correcto.

Imos achegar a saúde e a asistencia sanitaria a todos os cidadáns, ademais o noso obxectivo é que a adquisición dos sistemas sexa de custo cero para os vigueses.

SR. ALONSO PÉREZ: Dikir que xa se puxeron tamén en contacto coa Concellería de Deportes persoal da Unidade de Arritmia do Hospital Xeral e isto haio que coordinar. Parécenos moi importante que os centros deportivos teñan desfibriladores pero ademais tamén é importante que haxa persoal que reciba a formación necesaria para saber logo utilízalos.

Tamén anunciar, porque ven a conto do debate, que no orzamento do ano 2008 dende a Concellería de Deportes xa previmos unha partida para facer un estudo de viabilidade para poñer en marcha un servizo municipal de medicina deportiva. Vaise poñer en marcha, xa hai partida orzamentaria para facer o estudo previo.

SR. FIDALGO IGLESIAS: En primeiro lugar agradecer á concelleira, Sra. Lago, e ó señor concelleiro de Deportes o seu apoio á moción.

Estamos falando dunha enfermidade que nos pode acontecer a calquera de nós, é bastante importante a incidencia deste tipo de doenzas en Galicia, aumentou un 10% este ano, estamos por riba da media española. Os problemas cardiovasculares

provocan en Galicia 380.000 hospitalizacións ó ano, 40.000 ingresos -case 12.000 na provincia de Pontevedra-, 10.000 falecementos e uns gastos de 200 millóns de euros.

É aconsellable facilitar e promover unha vida san coas persoas do Concello, pero tamén temos que ter en conta que debemos avanzar cara unha cidade cardioprotexida. Ese foi o noso obxectivo na anterior lexislatura e por iso puxemos as primeiras dúas columnas de rescate cardíaco no Concello e o alcalde tamén anunciou nesas xornadas que ía poñer todos estes equipos nos edificios públicos en Vigo.

Nada máis que lles dar as gracias pola aprobación desta moción.

(Están ausentes os Sres. Domínguez Olveira, Figueroa Vila, Guerra Fernández e Martiño Gómez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, instando a implantación dun sistema integran de cardioprotección en centros deportivos municipais, MARCO e IFEVI, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

9.- (180).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO DESBLOQUEAR A PARALIZACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO CENTRO CÍVICO E SOCIAL "AGARIMO" EN BEADE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 13 de decembro de 2007, a concelleira do Grupo municipal Popular, Sra. Iglesias Bueno, formula a seguinte moción:

"Un dos logros do anterior goberno do Partido Popular foi a consecución de numerosos acordos para a realización de obras en beneficio de colectivos sociais e veciñais, que por algunha razón non contaban coas infraestruturas suficientes na

súa parroquia para fins sociais e culturais.

Este é o caso no que se atopa o Centro Cívico de Beade, co proxecto xa rematado en 2006 chegouse a un acordo para a consignación orzamentaria dunha primeira fase da reconstrución do chalé "Agarimo"; o concurso adxudicouse por un importe de 510,000 € en decembro de 2006 e as obras comezaron no primeiro trimestre de 2007.

No prego de condicións se estipulaba que as obras terían un prazo de nove meses e deberían estar rematadas en novembro. Estamos a finais de ano e non temos noticias de por que a día de hoxe a construción está paralizada dende o mes de outubro.

Os veciños ven con preocupación este *parón* nas obras e ademais tamén están decepcionados polo feito de que nos orzamentos do ano 2008 non exista ningunha partida que contemple á realización da 2ª fase deste edificio. Esta ausencia de consignación, obviamente, terá como consecuencia que un centro que podería estar rematado en 2008/09, agora non podería rematarse antes de 2010.

Creemos que esta é unha infraestrutura necesaria para Beade e queremos que se faga un seguimento das obras e que se rematen canto antes. Entendemos que estas cuestións son de interese xeral e debemos promover todo o relacionado coa participación cidadá e a prestación de servizos sociais.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

Desbloquear a paralización que sofren as obras de construción do centro cívico e social "Agarimo" en Beade e consignar orzamento para levar a cabo a segunda fase do mesmo."

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, en sesión do 17 de decembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

A concelleira Sra. Iglesias Bueno procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Sra. Iglesias, en primeiro lugar agradecerlle a súa preocupación e interese por desbloquear esta obra en Beade. Ocorre que a vostede na súa moción se lle esqueceu poñer algún detalle que coñeceron por informes antes de adxudicar as obras e seguramente, de estaren atentos a eses informes, non teríamos agora bloqueada a construción dese chalé.

Vostede fai referencia a que en abril de 2003 se redacta o proxecto básico para a

reconstrución do chalé Atalaia en Beade. No mes de xullo de 2006 redáctase o proxecto de execución da primeira fase de reconstrución co obxecto de contratar as obras da primeira fase a finais dese mesmo ano por un importe de 510.000 euros. Pero a oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección pide que se revise ese proxecto de execución, que se inclúa máis obra dentro do mesmo orzamento de 510.000 euros. Iso esqueceu comentalo.

Claro, cando se achega o 30 de agosto de 2006, co orzamento reformado incluíndo máis obra dentro deses 510.000 euros, teñen un informe escrito da Xerencia de Urbanismo no que se advirte dos problemas que poden xurdir tanto na contratación como na propia execución da obra toda vez que os prezos de moitas das partidas eran demasiado baixos. Maxino que terían coñecemento diso.

Tamén nese mesmo informe que lle fan a vostede faise mención expresa ás partidas previstas para a colocación da pedra na fachada de dito chale porque se tiña constancia, á vista de presupostos doutras empresas, de que os prezos xa non era que foran baixos, eran escandalosamente baixos.

Agora mesmo, logo de que esta obra se adxudicase a unha empresa que, por certo, foi a única que se presentou a este concurso, adxudícase o proxecto para o facer en nove meses, meses que se cumpriron o 19 de marzo. Velaquí onde a empresa manifesta que, ademais de non ter executadas moitas das obras previstas no propio proxecto, a colocación da pedra é excesivamente onerosa para ela. Isto quere dicir que están sen executar 140.932 euros, é dicir, case o 29% do orzamento.

Neste sentido o goberno municipal coida que a empresa ten que cumprir o seu contrato, senón evidentemente o hai que resolver, pero estamos nesta situación de ter que lle pedir á empresa que cumpra o seu contrato e, como a estas datas iso é moi difícil, farase a resolución do contrato tal e como marca a lei. Pero esta resolución e este incumprimento é porque vostedes adxudicaron unha obra de xeito temerario malia ter todos os informes que lle advertían de que ían xurdir estes e outros problemas.

SRA. IGLESIAS BUENO: Penso que non estamos a falar do mesmo contrato porque me sorprende que me diga que os prazos rematan en marzo cando a obra comezou en abril. Sería o primeiro contrato da historia no que acabase o prazo antes do

comezar. Non entendo moi ben a que contrato se refire. Quedei bastante sorprendida.

O único que ten que facer vostede, e non deberíamos ter chegado a esta situación, é o seguimento da obra. Eu non entendo por que unha empresa se presenta a unha obra cando non lle chega o diñeiro para a realizar, non se presentaría, cae de caixón que se non é rendible a obra a empresa non se presenta. Pero o caso é que a empresa se presentou por unha cantidade, por un importe, nun prazo de execución de nove meses e estamos a estas alturas sen que a obra remate.

É máis, vostede non me falou ren da segunda fase e se os materiais custan máis, que iso adoita pasar, non teñen máis que facer un modificado e poñer eses cartos ó dispor da empresa para que continúe a obra.

Aquí houbo unha desidia total e absoluta dende o principio e estamos nesta situación porque vostede non fixo o seguimento da obra. Cansáronse de ir polas parroquias durante toda a campaña electoral anunciando obras, pero logo de oír ó Sr. Domínguez Olveira dicindo que pensan nas persoas, penso que claro que si pero para as persoas hai que facer obras, porque se vostedes non son quen nin de inaugurar un centro de día, nin son quen de facer centros sociais, nin culturais, nin nada, ó final a calidade de vida desas persoas non se mellora; "obras son amores...", como se adoita dicir.

O caso é que aquí para obras veciñais no orzamento que eu estiven revisando só hai 80.000 euros que son para o local do Calvario; para a primeira fase da construción do Colexio Alemán hai 30.000 euros que non deben chegar nin para poñer os primeiros pivotes do edificio.

Sorpréndeme moito a súa aposta polos colectivos veciñais e polas parroquias porque en realidade o que ven no orzamento é iso e para a segunda fase deste chale "Agarimo" cero e para outros moitos centros veciñais cero.

A min que me expliquen que está facendo vostede no tema de infraestruturas de Participación Cidadá e se realmente vostedes como goberno queren apostar por esta serie de infraestruturas que se reflicten nos orzamentos porque logo lles din ós veciños que non se fan as obras porque non están no orzamento, como se este fose unha cousa que se fixera soa. No orzamento dáse prioridade e séntanse as bases para un proxecto político de goberno e se as cousas non están no orzamento é que non son a súa prioridade.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: A proba de que sabe ben do que se está a falar é que tenta desviar a atención cara outras cousas.

Cando fala dun modificado o primeiro que hai que facer é ser serio e consecuente cando se administran recursos de cidadáns, o que non se pode é facer un modificado para incrementar as partidas por un contrato que adxudicaron vostedes a conciencia e á mantenta, con informes da Xerencia de Urbanismo de que iso era un contrato que ía traer non só este senón outros problemas.

Non queiran enganar ós veciños, non lles conten películas. Nós si que lles falamos e ademais lles ensinamos os informes para que saiban de que se trata, que non é falar por falar. Digan a verdade e non só queiran quedar ben cos veciños. Temos que resolver primeiro este entorto que nos deixaron vostede para poder iniciar a segunda fase que dende logo a imos abordar.

Sen entrar máis na moción porque xa entrou vostede noutras cuestións, téñolle que dicir que o seu despiste é total. Non van 30.000 euros para o Colexio Alemán en Coia, van 300.000, bastantes máis dos que tiñan vostedes no 2007. De verdade que están despistados, Sra. Iglesias, e ademais vostedes no proxecto dos seus orzamentos non contaban nin sequera cos centros veciñais. Polo tanto que saiban os veciños que vostedes adxudicaron un contrato a sabendas de que adxudicaban algo que ía traer moitos problemas, que ía obrigar a gastar máis cartos de todos os cidadáns e aquí non estamos para regalar os cartos dos nosos veciños e veciñas.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Por alusións, Sra. Iglesias, claro que apostamos polas persoas, facémolo sempre, pero hai dúas formas do facer: dicindo ou facendo cousas.

Primeiro, ten unha ausencia de información que coido que é grave porque estamos falando dos orzamentos municipais. No Centro Cultural da Bouza non van 30.000 euros, van 300.000 euros. Esquecésele a vostede un cero e isto é un tema grave porque para apostar polas persoas o que non hai é que confundilas nunca, hailles que dicir ás persoas a verdade. Hai 300.000 euros para a reconstrución do Colexio Alemán nunha zona que se nos guiamos polo que o Partido Popular quería facer nela faríanse vivendas, edificios, torres e que tivo que ser un goberno progresista e nacionalista de esquerdas quen propiciou que aí non foran edificios e que fora o

Colexio Alemán, algo que veñen reivindicando historicamente os veciños e veciñas de Coia. Hai que se informar.

Pero como “obras son amores” e, efectivamente as obras son importantes tamén para as persoas pero non o prioritario, pódolle dicir que este goberno en seis meses puxo ó dispor da Xunta de Galicia uns terreos na rúa O Grove e hoxe mesmo -pódeo comprobar no DOG- sae a licitación do proxecto e das obras dun centro de día en Coia; en só seis meses.

Contamos o que vostedes puxeron en marcha en tres anos e medio?

SRA. IGLESIAS BUENO: Comezarei polo final. Vostedes puidérono facer en seis meses porque nós o asinamos con don Anxo Quintana en novembro cando estabamos gobernando, iniciamos as xestións desa cesión durante os primeiros anos e por iso vostedes puideron agora mesmo facer ese alarde de xestión, cando un pouco o mérito teno dona Corina Porro que soubo chegar a acordos coa Xunta de Galicia en moitos aspectos e ademais nos temas sociais molestouse bastante porque é un tema que lle interesa moito.

Por outra banda a min gustaríame coñecer eses informes dos que fala o Sr. Rodríguez porque nós non dispoñíamos deles, gustaríame saber a súa data porque de dispoñer deses informes non faría esta moción, nin ó mellor faríamos esa adxudicación. Realmente gustaríame velos e saber de que data son.

O caso é que isto só ten un nome: falla de xestión, falla de seguimento das obras. O único que se pide nesta moción é que tome as rendas do seu Servizo e se poña a traballar xa.

(Están ausentes os Sres. Figueroa Vila e Guerra Fernández e a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e dez votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez e Molares Pérez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal Popular, Sra. Iglesias Bueno, instando o desbloqueo das obras de construción do centro cívico e social "Agarimo" en Beade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

10.- (181).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO A PRESENTACIÓN DUN NOVO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2008-2011.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de decembro de 2007, o concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte moción:

"O paro rexistrado nas Oficinas de Emprego de Vigo vén de se incrementar en mil persoas dende xuño deste ano situándose en case 19.000 os demandantes reais dun traballo na nosa cidade, sendo a construción e os servizos os sectores onde máis se destrúe emprego. Este dato é moi preocupante xa que, segundo a Fundación Provigo que elabora o Boletín do Observatorio de Emprego para Vigo e a súa área de influencia, das aproximadamente 194.000 persoas ocupadas na nosa cidade, un 67% o están no sector servizos e un 27% na industria e na construción

O aumento dos prezos (a inflación interanual situouse en novembro no 4,1%) e non dos salarios, ten desacelerado o crecemento económico: os datos do paro, da venda de automóbiles (con máis dun 25% de auto-matriculacións) o freado en seco da venda de vivendas..., aconsellan polo menos reflexionar.

Diante desta situación o goberno municipal ten dúas opcións: non facer nada (actitude que se ten seguido ata o de agora) ou procurar algunha solución.

Non confiamos na variñña máxica do Sr. Alcalde ou do Concelleiro de Emprego, Santos Hector, pero é necesario polo menos propoñer algunha medida para mellorar a situación actual e, sobre todo, para mellorar a tendencia que xa se albisca.

Cando o Partido Popular tivo a responsabilidade de gobernar esta cidade levou ao Pleno do Concello -e foi aprobado por unanimidade- o actual Plan municipal de emprego 2004-2007, que consistía nun conxunto de programas de emprego, propios e coparticipados, cunha clara intención de integración. Deste Plan de Emprego beneficiáronse máis de 4.500 vigueses e viguesas pero a día de hoxe e a piques de rematar o actual, descoñecemos se existirá un novo Plan de Emprego para Vigo.

Así, a poucos días de que remate un Plan de Emprego Municipal que ten sido un

éxito de todos, o Grupo Municipal del Partido Popular propón ao Pleno da Corporación municipal de Vigo que tome o seguinte acordo:

Instar á Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego a presentar un novo Plan Municipal de Emprego 2008-2011 que deberá ser previamente consensuado cos Grupos Municipais e máis cos axentes económicos e sociais de modo que este sexa, como o foi o Plan de Emprego 2004-2007, un Plan de Emprego de todos e para todos os vigueses que o precisen."

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, en sesión do 17 de decembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

Emenda formulada por escrito de data 20 de decembro polo concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz:

Que o texto do acordo sexa o seguinte:

"Instar á Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego a presentar un novo Plan Municipal de Emprego 2008.2011 que deberá ser previamente consensuado cos grupos municipais e máis cos axentes económicos e sociais".

DEBATE.- SRA. MOLARES PÉREZ: O emprego é un dereito constitucional e ademais un dos temas que máis pode preocupar ós cidadáns e así se reflicte en enquisas recentes do CIS nas que, ante a pregunta de cal é o principal problema que existe actualmente en España, no último informe do CIS o paro aparece cunha porcentaxe do 37,4%, incrementándose respecto ó mes anterior que aparecía cun 35%, polo tanto o paro, o tema do desemprego é un dos temas prioritarios para os cidadáns e se é así por suposto que tamén o é para os cidadáns de Vigo. Na última enquisa do INEM aparecen 18.439 persoas buscando un emprego e polo tanto a elas e ás súas familias este é un tema que lles preocupa.

Dende as distintas administracións o emprego ten que ser unha das tarefas fundamentais nas que traballen posto que o que temos que facer nas administracións é resolver os problemas que demandan os cidadáns. A administración estatal, a autonómica que ten realmente competencias no tema, pero tamén, por que non, os concellos que son a administración máis achegada ó cidadán.

Por iso neste Concello sempre houbo unha implicación cos temas do emprego e o goberno anterior así o amosou elaborando un Plan Municipal de Emprego 2004-

2007 no que se buscou primeiro o consenso de todos os grupos políticos e un mes despois de tomar posesión, en concreto o 26 de xaneiro de 2004, aprobábase por unanimidade un Plan de Emprego con distintas iniciativas enfocado cara dúas áreas fundamentais: a do emprego por conta allea e emprego por conta propia.

Había colectivos prioritarios, como o das mulleres que segue a ser un colectivo prioritario posto que os índices de desemprego nas mulleres son máis altos que nos homes; tamén colectivo prioritario como novidade nese Plan eran as mulleres vítimas de violencia e acadouse traballar nestes anos con elas tentando que a inserción na sociedade fose máis fácil e facilitándolles precisamente a súa normalización. Tamén as persoas con discapacidade eran outro dos colectivos prioritarios e así o amosan os datos de integración no propio Plan.

Para ese Plan buscouse o consenso dos catro grupos políticos e tiña tres obxectivos fundamentais que eran favorecer a inserción dos colectivos con maior dificultade no acceso ó mundo laboral, optimizar o proceso de busca de emprego e tamén pular polas iniciativas do auto-emprego. Para iso traballaron equipos de persoas en distintos momentos segundo os programas que había, pero arredor de 50 persoas estiveron traballando neste Plan, algúns aínda están, e o investimento que o goberno anterior mantiña para este Plan de Emprego era duns 4 millóns de euros anuais, dos que unha parte importante, aproximadamente 2,3 millóns, eran orzamento municipal, precisamente apostando por políticas de iniciativa exclusiva municipal pero tamén buscando a colaboración e o cofinanciamento das distintas administracións, sobre todo da Xunta de Galicia que é quen ten a competencia e polo tanto a capacidade para xerar eses recursos, pero dende o Concello de Vigo se fixo un esforzo para que ese orzamento para o ámbito do emprego tamén tivera un lugar prioritario.

Pois ben, o Plan 2004-2007 está a piques de rematar. Precisamente fíxose non coa periodicidade do mandato, senón seis meses máis, ata decembro de 2007, para que puidera o equipo entrante do novo goberno ter tempo abondo para elaborar un plan e abordar realmente as súas políticas de emprego adaptándoas ás necesidades reais do momento, posto que dende as administracións se hai que adaptar á flexibilidade e ás condicións de cada momento concreto.

No pacto de goberno BNG-PSOE o emprego aparece dentro dos obxectivos e por parte do Grupo socialista, en concreto do presidente desta Corporación, do señor

alcalde, aparecía en campaña como slogan: “Desemprego cero”. Pasaron seis meses e o que vimos son anuncios, aínda que a verdade nestes seis meses vimos menos anuncios, víronse máis en campaña electoral, pero o que si estamos vendo é que o programa remata, que fallan dez días para o remate do ano e observamos que a xente que forma parte deste programa, destas iniciativas, remata os seus contratos e polo tanto non hai unha resposta do goberno.

Diante desa falla de resposta ou polo menos da dar a coñecer á oposición, queremos precisamente traer a este Pleno esta moción na que instamos á Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego a presentar un novo Plan Municipal 2008-2011 que deberá ser previamente consensuado cos grupos municipais e máis cos axentes económicos e sociais, de xeito que este sexa, como foi o Plan de Emprego 2004-2007, un Plan de Emprego de todos e todas para os vigueses que o precisen.

Queremos que por parte do concelleiro responsable da área se explique que quere facer en materia de emprego e esperamos que haxa unha resposta ás demandas dos cidadáns neste ámbito tan importante porque lembramos que precisamente para este goberno e para o señor alcalde o emprego era un dos obxectivos prioritarios. Polo tanto esperamos que neste Pleno nos dean unha resposta do que se vai facer nos vindeiros anos no emprego na cidade de Vigo.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: A verdade é que o ton e o discurso non se axusta para nada ó que presentan na moción, semella que na moción mesturan un pouco de todo pero a proposta que vai ó remate é a que vale. En todo caso algunhas apreciacións, Sra. Molares.

Vostedes fan referencia a datos de emprego, datos da Fundación Provigo e é certo que temos en Vigo rexistrados 18.439 parados, pero mire por onde son 997 desempregados e desempregadas menos que en novembro do ano 2006.

Tamén fan referencia ó incremento do paro na industria, na construción e nos servizos. Se seguimos coa mesma comparación en industria no ano 2007 hai 149 parados menos que en novembro de 2006, na construción, paradoxo, casualidade, hai o mesmo número de desempregados en 2006 que no 2007 e nos servizos tamén en novembro de 2007 temos 720 desempregados menos. Penso que cando os datos se plasman nun papel os hai que dar con máis realidade. Pero ademais na

portada dese informe ó que vostedes fan referencia dise textualmente: “No ano 2006 prodúcese o descenso máis acusado do paro da última década”. Di isto textualmente, e continua: “As altas na Seguridade Social acadan a súa cota máxima histórica en Vigo”. Esquéceselle dicir isto.

É certo que hai situacións, e así se recolleron nos plans municipais de 2000-2003 e 2004-2007, de dificultade no noso municipio e sobre todo cando hoxe temos unha inflación que está a subir, pero tamén hai que dicir que gracias á concertación, aí temos o último acordo interconfederal de hai dous días entre axentes sociais, económicos e o goberno do Estado, onde de novo se fai taxativamente a recomendación da cláusula de revisión salarial que vai facer, Sra. Molares, que a maioría dos traballadores e traballadoras manteñan o seu poder adquisitivo con esa cláusula de revisión salarial.

Polo tanto cando se fala de acordos, de axentes sociais, económicos e dos grupos políticos, dende o Partido Socialista temos bastante máis práctica e convencemento do facer. Vostedes nos últimos anos non fixeron nin un só acordo nin no Estado, nin en Galicia. O propio presidente da Patronal galega, Sr. Fontela, dicía na sinatura dos acordos para a estabilidade do emprego, o novo marco galego de relacións laborais en Galicia, que xa ía sendo hora de que se puideran acadar uns acordos dentro do marco do diálogo social. Iso faise en España cun goberno do Partido Socialista e en Galicia cun goberno do Partido Socialista e do BNG e non con gobernos do PP.

No goberno municipal vostedes tiveron a sorte cando chegaron de que xa viña tradicionalmente o pacto anterior 2000-2003 e xa o tiñan feito. É textual. Eu teño aquí os dous plans, o do 2000-2003 e 2004-2007 e titúlanse igual: “Traballamos polo emprego”, pero se imos ó índice é exactamente o mesmo. Ademais corríxen mal porque aquí falan do PROMIL, vostede hoxe falaba do BIAL; cambiáronlle o nome de PROMIL ó BIAL. Ademais na Memoria do 2004-2007 falaban de 100-150 contratacións e actualmente vostedes deixaron contratados no BIAL 50, 35 beneficiarios e 15 técnicos e capataces e aquí poñían contratacións de 100-150; isto foi o que aprobaron no Pleno. Polo tanto lles veu de corrido e sempre contaron coa responsabilidade dos empresarios e dos sindicatos na nosa cidade.

Por suposto que nós estamos traballando nun novo Plan de Emprego Municipal e presentarémolo tamén para que sexa consensuado no goberno, coa oposición, con vostedes e tamén cos axentes sociais e económicos. Pero ademais ten que ser un

Plan Municipal de Emprego que contemple a realidade actual, que sexa flexible diante das diversas conxunturas e que avance nos Plans Municipais de 2000-2003 e 2004-2007, é dicir, con esa experiencia poder avanzar de xeito notable, e dende logo que avance sobre todo no auto-emprego e máis cando agora mesmo contamos cun estatuto para os traballadores autónomos que fai moito máis beneficioso hoxe poder ser traballador autónomo que antes desta lei que sacou un goberno socialista.

Ademais hai que contemplar ás persoas con discapacidade e contar tamén coas mulleres vítimas de violencia de xénero. Eu estou revisando un pouco as contratacións, Sra. Molares, e non me aparecen por ningures nin as persoas con discapacidade, nin as mulleres vítimas de violencia de xénero, pero si aparecen nos seus discursos e nas súas fotografías pero por ningures nos seus plans de emprego. Repítolle polo tanto que imos ter un novo acordo, que o imos pactar con vostedes, cos axentes sociais, económicos e traerémolo a este Pleno para seguir apostando polo emprego nesta cidade.

Para aceptar a súa moción propoñémoslle a seguinte emenda e que quede o acordo: “Instar á Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego a presentar un novo Plan Municipal de Emprego 2008-2011 que deberá ser previamente consensuado cos grupos municipais e máis cos axentes económicos e sociais”.
Moitas gracias.

SRA. MOLARES PÉREZ: Comprendo que cambiei o texto da moción porque primeiro a presentou un compañeiro e logo presenteina doutro xeito pero vostede contestou ó texto da moción e paréceme que non prestou ningunha atención á miña intervención, ó mellor foi porque había algo de ruído entre as butacas ou porque se traía iso preparado e non foi quen de improvisar. Pero o que me contestou e o que eu lle dixen, a verdade é que pouco ten que ver. Si respondeu a eses datos escritos da moción pero realmente ó que eu lle expuxen na presentación desta moción paréceme, polo menos así o vexo eu, que non me fixo ningún caso.

Dime que os colectivos vítimas de violencia de xénero, que os discapacitados van ser uns colectivos ós que haberá que lle facer caso cando eu precisamente lle estaba dicindo, pódollo demostrar con datos porque senón non traería todos estes papeis que teño aquí, que realmente eses colectivos foron colectivos prioritarios e

así o pon no Plan, ademais as vítimas de violencia e os discapacitados foron novidades. Estes papeis non os fago eu que os fan os técnicos do departamento e pódolles asegurar que ningún deles é do Partido Popular. Nesta táboa que no seu día me prepararon os propios técnicos aparecen: discapacitados 2,9%, mulleres 66,4%, vítimas de violencia doméstica 3,3% e se le documentos que maxino que están na concellería porque quedaron aí, elaborados polos técnicos, porque como poderá comprender eu non os elaboraba, neles aparecen os datos de vítimas de violencia de xénero.

Repito que non son os meus discursos, non son as miñas conferencias de prensa porque realmente están nos datos e aquí ve vostede: vítimas de violencia de xénero 2004 e aparecen 45, no 2005 aparecen 56, no 2006 aparecen 39 e calquera pode saber, polo menos os compañeiros do mandato anterior e senón lles pregunta ós técnicos, que houbo vítimas de violencia traballando neste propio Concello e mesmo cun programa en colaboración coa Xunta de Galicia no que houbo sete persoas.

Ademais algunha desas vítimas de violencia tivo a valentía de saír na Memoria que se fixo precisamente para que foran os axentes que participaban os protagonistas dela. A verdade é que houbo unha vítima de violencia que quixo saír, dar a cara e contar o que fora a súa experiencia. Polo tanto paréceme que está vostede fallando á verdade.

Na exposición dixeran o que se fixera pero sobre todo o que me interesa a min, o que nos interesa ó Partido Popular é saber o que van facer vostedes. Esta área correspóndelle ó Partido Socialista e polo tanto, aínda que pacte co BNG, é unha competencia do Partido Socialista e polo tanto onde vostedes poden marcar as directrices aínda que logo as acorden co BNG e cos grupos da oposición, empezou o Sr. Alcalde en maio dicindo en titulares "O paro será historia".

Eu non digo que o vaian solucionar, tampouco creo nas fórmulas máxicas e teño claro que aínda que o Sr. alcalde diga que o paro será historia, alguén coherente e sobre todo el que é economista, sabe que por moito que se faga no ámbito municipal no ámbito de emprego é difícil acadar que se remate o paro e sobre todo cando se ten un Plan Xeral sen aprobar. O titular segue dicindo: "Caballero asegurou que como alcalde asumirá a responsabilidade de participar activamente na loita contra o desemprego". É dicir, con isto está asumindo que o ámbito

municipal, aínda que é unha competencia autonómica, vaina asumir realmente e sen embargo nos orzamentos do 2008 que hoxe acabamos de aprobar precisamente a súa área é unha das poucas que baixa e baixa un 1,67%, pero se temos en conta que realmente hai unha inflación dende 2005 ó 2008 que pode estar en torno a un 9,3%, o seu departamento baixa ó redor dun 10%. Así é como vostedes a través dos orzamentos que é como realmente se aposta polas políticas, queren apostar pola política de emprego.

Sen embargo a partida de publicidade, o concepto 226.02 increméntase máis dun 200%. Realmente ó mellor a través das publicidades é como consideran que van diminuír o paro nesta cidade.

Dígolles máis, nunha entrevista do 24 de maio o alcalde, cando era candidato, dicía que se dentro duns días se convertía en alcalde de Vigo a primeira medida sería a de poñer en marcha o instituto de promoción de vivenda protexida para construír 6.000 vivendas e de inmediato poñer en marcha o plan de emprego; pero iso dio tamén o 26 de maio: "Caballero promete colgar do Concello un cartel que diga "En Vigo pleno emprego, obxectivo irrenunciabile".

Isto foi en campaña, pero o día 16 de xuño que é o día de toma de posesión, aínda que realmente esta entrevista foi do día anterior a ser alcalde, pregúntalle: Cales serán as primeiras medidas que adopte coma Alcalde de Vigo? A primeira será poñer en marcha o plan de emprego. Se levamos seis meses e a primeira medida ía ser poñer en marcha o plan de emprego, está claro que este goberno non fixo nada.

O día 17 de xuño aparece outro titular que di: "As miñas primeiras medidas serán nas áreas de emprego, vivenda e barrios". En emprego terá feito un plan e eu non llo discuto, pero si lle digo que os técnicos o descoñecen e a Xunta de Goberno non aprobou ningunha asistencia técnica para redactar ese plan. Dubido que sexa vostede só quen redacte un plan de emprego e que o teña aprobado antes do 31 de decembro que remata o ano.

Lémbrolle que o emprego era unha das primeiras medidas que quería tomar e influír o Alcalde e maxino que estará a tirarlle das orellas porque a 20 de decembro está sen elaborar e debería facelo e se non o fai el está a oposición para llo lembrar.

Nunha das primeiras xuntanzas que viu o conselleiro, Ricardo Varela, comprometía 167 millóns para a cidade de Vigo para ese obxectivo prioritario deste goberno. Nos

orxamentos de 2008 descoñecemos onde están eses millóns ou polo menos, como era ata o ano 2009, a metade, fáltannos 87. O que si sabemos é que o programa Labora da Xunta de Galicia desapareceu e na memoria aparecen o número de persoas que estiveron participando co Plan Labora e que moitas delas atoparon traballo.

O que miramos é que a única contratación anunciouse a través da prensa este venres, selección de axentes de emprego e desenvolvemento local, con un límite de datas para entregar a solicitudes o luns 17. Isto logo de que se pidiran candidatos ó INEM. Fainos dubidar de como se está a traballar nesa concellería.

Neste momento descoñecemos a materia de emprego, dende o ámbito municipal pódese influír; hai un programa nestes intres que é o Bial, antes foi o Promil, que ten diferencias pero é unha iniciativa municipal na que se desenvolveron actuacións. En materia de emprego a competencia é doutras administracións, sobre todo da Xunta de Galicia e por tanto é a elas ás que hai que pedir financiamento.

Neste momento dispoñen dunha escola taller relacionada con temas do mar que foi unha iniciativa importante desenvolvida nestes anos, pero hai un contrato onde se van desenvolver esas actividades. Se é unha escola de mar non se vai desenvolver no monte, terá que se facer preto do mar e hai unha nave alugada no Vao para a que vostedes asinaron unha prórroga do contrato ata o 31 de decembro e no expediente aparece unha carta do propietario dicindo que nos meses anteriores tiñan que negociar unha viabilidade desa escola e a día 20 de decembro, eu reviso todas as semanas a Xunta de Goberno, non mirei que fose outro contrato de aluguer, está a piques de rematar e non sei cando van empezar traballar eses mozos na escola-taller porque dubido que teñan claro que poidan desenvolver as súas actividades onde o facían ata o de agora. Quédanlles poucas Xuntas de goberno para levar ese expediente neste ano.

Tampouco presentaron ningunha solicitude á convocatoria que houbo do Fondo Social Europeo. O que si estamos mirando é que os coordinadores das distintas áreas do departamento de Emprego, noutra entrevista que fixo recentemente, o 24 de outubro, preguntanlle se hai planes concretos e vostede di que o servizo de asesoramento a emprendedores funciona moi ben, sen embargo hai máis dun mes que a coordinadora está na rúa e non se sabe que vai pasar. Os tres servizos que están en marcha que son o SOL, o SAE e o CITIC, están os tres sen coordinadores,

todos os programas están no ar e por riba todos os técnicos que traballan na concellería, o 31 de outubro, hai máis de dous meses, piden unha entrevista urxente con vostede, co concelleiro de Persoal e ó Alcalde e ata o día de hoxe. Máis de dous meses sen os recibir, iso que se supón que vostede pola súa traxectoria tería que ter sensibilidade.

Faime gracia porque nunha entrevista recente di: "Imos facilitar espazos para lanzar emprendedores". Deixouse feito o programa "Conta con elas", que vostede clausurou hai uns días e como é habitual non nos invitou, no que traballamos conxuntamente distintos concellos pero no que Vigo tivo unha presenza importante dende as concellerías de Emprego e Muller, deixouse posto a disposición un viveiro de empresas para mulleres que só faltaba rematar a redacción das bases para seleccionar ás emprendedoras e ata o día de hoxe, non se sabe, non se coñece, a xente do SAE pídelles a vostedes explicacións para ver se seguen citando a xente ou non porque os seus contratos acaban e tampouco lles dan explicacións.

Do plan de emprego 2004-2007 poderíamos estar a falar moito pero ese non é o tema. O tema é o futuro, é que vai pasar a partir de 2008 e vostede limitouse a falar de cuestións do pasado que se llas podo discutir ou non pero o que coido que hai que pensar é no futuro, no que queren facer, que queren priorizar. Como van contar coa oposición se a 20 de decembro nin sequera dixeron, nin a nós nin ós propios técnicos do departamento, que é o que van facer e iso que esta é unha das áreas prioritarias.

Con esta intervención que fixo me quedo preocupada por cal vai ser o futuro do emprego na cidade de Vigo. Está claro que as cifras se poden ver dun xeito ou doutro, vostede falaba de que un mes pode ser máis alto e outro máis baixo, por suposto, eu tamén podo quitar cifras que nos últimos meses pasou de dezasete mil e pico, dezaioito mil e pico. Pero o importante é que haxa un traballo, unhas ganas de facer as cousas e de mellorar a situación do desemprego na cidade de Vigo.

Sinceramente non o vexo, non vexo como vostedes van abordar esta situación e preocúpame aínda máis sabendo que esta é a prioridade deste goberno. Se é así, en seis meses, a piques de rematar o plan, non hai nin unha soa noticia. Eu esperaba que hoxe vostede polo menos me dixera algunha das liñas polas que vai ir, será segredo pero coido que é importante que todos aportemos.

O 26 de xaneiro, cando se aprobou o plan municipal, agradecín a todos os grupos a

confianza e o apoio que nos daban, eramos un grupo en minoría e acadamos o apoio do Partido Galeguista, do Bloque Nacionalista Galego e do propio Partido Socialista pero tampouco coido que o mérito fora totalmente meu. Tiven xuntanzas con cada un deles, tentei explicarlles o que iamos facer e que aportaran cousas se crían que se podería mellorar porque realmente coido que o emprego é o suficientemente importante como para que todos podan participar.

Vostede elixe outro xeito, elixe facelo segredo e traer un gran plan. Asegúrolle que dende o Partido Popular estaremos encantados de que con ese plan que presenten consigamos o pleno emprego e que o "slogan" do Sr. Caballero sexa un éxito e que en Vigo haxa desemprego cero. Estaríamos encantados porque iso sería traballar polos cidadáns e estaríamos moi a gusto de que así fose.

Pero non coidamos que sexa por aí por onde vaian as cousas. Vostede participou dentro dese plan mesmo asinando o acordo de condicións socio-económicas, naquel intre era Secretario Comarcal. Traballou e apoiou ese plan e eu esperaba máis de vostede, esperaba que hoxe aquí nos amosara por onde vai ir ese plan de emprego.

Vostede presentou unha modificación ó texto para acadar a aprobación desta moción que maxino que o cambio que propón é que non se colla coma exemplo do 2004-2007 que é máis ben o que cambia. Segue falando que se aprobe un plan 2008-2011, que se consensual, pero elimina a referencia ó 2004-2007. Non queremos ter ningún tipo de protagonismo, non nos importa. O que queremos é que se aprobe un plan e por tanto aceptamos esa modificación porque queremos que voten a favor e que academos ese obxectivo que sería bo para todos os cidadáns.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Vostede entre outras cousas foi concelleira de Emprego e coñece perfectamente a situación da concellería e dos contratos que hai. Ademais unha concellería que durante o seu mandato só tiña un técnico e un posto de administrativo, que vostede non foi quen sequera de cubrir de forma interina porque está en comisión de servizo, polo tanto a súa preocupación neste sentido é pouca.

De todos os xeitos agradezo que estean polo labor de pactar e chegar a acordos para un plan de emprego que cubra estes catro anos. As cousas non polas facer

axiña saen mellor. Vostede sabe a realidade de toda a situación dos contratados porque vostede mesma, cando lle propuxemos que había que abordar esa cuestión a raíz dos acordos para a mellora e estabilidade do emprego no ámbito do Estado, dixo que se seguía xa o arranxaría e se non que o arranxen os que veñan.

Non pode vir aquí dar leccións de moralidade nin de ningún tipo, mesturando ademais a situación laboral da concellería cun plan municipal de emprego que é para todos os vigueses e viguesas.

Di cousas que non se axustan á realidade. Fala de que non se presentou ningún plan do Fondo Social Europeo; sabe que temos de prazo ata mediados de febreiro para a presentación dese plan, está bastante avanzado e traerémolo no seu momento á Xunta de Goberno Local para que todo o mundo o coñeza e forme parte dese plan.

Ademais a Xunta de Galicia dentro dos seus acordos está a desenvolver pactos territoriais polo emprego onde, ademais dos axentes sociais e económicos, se inclúen os propios municipios. Dentro dese marco da Xunta de Galicia é onde se teñen que desenvolver, xa dicía vostede que as competencias están noutras administracións. Non podemos facer un plan que non estea conectado co que están acordando os axentes económicos e sociais e máis as administracións na nosa Comunidade Autónoma e por iso aí vai ir dirixido, sobre todo nun momento no que o desemprego baixou de forma notable, a aquelas persoas que teñen especial dificultade para atopar un emprego.

Non me parece que o número do 2% de discapitados contratados sexa algo de éxito á vista da cantidade de persoas con discapacidade que están a demandar un posto de traballo e que llo procuremos dende esta administración para que ademais poida ser o seu enganche para outras empresas do ámbito privado.

Agradézolle a súa preocupación, debe ser aquí, neste Concello de Vigo, nas administracións locais onde o Partido Popular amose de verdade unha preocupación porque cando gobernou no Estado e en Galicia a verdade é que non se destacou para nada nas súas políticas de emprego senón que todo o contrario.

SRA. MOLARES PÉREZ: Como imos votar todos a favor só recalcar dúas cuestións. En referencia ó que segundo vostede eu dixen sobre os traballadores de que "isto queda así e xa o resolverán", o Real decreto lei 5/2006 que aprobou o Partido

Socialista, que para min e coido que para moita xente está mal feito porque o título dese decreto era "Para a mellora e o crecemento do emprego" pero quen o redactaron non tiveron en conta as propias políticas que o mesmo Partido Socialista pon en marcha e agora crea problemas nas administracións públicas, sobre todo nos Concellos, mirámolo co persoal da oficina de Inmigración, mirámolo agora con todo o departamento de emprego, é verdade que no seu día non deixei condicionado ó seguinte goberno a actuación que podería realizar porque se o tivera feito naquel intre os grupos da oposición teríanme dito que eu non tiña capacidade para decidir sobre o futuro do persoal deste Concello, porque realmente era unha decisión que correspondía adoptar ó seguinte goberno.

Tamén lle aseguro que se o Partido Popular gobernara a situación deses traballadores estaría solucionada ou polo menos nos reuniríamos con eles, non tardaríamos dous meses para os recibir, ben o concelleiro de Emprego, o de Persoal ou a propia Alcaldesa, pódolle asegurar que terían unha resposta, positiva ou negativa, pero polo menos teríamos a sensibilidade de nos xuntar con eles e dicirlles qué ía pasar co seu futuro, cousa que vostedes non fixeron.

Dicían que eu non me preocupei porque o departamento de Emprego tivera persoal. Lémbrolle que só aprobamos un orzamento porque vostedes non nos deixaron aprobar máis. Orzamento no que ía unha oferta de emprego público máis ampla da que vostedes presentaron no orzamento actual e vostede, naquel intre como parte da representación sindical nunha xuntanza na que estivemos eu coma concelleira e vostede como representante de UXT, dicía: "A comisión paritaria insistiu na necesidade de crear novas prazas para esta área na relación de postos de traballo, RPT, que anualmente se completa coas correspondente oferta de emprego público".

Non se fixo absolutamente nada nesta oferta de emprego público, optouse por outra política de persoal, por contratar das corenta prazas creadas doce asesores e o resto en distintos departamentos e no orzamento 2008 deste Concello hai unha falta absoluta de apoio ás políticas de emprego. Espero que, coas influencias do Sr. Alcalde, a Xunta de Galicia cumpra con ese compromiso dos 167 millóns de euros para apostar polas políticas de emprego desta cidade.

Coido que é a súa responsabilidade e, inda que por estes seis meses xa non esperamos moito das promesas deste goberno, agora que está cerca o Nadal

gustaranos pensar que no tema do emprego vostedes van poder cumprir. Van poder contar coa nosa colaboración para poder sacar ese plan adiante. Se nos piden suxestións, faremosllas chegar e esperamos que sexan un pouco rápidos. Tiveron seis meses, acábase e o departamento queda totalmente desfeito porque os últimos contratos rematan o 31 de decembro.

Non é unha cuestión de ir máis rápido ou máis lento. Se bota os tres anos ó mellor lle sae un plan xenial pero xa non o faría. Pídlle que se poña a traballar, que non colla vacacións de Nadal e que nos presente un plan de emprego coa maior rapidez porque o 1 de xaneiro o departamento de Emprego queda co concelleiro, o técnico e coa auxiliar que contrataron na última Xunta de Goberno.

A PRESIDENCIA: A moción quedaría da seguinte forma coa emenda presentada: Instar á Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego a presentar un novo plan municipal de emprego 2008-2011 que deberá ser previamente consensuado polos grupos municipais e máis cos axentes económicos e sociais". Vótase con este texto.

(Está ausente o Sr. Guerra Fernández).

A Presidencia somete a votación a moción formulada polo Sr. Fidalgo Iglesias xuntamente coa emenda formulada polo Sr. Rodríguez Díaz transcrita nos antecedentes.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Instar á Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego a presentar un novo Plan Municipal de Emprego 2008.2011 que deberá ser previamente consensuado cos grupos municipais e máis cos axentes económicos e sociais.

11.- (182).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOLICITANDO O CAMBIO DE DIRECCIÓNS DE TRÁFICO EN RÚAS DA PARROQUIA DE NAVIA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 13 de decembro de 2007, o concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. Coello Bufill, formula a seguinte moción:

"A seguinte petición que presentamos para súa aprobación no Pleno, como apoio á proposta da Asociación Veciñal de Navia, pretende avalar unhas modificacións de tráfico no contorno da parroquia.

No seu día, hai meses, técnicos do Departamento de Tráfico do Concello reuníronse con veciños da parroquia que solicitaban a muda de direccións de sentido nas rúas próximas á Avenida de Europa, como a rúa Pereiras, Lourido, Cerqueiro e Bravo. As primeiras impresións sobre o terreo valoraban positivamente a posibilidade de acceder á demanda dos veciños da zona.

En concreto a Asociación Veciñal de Navia solicita que a rúa Bravo teña dirección tanto á Avda. de Europa como á rúa San Paio; que a rúa do Cerqueiro teña dirección de circulación cara á rúa Lourido; que á rúa Lourido sexa dirección á rúa Bravo e que a rúa de Pereiras teña acceso desde a rúa Bravo.

Tendo en conta e considerando que no Departamento de Tráfico se coñece a situación que presentamos, este GM solicita que a petición que formulamos teña unha acollida favorable e se poidan aplicar as medidas demandadas no tráfico rodado nas rúas mencionadas.

Entendendo ademais que non debería afectar ao resto de rúas do contorno, xa que se trata dun pequeno núcleo de rúas que dan servizo aos veciños da zona e que permiten, así, unha maior fluidez no tráfico de vehículos.

Diante destes antecedentes, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación municipal de Vigo que tome o seguinte acordo:

Que o Goberno municipal dea as instrucións precisas para mudar as direccións de tráfico das rúas Pereiras, Lourido, Cerqueiro e Bravo na parroquia de Navia, tal e como solicita a Asociación Veciñal, co obxectivo de mellorar a mobilidade dos seus conveciños e máis axilizar o tráfico rodado nese contorno da cidade."

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 17 de decembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. COELLO BUFILL: O Grupo Popular trae esta moción para tentar modificar e mellorar a situación na zona de Navia apoiando un escrito que presenta a Asociación de Veciños de Navia. Como saben toda a zona sufriu un incremento moi notable como consecuencia das novas urbanizacións, con asentamentos de poboación e novos servizos. Por isto se xeran unha serie de tráfico que inciden na

vida dos cidadáns que alí viven.

Nun determinado núcleo urbano, case rural como é a zona de Navia, circunscrito ás rúas Pereiras, Lourido, Cerqueiro e Bravo, poderíamos mellorar substancialmente eses tráficos interiores ordenando razoablemente esa zona de acordo coa petición que fai o escrito da Asociación de Veciños.

Coido que esa ordenación é unha cousa sinxela, hai algunhas rúas alternativas para incluír direccións únicas. Eu visitei esa zona e os aparcadoiros nunha das rúas impiden que os autobuses escolares poidan transitar de xeito razoable. Melloraría o tráfico e acadaríamos unha mobilidade sostible moito mellor para todos os cidadáns.

En concreto o que se insta ó grupo de goberno, se aceptan esta moción, é que se dean as instrucións precisas para mudar as direccións de tráfico das rúas Pereiras, Lourido, Cerqueiro e Bravo na parroquia de Navia, tal e como solicita a Asociación Veciñal, co obxectivo de mellorar a mobilidade dos seus veciños e máis axilizar o tráfico rodado nese contorno da cidade.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Por suposto agradezo o ton da intervención do Sr. Coello para a continuación manifestar o meu asombro por esta moción porque cando eu a recibín o luns 17 na comisión informativa, hai catro días, pensei que non sabía nada. Inmediatamente tomei a resolución de que se estudase porque no texto da moción parece que xa está o tema estudado dende hai meses e quedei sorprendido porque non tiña ningún coñecemento. Pedín que me buscaran os posibles antecedentes deste tema, convocar inmediatamente ós veciños de Navia xa que non tiña noticia de tal reclamación porque, como vostede moi ben sabe, no departamento de Seguridade e Mobilidade estamos desexosos que o maior número de veciños e de rúas estreitas da cidade nos nosos barrios e parroquias poidan pasar a ser direccións únicas co acordo dos veciños porque é algo absolutamente vital para a mobilidade.

Falado cos veciños atópome que o único que había era unha xuntanza o 14 de xuño de 2007 do Sr. Coello con eses veciños, poucos días antes de que tomara posesión este goberno, na que en efecto se formulou esa reivindicación, cun pequeno "mono" de como quedaría a mobilidade nesa zona e nada máis. Debe haber algunha reclamación posterior ou algo porque non souben nada e esta mesma

mañá chegoume un escrito da Asociación Veciñal de Navia, con Rexistro do día 11, coa solicitude dunha entrevista para tratar este tema, sabe que os papeis tardan uns días en chegar ós concelleiros.

Xa non era necesario porque debido a súa moción obviamente movemos o tema, reunímonos cos veciños e temos o acordo tomado en principio de acordo dos veciños. Algo que era un "mono" agora xa está máis desenvolvido e en efecto se toman esas resolucións de direccións únicas que vostede pide.

É obvio que a disposición do noso departamento é nesta dirección e sorprende que non houbera nada previo e que en todo caso eu tivera coñecemento por esta moción, que polo menos vale para unha cousa: para que eu en dous días puidera mobilizalo para tomar a resolución e que se faga canto antes, en canto estea confirmado ese amplo consenso como xa o falamos cos veciños. Xa se dixo que confirmado ese consenso, os primeiros días do ano van contar con esa nova ordenación do tráfico que obviamente é positiva para a zona.

Esta moción polo menos valeu para a resolver antes de que me chegara a solicitude dos veciños. Paréceme moi ben pero quixera facer unha reflexión dun alcance un pouco maior: hai que ir pensando un pouco que o bo non é a cantidade senón a calidade porque a verdade é que sería moito mellor para os cidadáns de Vigo, para a prensa, para nós e para vostedes mesmos, que da a impresión que se aburren a si mesmos porque normalmente están moitos membros dese lado da bancada fóra do Pleno da Corporación, xa non digo os voceiros que case é falta de respecto a este Pleno. Coido que sería moi bo que viran un pouco máis a calidade das mocións que a cantidade. As mocións non se poden medir ó peso porque nos aburren a nós, á prensa e sobre todo coido que é malo para a cidadanía porque é necesario que este Pleno da Corporación teña a calidade que obviamente non debe perder.

SR. COELLO BUFILL: Trouxen esta moción como é a miña forma e estilo de actuar en política, como é a miña forma de ser e vostede Sr. Calviño non me vai cambiar nunca. Dígoo con tremendo respecto ó seu grupo, ó seu presidente e a todas as persoas que están nese lado.

A vostede sempre lle perden as formas e sinto dicilo porque vostede por riba é docente inda que eu non tiven a sorte de asistir a ningunha clase. Demostroullo o

ano pasado e fíxoo neste comezo de mandato en moitas ocasións. Aguantei estoicamente por prudencia e cunha absoluta paciencia moitas diatribas e cousas que mencionou en moitos postos que ocupou, dende o posto no que está o Sr. Font ata onde está agora.

Sinto dicirlle isto porque no fondo estamos de acordo nunha moción que vai mellorar substancialmente a seguridade nesa zona para determinados veciños que alí viven e iso é o que debe interesar ós cidadáns. Eu quero mirar cara ó futuro, quero desexar que vostedes acerten na súa política, pero nós estamos aquí para fiscalizar, impulsar e mellorar a política de todos os cidadáns de Vigo.

Non estou disposto a que vostede sempre que tome a palabra saque os pés do testo, dígollo con absoluta honradez e sabe que entre vostede e máis eu houbo determinadas circunstancias persoais nas que eu fun o primeiro en me interesar por vostede. Non quero comentar máis cousas porque se trata desta moción e quero buscar exclusivamente a mellora dos cidadáns de Navia.

Non teño ningunha culpa nin responsabilidade de que a través do Rexistro non lle chegara o escrito en tempo en forma, aí carezo de absoluta responsabilidade e competencia. O que si lle pido é que mellore a calidade de vida dos cidadáns e que sexa esa a súa vida e o seu futuro.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Lamento que o Sr. Coello tomara isto a nivel persoal porque entre outras cousas dixen que esta moción polo menos serviu para que se axilizara unha cousa en función dun coñecemento que tiven o pasado luns e que poderá estar na práctica de inmediato.

Supoño que esa referencia ó interese por min foi cando tiven o accidente de bicicleta e agradézolle a súa boa disposición, a súa visita ó hospital, etc., pero máis aló das reflexións persoais que sabe que non teñen nada que ver neste tema, o que fixen foi unha reflexión política porque esta cidade e un bo goberno necesitan unha boa oposición. Eu que vivín diversas Corporación municipais estou preocupado polo nivel de desvalorización dos Plenos da Corporación que se está acadando, que se moven ó redor de mocións que presenta a oposición.

Estou preocupado pola desvalorización, por como está a caer o nivel desta Corporación debido fundamentalmente a iso e porque estou preocupado de que haxa unha boa oposición, porque un bo goberno necesita unha boa oposición, é

polo que fixen a reflexión anterior que era xenérica e non tanto pola súa moción, senón por outras que temos que escoitar neste Pleno.

SR. COELLO BUFILL: Non entendo a súa resposta. O nivel baixouno vostede pola súa incapacidade. Se eu me decatei antes teño a obriga de actuar con celeridade, con urxencia, con eficiencia, con eficacia, para resolver ese problema.

Saia vostede do despacho, vaia ás parroquias e decátese dos problemas.

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e as Sras. Díaz Vázquez, Molares Pérez e Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. Coello Bufill, solicitando cambios na dirección do tráfico en rúas da parroquia de Navia, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

12.- (183).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO Ó GOBERNO DO ESTADO E Á XUNTA DE GALICIA A POSTA EN FUNCIONAMENTO EN VIGO DA AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL GALICIA-NORTE DE PORTUGAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 13 de decembro de 2007, a concelleira do Grupo municipal Popular, Sra. Porro Martínez, formula a seguinte moción:

"A mancha urbana Vigo-Porto é a área transfronteiriza que máis crece na Unión Europea segundo o Eurostat. O percorrido entre ámbalas dúas localidades ofrece mínimos fragmentos despoboados. O crecemento industrial, o intercambio de man de obra e a permeabilidade do espazo fronteirizo explican este fenómeno, que nos sitúa coma unha das conturbacións de máis proxección a medio prazo.

Algúns datos avalan esta consideración: máis de 70.000 empresas, un Produto Interior Bruto (PIB) similar ao de Chile, unha superficie territorial de 50.000

quilómetros cadrados, maior que Dinamarca ou Suíza, que concentra unha poboación superior aos 6,5 millóns de habitantes, máis que Irlanda ou Noruega.

A creación de organismos que traballen no desenvolvemento da eurorrexión ten de ser, xa que logo, un claro obxectivo das administracións públicas. A creación de sistemas de cooperación entre Galicia e o Norte de Portugal, que artellen de maneira máis eficiente a nosa relación, é un bo xeito de avanzar na consolidación da eurorrexión.

O 31 de marzo deste ano o Presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, anunciou en Vigo a creación da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal, logo de fracasaren no seu compromiso de crear, tamén en Vigo, a Axencia Hispano-Lusa de Desenvolvemento, que finalmente foi levada polo Vicepresidente Solbes a Badaxoz. Outro fracaso do Goberno galego e outro compromiso incumplido con Vigo.

Sen embargo, rematamos o ano e tamén a posta en marcha da ACTE está no aire. O Goberno do Estado, e en particular o Ministerio de Administracións Públicas, aínda non publicou no BOE o decreto lei que deberá regular a creación da prometida Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal.

No Grupo Municipal do PP estamos convencidos da bondade da creación de organismos que contribúan na xestión e execución de fondos comunitarios de xeito máis eficiente como tamén o estamos das oportunidades que ofrecen ás cidades sedes destes organismos na obtención de maior capacidade para abordar proxectos comunitarios adicionais.

Logo do fracaso do goberno galego na constitución da Axencia Hispano-Lusa de Desenvolvemento e á vista do evidente atraso na creación da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal, o Grupo Municipal do PP propón ao Pleno da Corporación de Vigo tome o acordo que segue:

Instar ó Goberno do Estado e á Xunta de Galicia a que leven a cabo as xestións necesarias para que se poña en funcionamento de xeito inmediato en Vigo a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal, e que esta dispoña de capacidade xurídica propia para xestionar fondos comunitarios."

A comisión informativa de Cultura, Industria Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 17 de decembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

Emenda formulada por escrito de data 20 de decembro , polo concelleiro do Grupo Socialista, Sr. López Font:

Reiterar ó Goberno de España a aprobación, no menor prazo posible, do Real decreto remitido ó Consello de Estado relativo á constitución de Agrupacións Territoriais e que posibilite o acordo adoptado entre os gobernos da Xunta de Galicia

e de Portugal de constitución da "Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal" e que terá a súa sede en Vigo en base ó devandito acordo.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Gustaríame empezar esta intervención amosando o meu apoio a don Antonio Coello en todo o que ten dito e preocupándome porque ó Sr. Calviño lle moleste que a nosa actividade política lle supoña unha perturbación polo número ou pola calidade das nosas intervencións. Entendo que democraticamente correspóndenos presentar estas mocións e defendelas e en todo caso serán os cidadáns quen xulguen a calidade das mesmas, non vostede, Sr. Calviño. Coido que o Sr. presidente da Corporación debería dicirlle algo ante as súas actitudes cara o exercicio da nosa democracia.

Entrando no tema desta moción podemos facelo en dous aspectos. Maximo que todos nos preguntamos que é a Agrupación Europea de Cooperación Territorial entre Galicia e o norte de Portugal, porque a mi pasoume. Seguindo a vía da ensinanza á que nos teñen vostedes acostumbrados en non poucas ocasións, diríalles que podemos dar unha definición dende dous puntos de vista, un político e outro xurídico.

Dende o punto de vista político, podemos dividilo en dous aspectos. A Axencia Europea de Cooperación Territorial podemos definila por unha banda como o soño do Sr. Touriño o 31 de marzo deste ano e pola outra a constatación da ingravidez política do alcalde deste Concello para acadar determinados organismos para Vigo. Dende un punto de vista xurídico o regulamento 1082/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, establece un novo instrumento de cooperación a escala comunitaria no marco da política rexional da Unión Europea, a súa disposición xeral necesaria para permitir, con independencia das regulacións nacionais, unha certa personalidade xurídica ós entes como poden ser as eurorrexións, como é o caso de Galicia e o Norte de Portugal.

Sinala o regulamento que a agrupación debe poder actuar ben para poder aplicar programas ou proxectos de cooperación territorial cofinanciados pola Comunidade, en particular con rango ós fondos estruturais conforme ó regulamento da Comunidade Europea, ou ben para levar acabo accións de cooperación territorial por iniciativa exclusiva dos Estados membros e das autoridades rexionais e locais

con ou sen intervención financeira de Comunidade.

Trátase sobre todo dun novo organismo que precisamente busca constatar esa realidade da eurorrexión á que aludía ó principio desta intervención. 50.000 Kms. cadrados de territorio, 6,3 millóns de habitantes na súa área de influencia, unha das máis importantes de toda a Unión Europea, 100.000 operacións comerciais anuais entre Galicia e o Norte de Portugal, un 60% do comercio transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal.

Se é que algún día o miramos funcionar na nosa cidade, entendemos que é un organismo que debe ter capital importancia e por iso reclamamos na nosa moción que se inste ó Goberno do Estado e á Xunta de Galicia para que o leven a piques.

SR. LÓPEZ FONT: En primeiro lugar quero no nome do goberno agradecer de xeito moi sincero esta moción presentada. No escrito da moción asinado pola Sra. Porro, pon en valor o compromiso do actual goberno da Xunta con esta cidade, o seu grao de implicación e a consecución permanente de melloras. Este tema tivo un tratamento directo entre o Alcalde de Vigo e o Presidente da Xunta no momento da toma de posesión do Alcalde no mes de xuño. Pero tamén tivo conversas e contactos oficiais coa ministra de Administracións Públicas.

Son vostedes quen afirman que o día 31 de marzo o Presidente da Xunta comprometeuse a que esta Agrupación Territorial se constituiría e propiciar que Vigo fose a sede dun organismo da Unión de Europea; díxoo vostede e é a verdade. É unha mágoa que no texto da moción confunda "axencia" con "agrupación". Aínda que aquí todos tratan de dar leccións e clases, maxino que é moi posible que sexa produto do descoñecemento nunha materia tan ampla como é a lexislación e organización da Comunidade Europea.

Para Vigo é moi importante e nós valoramos enormemente o compromiso que o Presidente da Xunta tivo o 31 de marzo de creación en Vigo dunha Agrupación Europea que foxe sede. O compromiso do Presidente da Xunta é tan firme con esta cidade que xa solicitara anteriormente á data na que fixo público a constitución da dita agrupación. Pero como vostede ben dixo e é parte da contradición na argumentación que manifestan, esta Agrupación é unha figura xurídica que non existe no ordenamento español e coido que o sabe ou debería sabelo.

Efectivamente Bruxelas aprobou un regulamento europeo que regula estas

agrupacións; corresponde ó Goberno de España en exclusiva a adaptación ou transposición desta lexislación e regulala para que se adapte á lexislación española. É precisamente esa forma xurídica a que se debe regular necesariamente por Real decreto, precisamente pola inexistencia actual desa figura xurídica que mencionaba. Este Real decreto debe ser aprobado por Consello de Ministros previo informe do Consello de Estado. É nesta fase na que se atopa a situación de desenvolvemento das agrupacións territoriais, precisamente pola implicación do presidente da Xunta, polo fronte común que fixo co alcalde desta cidade para dotar á cidade de Vigo da maior presenza de organismos de todo tipo, neste caso concreto europeos.

Por todo isto este goberno, nesas conversas e encontros ós que fixen mención anteriormente, xa solicitou do Ministerio de Administracións Públicas la aceleración destes trámites, que teñan a maior celeridade para precisamente dar un contido político importante a unha agrupación territorial que xa está comprometida entre o goberno da Xunta de Galicia e o goberno Portugués e que terá a súa sede en Vigo.

Polo tanto se comecei agradecendo a moción é precisamente porque, pola contra do que di vostede e dese discurso tan repetido que cae de seu do "peso político" deste Alcalde, demostra precisamente o peso político que ten o alcalde e a consecución de determinadas cuestións das que evidentemente o anterior goberno municipal non podía xa presumir, senón que nin sequera mencionar.

Como queira que estamos de acordo co fondo da moción, é sinxelamente no texto no que recabamos a súa conformidade en tanto que entendan que nós, por toda a argumentación que dixen anteriormente, non podemos aprobar instar ó Goberno do Estado Español e ó da Xunta de Galicia á creación destas agrupacións porque xa se fixo, xa ten un percorrido, por iso presentamos un texto alternativo buscando a confluencia con vostedes, que este Pleno se manifeste nunha cuestión tan importante para nós, como entendo que para vostedes na medida que o presentaron, pero que o texto se refira a "reiterar", porque coido que non sería bo que instemos algo que xa está en desenvolvemento e vostedes coma oposición responsable téñeno que asumir.

Coido que como este Pleno vai de consenso como demostrou a Sra. Molares anteriormente aceptando a emenda que presentou o concelleiro de emprego, como coido que se axusta moito mellor á pretensión de todo este Pleno, vou presentar un

texto alternativo que di: "Reiterar ó Goberno de España a aprobación no menor prazo posible do Real decreto remitido ó Consello de Estado relativo á constitución de Agrupacións Territoriais e que posibilite o acordo adoptado entre os gobernos da Xunta de Galicia e norte de Portugal da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal e que terá a súa sede en Vigo en base ó devandito acordo".

A pretensión é esa, manifestar o acordo deste Pleno e que quede constancia de que esta Agrupación Territorial vai ter a súa sede en Vigo. Como coido que en síntese era o que pretendían, espero poder contar coa conformidade do Grupo Popular.

SR. CONDE GIL: Alédame que o Sr. López Font coñeza perfectamente o procedemento que debe seguir este tema. Tamén me sorprende que non coñeza as actuacións do Sr. Touriño e do Secretario Xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia que recentemente se sorprendía de que ningún estado tivese aprobado as disposicións necesarias para a aplicación efectiva desta Agrupación.

Nós presentamos esta moción evidentemente dende un punto de vista construtivo porque queremos traer para a nosa cidade esta Agrupación. Tamén o facemos conscientes de que estamos acostumados ós constantes incumprimentos da Xunta de Galicia, o que redundará un pouco na preocupación e no feito de que non vaiamos modificar a nosa moción porque entendemos que en absoluto estea claro que a Agrupación vaia estar na cidade de Vigo como di vostede, Sr. Font.

Falaba de incumprimento e de soño do Sr. Touriño na miña anterior intervención porque hoxe en día, para sorte ou para desgracia de todos nós e tamén para o seu grupo político, temos Internet e as hemerotecas, cada vez máis accesibles a todo o mundo. Se quere ó rematar o Pleno lle facilito copia do discurso do Sr. Touriño o 31 de marzo de 2007 que di que antes de que remate este ano a Agrupación vai estar funcionando no CETMAR. Estamos a día 20 de decembro, época pre-navideña e, dada a incongruencia entre o Secretario Xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia e un dos Presidentes da Xunta, paréceme difícil que se compaxinen ambos temas e que ó final deste ano estea no CETMAR tal e como afirmara.

Pero vou ir máis alá de por que temos preocupación de que este tema chegue nalgún momento a se materializar e ogallá que así sexa porque ese é o espírito da nosa moción.

Temos que partir da visión histórica do por que se presenta este tema. Preséntase pola ineficacia, pola incongruencia, pola falta de liderado do Sr. Touriño no momento en que a Axencia Hispano-Lusa de Desenvolvemento vaise a Badaxoz por unha imposición do Sr. Solbes. É máis, quérolles lembrar porque tamén nestes casos é bo botar man da hemeroteca, que no ano 2003, o 13 de decembro, o tan *demonizado* por vostedes Sr. Aznar, Presidente do Goberno de España naquel intre, fixo un anuncio oficial de traer a Axencia Europea de Pesca para a cidade de Vigo. Iso chámase vontade política. Tamén se chama peso de quen a partir desa data empezou a súa carreira desta cidade. O resto son historias.

É máis, o 1 de xullo o Sr. Touriño defende nun foro europeo realizado en Baiona que a sede sexa en Vigo. Imos ver, o 31 de marzo era en Vigo e o 1 de xullo temos que o defender? É unha incongruencia. Hai outra máis: o 1 de xullo tamén nos di que a Agrupación Europea "tería" sede en Vigo, non é unha afirmación de que a vai ter e isto ven publicado na propia páxina web do Partido Socialista de Galicia-PSOE. Se quere logo tamén lle facilito unha copia.

Tamén nos preocupa que a propia Comisión Europea descoñeza que sucede con esta Agrupación. Así, a Sra. Hubert, no nome da comisión, sinala que non ten ningunha información oficial relativa ó organismo que se establecerá en Vigo, inda que parece ser que o organismo coordinador da Agrupación Europea de Cooperación Territorial que Galicia e a rexión norte de Portugal propoñen.

Por outra banda, se se fixa na nosa moción tamén solicitamos que se dispoña de capacidade xurídica propia para xestionar fondos comunitarios porque a Sra. Hubert dinos que é un organismo que en todo caso non xestionará directamente fondos comunitarios, se quere logo tamén lle facilito. Descoñece que é en Vigo e logo di que ese tipo de organismos non xestionan directamente fondos comunitarios.

Estamos aburridos, xa non dende o Partido Popular, senón dende a cidadanía, de que vostedes se adiquen a vendernos fume e nada máis.

Un dos proxectos que debería ter maior importancia, á parte da creación da Agrupación, sería a conexión de Vigo con Porto polo AVE. Sei que ó Sr. Alcalde gústanlle as porcentaxes, fala do 40%, 43%; voulle falar só da porcentaxe do 100% de incumprimento con esta cidade. Nestes seis meses de goberno asistimos a un 100% de incumprimento coa cidade e non se sorprenda, Sr. López Font, cando lle

falaba da falta de peso político do Sr. Alcalde, non lle estou achacando nada que non sexa constatable por calquera cidadán. Ese peso político amósase en moitas cousas e moitos detalles que vimos e vemos diariamente nesta cidade.

No tema do AVE ó Sr. Alcalde enchéuselle a boca falando do Boletín e recoñézolle que ese día estaba no Boletín. O problema non ese, o problema é a desconexión que existe entre este Alcalde e o Ministerio de Fomento porque non sei se saben que a propia ADIF, dependente do Ministerio de Fomento, está situando o AVE para a cidade de Vigo e para Galicia no inicio do ano 2020.

Por certo, onte tamén perderon vostedes unha oportunidade importante no Parlamento de Galicia, tanto o grupo do Partido Socialista como o BNG, de reprobar á ministra que constantemente está ignorando, insultando e menosprezando ás galegas e ós galegos. Tanto a ministra Magdalena Álvarez coma vostede van pasar á historia de España nunha particular pelexa por ver quen dos dous é o peor ministro da historia en materia de infraestruturas para este país. Os dous teñen unha coincidencia á parte do apelido Álvarez, un prometeu o AVE para Galicia para o ano 92...

A PRESIDENCIA: Sr. Conde Gil, por favor aténdase á moción.

SR. CONDE GIL: Coido que estou a falar da moción, sinto que lle moleste que lle constate a realidade das circunstancias que pasan e que me tente cortar a palabra.

A PRESIDENCIA: Non lle quero cortar a palabra pero tentaba avisalo porque se dispersa.

SR. CONDE GIL: Non creo que estea dispersándome, falamos da Agrupación e de que vostede dixo unhas cousas respecto do AVE que a xente nesta cidade ten que saber que se están incumprindo e non quero entrar noutro tipo de cualificativos, os literarios xa os utilicei no anterior Pleno e vou descartalos, utilizaranse máis adiante.

Dicía que vostede nun Pleno prometera que nos ía facilitar toda a información da súa actividade como ministro pero seguimos esperando.

A PRESIDENCIA: Por favor, céntrese na cuestión.

SR. CONDE GIL: Vou avanzar xa que lle molesta ó Sr. Alcalde que lle lembremos determinadas circunstancias.

Outro incumprimento deste goberno que tamén ten influencia co tema da Agrupación é a Área Metropolitana. Ese é o peso político, a ingravidez política do Sr. alcalde desta cidade.

A PRESIDENCIA: Sr. Conde Gil, por favor, como cuestión de orde, imos tratar de centrármonos nos temas das mocións. Coido que é bo para este Pleno que fagamos debates e eu estou permitindo sempre en certo nivel de expansión e que todo o mundo expoña os seus criterios con absoluta amplitude. Pero coido que vostede xa está sobrepasando o permisible no desenvolvemento normal dun foro parlamentario como este. Polo tanto lle insto que se centre na cuestión.

SR. CONDE GIL: Tamén como cuestión de orde Sr. Alcalde, vaime permitir que diga que sinto que lle moleste este tema. Estamos no Concello, dígollo porque ó principio falou de deputados, logo do hemiciclo e agora do Parlamento.

A PRESIDENCIA: Foro parlamentario, señor concelleiro, é un foro de parlamentar e este é un foro de parlamentar. Agradeceríalle que se centrara na cuestión e se deixe destas declaracións que coido que non son propias neste intre.

SR. CONDE GIL: Así o farei inda que coido que os cidadáns deben ver o nivel de democracia ó que estamos a chegar, primeiro o Sr. Calviño que lle molestan as mocións e logo o Sr. Alcalde que lle molesta o que lle dicimos, só lembrando a verdade do que pasa. Pero a verdade ás veces molesta, verdade Sr. Caballero?

Dicía que a diferenza entre o que nós propoñemos e a realidade é que na realidade non hai absolutamente nada. O propio secretario xeral falaba de que a data 1 de agosto do ano 2007, tal como prevé o regulamento, debería estar trasposta a normativa comunitaria á normativa española e ata a data non o está. Está claro que a Agrupación que anunciou no seu día o Sr. Touriño é un decorado montado pola Xunta de Galicia para disfrazar a falta de liderado para traer a Agrupación que se

foi á cidade de Badaxoz. Só é iso.

Como galego tamén me avergoña que sendo a Sra. Salgado ministra de Administracións Públicas, non tivera maior celeridade en facer a transposición normativa para que entre en funcionamento.

Incumpriron a promesa de que vai funcionar o 31 de decembro porque non teñen ningún tipo de cobertura legal nin orgánica, nin funcional, nin de ningún tipo para o levar a cabo.

Entendemos que debemos rexeitar a emenda que vostedes realizan á moción e que debe ser sometida a votación tal como se presentou no seu día.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Como galego tamén me gustaría que utilizara a nosa lingua que reiteradamente seguen sen utilizar a pesar de que as súas mocións efectivamente veñen escritas na lingua de todos os galegos e galegas.

Cando estabamos preparando o Pleno, estabamos mirando onde xurdiría a batalla electoralista tal como fan vostedes nos últimos Plenos, o Grupo municipal do BNG repasabamos as mocións e non dábamos acordado onde o ían facer. Xa sabemos onde: nesta moción.

Eu só diría unha cousa para empezar a miña intervención: Interésanos que a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal estea en Vigo ou non?. Si nos interesa. Pois eu pediría que cando aquí se fale da defensa dos intereses da cidade, dos intereses de Galicia, nos deixemos de liortas electoralistas, todo o mundo sabemos que estamos nunhas eleccións, e apostemos precisamente polo que interesa a esta cidade.

Sempre que ven aquí un tema que ten que ver con intereses fundamentais para esta cidade, en lugar dos afrontar coa xenerosidade e o consenso político que os temos que afrontar, tiramos para diante, discutimos non sei moi ben por qué pasados, presentes, futuros, cando realmente o que temos aquí é decidir se queremos esa Agrupación Europea ou non. Coido que se lles teñen dado as explicacións por parte do concelleiro do partido Socialista, Sr. Font, de que este en un tema que se está a levar e a traballar.

Pois o que temos que facer, por favor é quitar este tema por unanimidade dunha vez porque o único que o goberno lle pide é sinxelamente cambiar unha palabra e en lugar de "instar" poñer "reiterar".

Se vostedes non aceptan esta moción que ademais é "Reiterarlle ó goberno español a aprobación no prazo máis breve posible", non están presentando unha moción para que a Agrupación Europea veña a Vigo, senón que a presentan única e exclusivamente para aproveitar e proclamar ás súas consignas electoralistas.

Vostede falaba da reprobación da ministra; a tres meses de que se esgote o período parlamentario pedir a reprobación dunha ministra non é máis que un brindado ó sol. Se vostedes tanto din que esa ministra ten faltado ós intereses galegos, o que tiñan que facer é pedir a súa reprobación no seu momento, cando vostedes consideraron que faltaba a eses intereses e non o facer agora cando saben que, inda que esa reprobación fose para adiante, non tería ningún efecto.

O traballo na defensa dos intereses de Vigo e de Galicia amósase duns xeitos moi claros e concretos. En primeiro lugar traballando a prol das unanimidades e do consenso. Tamén noutra cuestión: na defensa dos intereses de Vigo e Galicia que se fai durante todo un período parlamentario, non só cando faltan tres meses para as eleccións.

Gustaríame saber cantas iniciativas parlamentarias dos deputados e deputadas do Partido Popular puxeron enriba da mesa para defender os nosos intereses. Voulle dar un dato de como se demostra: vostedes falaban dos investimentos, etc. Pois gracias a dous deputados do Bloque Nacionalista Galego nos últimos catro anos Galicia tivo o 8% de investimento en infraestruturas do total do Estado, cousa que nunca se tivo conseguido para Galicia cun goberno do Sr. Aznar.

Sr. concelleiro, houbo ministros de Fomento que lle fixeron moito dano a esta cidade e a este país. Non queremos lembrar a outros ministros nin queremos lembrar catástrofes como a do Prestige e cal foi o tratamento dun goberno do Partido Popular para Galicia.

En definitiva, defender os intereses desta cidade significa que nos deixemos de liortas electoralistas e que votemos por unanimidade esta emenda porque só se lle pide cambiar unha palabra. En segundo lugar o traballo na defensa dos intereses de Vigo e de Galicia demóstranse nos catro anos que van a Madrid representar ós vigueses e galegos e galegas.

O último que vou dicir é que imos pedir que se traia unha báscula a este Pleno porque a verdade é que a cidadanía si que se empeza cansar de quen ten máis ou menos peso político. Non se trata de ambicións persoais nin de demostrar quen ten

máis ou menos. Trátase de que todos traballemos conxuntamente para que non sexa nin este alcalde nin a alcaldesa anterior quen teña máis ou menos peso político. Trátase de que sexa a cidade de Vigo quen teña ese peso político.

SR. LÓPEZ FONT: Coido que é evidente que o de menos era a moción, amósase perfectamente polo ton da intervención do Sr. concelleiro e importa realmente pouco cal era o motivo da moción senón que se aproveitou para facer unha crítica xeral que coido que o Sr. Alcalde foi bastante benévolo en consentir. Se traemos unha moción determinada non podemos rematar falando de canto subiu o prezo do leite ou do pan.

O compromiso do presidente da Xunta con Vigo está demostrado e só vostedes son os que non se dan de conta. Como é posible falar de incumprimentos cando o Partido Popular gobernou Galicia durante dezaseis anos e un exemplo emblemático, como a peaxe de Rande, prometérono por activa e por pasiva e tivo que ser o goberno actual, presidido por Emilio Pérez Touriño e conformado polo Partido Socialista e polo Bloque Nacionalista Galego, quen finalmente levantase esa peaxe. Xa llo demostramos e eu, o que si lles debo recoñecer é a constancia en determinados temas que nin vostedes cren pero que unha vez tras outra expoñen. Coido que a cidadanía entende perfectamente que en todas as súas áreas de goberno o actual goberno da Xunta de Galicia está comprometido seriamente con Vigo. Así o demostran os orzamentos, cuestión que tamén lles dixemos reiteradamente. Por isto non quero caer nas súas argumentacións nin no debate tal como o presentan.

O Sr. Touriño dixo o 31 de marzo que habería Agrupación Territorial en Vigo. Hai un acordo entre o goberno da Xunta de Galicia e o goberno Portugués. Tamén lle vou informar de determinadas cuestións bastante máis recentes que ás que vostede se refire. Eu falei onte co secretario de Acción Exterior, que maxino que saben que cambiou, antes era Santiago Gómez Reino e o actual titular é Julio César Fernández Mato. Este cargo afirmoume a información que eu facilitei ó Pleno anteriormente no sentido de que está comprometido entre os dous gobernos; nunha reunión realizada antonte entre as localidades de Chaves e de Verín tratouse este tema e o propio Secretario de Estado de Desenvolvemento portugués confirmou que en canto a lexislación española estea adaptada e se poida proceder á solicitude formal

en base a ese Real decreto, será unha realidade a solicitude e que Vigo teña esa Agrupación Territorial.

Non serve de nada facer alegacións, mencións a cuestións que pasaron en agosto, en xullo ou noutras datas. Se o Sr. Touriño falando deste tema manifestou en dous, tres ou catro ocasións que sería Vigo a cidade que vai acoller esta Agrupación Territorial, non ten nada de incongruente senón que sinxelamente como facemos todos e como fan vostedes con moitos temas: o AVE, o PXOM e outros, se acaba dicindo o mesmo polo que non sei por que se sorprende disto.

Falando de peso político non sei se hai que poñer ou non unha báscula. O que está claro é que o poden negar como queiran pero lles lembro e xa llo dixen en ocasións ó Sr. Figueroa en canto ó tema do AVE, que a proba irrefutable sería o Boletín Oficial do Estado e que en tanto non houbera boletín vostedes non o crerían, pensarían que lles enganabamos, que ía haber incumprimento e demais. A partir de aí inda son quen de negar a maior, que é que o AVE que vostedes non o tiñan comprometido para Vigo, está no Boletín Oficial do Estado.

Permítame dicir que hai que ter ousadía política para falar da xestión da actual ministra de Fomento en relación co AVE e con outras cuestións e esquecer que durante moitos anos Álvarez Cascos foi ministro de Fomento e non me fai falta preguntarlle, porque o coñece toda a cidadanía, o que Álvarez Cascos fixo por Galicia e por Vigo en especial.

Realmente me enfastía moito saírme do guión pero obrigan vostedes con este tipo de mocións e con esta diversificación que fan das mesmas a cuestións que non o son. Ó Alcalde e ó actual equipo de goberno preocúpanlle as cuestións concretas; se falamos de AVE, falamos de Boletín Oficial, se falamos de Biblioteca do Estado, falamos de compromiso concreto e se falamos de obras que están nos Boletíns Oficiais nos orzamentos para Vigo, falamos de cuestións concretas e non imaxinarias como parecen ser ás que vostede se refire.

É moi sinxelo dicir que hai un 100% de incumprimento por parte deste goberno e non mencionar ningún cando realmente a percepción cidadán é outra.

Precisamente se nós queremos que haxa unha Agrupación Territorial, se foi un tema concreto de xestión por parte do Alcalde co presidente da Xunta e coa ministra de Administracións Públicas, é porque nos preocupa isto. Como vexo perfectamente que a vostedes lles preocupan outras cousas, nós fixemos unha emenda totalmente

construtiva. Paréceme raro que na moción de emprego a Sra. Molares teña ese ánimo conciliador e entenda perfectamente o que queremos dicir dende o goberno e sexa vostede, ben persoalmente ou non sei se con todo o grupo, quen estea en desacordo con isto.

Tamén quero dirixirme á cidadanía porque no caso de que vostedes non aceptasen a emenda que propoñemos, o equipo de goberno votaría que non á moción que presentan pero quero dicir que isto é un compromiso da Xunta; sinxelamente unha cuestión de datas nun armazón normativo legal tan complicado como é o da Unión Europea impediu que estea o 31 de decembro pero estará moi pronto como xa lles dixen ó principio.

De unha vez por todas a ver se todos os concelleiros do Partido Popular se decatan: deixen de falar do alcalde nos termos que o fan cando vostedes tiveron unha alcaldesa que, recoñecido por ela mesma, non foi quen en xestións co Ministerio de Fomento de montar unha marquesiña na Praza de España. De que nos falan logo de gobernar dezaseis anos en Galicia e oito en España, das realidades que trouxeron para Vigo e do peso político que tiveron, que nos debates das recentes eleccións municipais a anterior alcaldesa recoñeceu que chamou vintecinco veces e que non lle fixeron caso para colocar unha marquesiña.

Cría que isto do Nadal nos situaba a todos nun ton un pouco máis dialógante, agradoume a aceptación da Sra. Molares, pero xa vexo que veñen cos papeis moi definidos. Queremos unha Agrupación Territorial para xestionar fondos europeos, está comprometida e acordada co goberno portugués e sinxelamente se trata dunha cuestión de datas, como tantas outras nas que vostedes foron o exemplo de se eternizar.

Como ben dicía o Tenente de Alcalde, se non aceptan o noso texto demostrarase perfectamente, como ven pasando neste Pleno reiteradamente, que o de menos era a Agrupación Territorial e o máis importante é o 9 de marzo.

SR. CONDE GIL: Mírase que a dispersión non é o mesmo para uns que para outros, é un termómetro democrático bastante evidente.

Sr. Domínguez Olveira, hoxe xeroume vostede unha dúbida: xa non sei se segue militando no BNG ou directamente pasou ó Partido Socialista porque fixo vostede unha grande defensa do Sr. Alcalde.

Respecto ó idioma que nos expresamos direille que nós somos uns firmes convencidos da liberdade para nos expresar na lingua que queiramos e quizais vostede debería empezar por falar co voceiro do goberno e que se exprese neste Pleno en Galego porque non o fai. Non se lembre tanto de nós e fágao máis de quen tamén fala sempre en castelán.

Sr. Domínguez Olveira, non veña agora con que a reprobación da ministra foi a tres meses porque vostedes apoiaron esta reprobación no Congreso dos Deputados ata que se quixeron facer a foto co Presidente do Goberno e traer para Galicia nove transferencias de grande importancia. Non as vou ler por aquilo da dispersión pero da risa.

En canto á preocupación do BNG con Portugal e coa Agrupación, eu non estou a dicir que non teñan interese en que veña esta Agrupación para Galicia pero o maior interese que teñen vostedes con Portugal tradúcese en dúas cousas, dúas grandes peticións no Parlamento Español: a primeira que podemos ver a televisión portuguesa e a segunda o cambio de horario, son as grandes achegas á política internacional, ás relacións internacionais e ó benestar dos galegos.

Por outra banda, precisamente porque nós estamos aquí para defender os intereses de Vigo e de Galicia e en aras a ese espírito do Nadal, imos aceptarlle substituír a palabra "instar" por "reiterar", inda que tamén lle digo que o fago con toda a reserva de que non me consta que vostedes xa instaran á Xunta de Galicia e ó Goberno Central. Tampouco me consta que non deixara de ser un soño do Sr. Pérez Touriño para tapar a Axencia Hispano-Lusa.

Quería rematar a miña intervención lembrando que, á parte de todas as publicacións onde se di que periga este organismo precisamente porque o Ministerio de Administracións Públicas cunha ministra galega á cabeza non se puxo as pilas en facer esta transposición normativa, a Axencia Hispano-Lusa a Badaxoz, Axencia de Pesca co Sr. Aznar o 13 de decembro de 2003 en Vigo. Esa é a diferenza entre vostedes e nós.

A PRESIDENCIA: Gracias Sr. Conde Gil. Entendo por tanto que de forma tácita vótase a proposta do Grupo Socialista do seguinte xeito: "Reiterar ó Goberno de España a aprobación, no menor prazo posible, do Real decreto remitido ó Consello de Estado relativo á constitución de Agrupacións Territoriais e que posibilite o

acordo adoptado entre os gobernos da Xunta de Galicia e de Portugal de constitución da "Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal" e que terá a súa sede en Vigo en base ó devandito acordo".

Aceptada polo Grupo Popular procédese á votación de acordo coa lectura que veño de facer.

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Porro Martínez).

A Presidencia somete a votación a moción da Sra. Porro Martínez coa emenda formulada polo Sr. López Font transcrita anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Reiterar ó Goberno de España a aprobación, no menor prazo posible, do Real decreto remitido ó Consello de Estado relativo á constitución de Agrupacións Territoriais e que posibilite o acordo adoptado entre os gobernos da Xunta de Galicia e de Portugal de constitución da "Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal" e que terá a súa sede en Vigo en base ó devandito acordo.

13.- (184).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A CREACIÓN DUNHA NOVA UNIDADE XUDICIAL EN VIGO CONSISTENTE NUN XULGADO DO MERCANTIL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 13 de decembro de 2007, o concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

"Dende a entrada en Vigor alá polo ano 2004 da nova normativa Concursal que prevía que nacesen os Xulgados do Mercantil, Vigo ten demandado pola súa importancia empresarial e social a instalación de ó menos unha destas unidades xudiciais na nosa cidade.

Así no só a Memoria do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, senón tamén as forzas vivas xudiciais e empresariais da cidade e mesmo o Partido Popular ten xustificado sobradamente e ven reclamando, sen demasiado éxito, a súa implantación na cidade, obtendo unha falta absoluta de previsión en compromiso tanto da Xunta de Galicia como do Goberno Central.

Entendemos que novamente se debe esixir aos gobernos autonómico e central a inmediata posta en funcionamento dun Xulgado do Mercantil en Vigo que cubra as necesidades da nosa cidade e da súa área de influencia, e é polo que dende o Grupo Municipal do Partido Popular propónse ao Pleno da Corporación co fundamento legal invocado ao principio desta moción que se tome o acordo que segue:

Instar á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia a fin de que reclame e inclúa na proposta de Creación de Unidades Xudiciais para o 2008, e polo tanto a petición sexa de xeito oficial, unha nova unidade Xudicial para a cidade de Vigo consistente nun Xulgado do Mercantil con sede efectiva en Vigo a fin de que se cre e funcione con total normalidade nos primeiros meses do ano 2008.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 17 de decembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Traemos ó Pleno unha vella reivindicación de todas as forzas políticas pero sobre todo dos profesionais da xudicatura desta cidade como é que se estableza na cidade de Vigo un Xulgado do Mercantil.

A Lei Concursal que entrou en vigor no ano 2003 establece que os xulgados do mercantil poderán establecerse en lugares diferentes das capitais de provincia cando o interese económico así o pida. Entendemos que dada a importancia de Vigo, esta moción debería ter o apoio de toda a Corporación e solicitar á Xunta de Galicia que mova os mecanismos necesarios para crear esta nova unidade xudicial.

SR. LÓPEZ FONT: Quero manifestar a nosa conformidade, quizais non na redacción do texto. Non se trata de querer corrixir e de feito non imos presentar ningún texto alternativo pero, como ben dicía o concelleiro, trátase dun vello tema no que nós, dende o goberno, coincidimos en que Vigo debe ter un Xulgado do Mercantil e no que atangue ó Grupo Socialista así se confirma co aprobado na Mesa da Comisión de Xustiza no 19 de xuño de 2007 que instaba ó Ministerio de Xustiza a que naquelas cidades non capitais de provincia que o solicitaran e tivesen as correspondentes cargas de traballo e demais como é o caso de Vigo, se constituíse

un xulgado do mercantil.

Dicir neste Pleno que por parte do Ministerio de Xustiza estase na fase de informes preceptivos do que será o anteproxecto da Lei de Planta e demarcación xudicial polo que se está recollendo ese acordo acadado no Congreso a proposta do Grupo Socialista sobre incluír ás cidades que non son capitais de provincia e estamos totalmente de acordo e cremos que se debe trasladar á Xunta.

Non vou entrar en polémicas pero cando me refería a que o texto non sería o ideal é porque isto xa está asumido pola Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pero se pode entender perfectamente que é unha reiteración e polo tanto estamos totalmente de acordo.

De todos os xeitos si debo dicir que é unha vella reivindicación e tamén, sen ánimo de polemizar pero para que todos teñamos claro o marco, que cando se fan determinadas críticas ó atraso na creación deste xulgado do mercantil en Vigo, ben se poderían ter aproveitado os oito anos nos que gobernou o Sr. Aznar e nos que o Partido Popular tamén gobernaba en Galicia porque a situación de Vigo e a necesidade deste xulgado naquel intre tamén era unha evidencia.

Nese sentido non queremos mirar cara atrás, queremos que este Pleno teña un acordo unánime na moción que vostedes presentan e tamén transmitirilles que é unha das preocupacións deste goberno no seu conxunto e que o Alcalde, como máximo expoñente e voceiro deste goberno, está instando reiteradamente, tanto a unha administración como á outra, para que se acelere no beneficio da nosa cidade.

SR. CONDE GIL: Non me gusta corrixirille, Sr. López Font, pero tampouco é tan vella. Vostedes teñen sempre a tendencia de se lembrar dos oito anos de goberno do Sr. Aznar. O Xulgado do Mercantil establécese pola Lei Concursal que non sei se sabe entrou en vigor no ano 2004 e tiña aplicación a partir do 1 de setembro. Coido que nesa data o presidente do Goberno era o Sr. Rodríguez Zapatero. Non boten a culpa de todo ó goberno do Sr. Aznar porque xa aburre.

Estamos moi contentos no espírito do Nadal ó que vostede aludiu na anterior intervención e que se sumaran ó carro da nosa moción e crean que é bo, fundamental e de xustiza para esta cidade traer o Xulgado do Mercantil, o que pasa é que non nos fiamos de vostedes.

En Galicia a Xustiza á Xunta bipartita nin lle ocupa nin lle preocupa e para mostra un botón: non existe unha consellería de Xustiza propia, é a Consellería da Presidencia, Administracións Públicas, non sei que máis e Xustiza. É un xeito coma outro calquera de poñer no último lugar a un dos poderes do Estado que xa quixera acabar con el antes deses oito anos don Alfonso Guerra, máis ben a división de poderes. O Decano do Colexio de Procuradores di que "A situación da xustiza volve ser crítica", "Dous terzos dos asuntos mercantís son da cidade de Vigo". Se tomásemos en conta a Área Metropolitana de catorce, non a que propón non se sabe moi ben quen, serían as tres cuartas partes longas dos asuntos. Un 70% dos desprazamentos a Pontevedra de clientes, avogados, testemuñas e demais persoas son asuntos de Vigo. Coido que tentamos crear e non restar.

Tamén lle agradezo que me clarexase que están na liña de apoiar a creación do Xulgado do Mercantil, que reiteradamente están co teléfono na man e que non imos ter que esperar á grande promesa da carta de municipalidade que nos ía solucionar todos os problemas, que se ía aprobar antes do 31 de decembro e que tristemente non o está. Teño aquí a información que saíu na publicación do partido Socialista onde claramente se afirma que antes que remate a actual lexislatura esta carta de municipalidade ía estar en vigor.

Son moitos os compromisos que hai con esta cidade en materia de xustiza, son moitas as reivindicacións que temos que asumir e así nolo trasladan os profesionais. Onte o Sr. Alcalde tivo a honra de presidir unha recepción ó Colexio de Avogados no seu 75 aniversario da súa creación, coido que tamén é de xustiza que este Pleno teña un recoñecemento para o magnífico labor que realiza o Colexio de Avogados ó que teño a sorte de pertencer.

Para rematar coa miña intervención gustaríame falar brevemente da construción da torre da xustiza e do seu orzamento. Ano 2006 un orzamento para esta torre, gobernando o PSOE-BNG, de 504.000 euros, obra executada cero. Ano 2007, fondos propios para a torre da xustiza de Vigo 650.000 euros, obra executada cero. Ano 2007 fondos para a torre da xustiza 200.000 euros e non sabemos o que vai pasar pero con esa cantidade supoño que ó final tamén será cero.

Súmense a nós nesta reivindicación pero fágano con seriedade. Non podemos seguir esperando. Enganaron vostedes ós profesionais no seu día cando se prometeu que o segundo xulgado do mercantil se crearía en Vigo e foi á cidade de

Pontevedra e, por favor, non o volvan facer.

A PRESIDENCIA: Sr. López Fonte ten a palabra pero, por favor, non responda a esta parte segunda que é unha moción distinta sobre a Cidade da Xustiza. Afórrenos este debate.

SR. LÓPEZ FONT: Precisamente ía facer mención a que evidentemente chegamos a este Pleno a determinadas mocións e non sei se se trata dunha estratexia pero como se fala absolutamente de todo e se ven con tantos datos doutras cousas...

A PRESIDENCIA: Por iso ínstolle a que non responda á parte da Cidade da Xustiza.

SR. LÓPEZ FONT: De acordo. Quérolle sinalar que a Lei de Demarcación e planta xudicial é na súa orixe a Lei 38/1988. O Sr. Aznar gobernou entre os anos 1996 e o ano 2004 polo tanto, se tal era a preocupación por parte da Xunta de Galicia e do Goberno do Sr. Aznar en relación co Xulgado do Mercantil en Vigo, poderíase ter feito a reforma como posteriormente se fixo. Que non quede no ar que eu me referín a unha data na que xa non gobernaba o Sr. Aznar senón que a dixen con toda a contundencia de que a Lei é anterior e poderase ter reformado perfectamente.

A Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia ten entre as súas máximas preocupacións a xustiza para Galicia e para Vigo. Non polo feito de que unha consellería teña tres áreas lle quita preocupación a unha en concreto. Non traemos eses datos porque non sabemos que se van presentar estas cuestións pero non creo que os gobernos do Sr. Fraga fosen un exemplo de desagrupación ou individualización das consellerías. Que no se trate de xogar e argumentar que porque sexa a última na súa denominación non implique ningunha preocupación.

Quero dicirlle que a preocupación deste goberno é máxima por acadar o Xulgado do Mercantil e remato como vostede anteriormente pero en sentido contrario: conseguírase o Xulgado do Mercantil na lexislatura desta Corporación, como se conseguiu a biblioteca do Estado, o AVE e tantas cousas, e iso si que é verdade que é o que lles diferencia a vostedes de nós. Esa é a conclusión máis importante.

SR. CONDE GIL: Alédame que me lembre cal é a Lei de Demarcación e Planta xudicial, manéxoa con bastante frecuencia.

Coido que vostedes soñan co pobre José María Aznar. Non se dan de conta que isto é unha Lei do ano 2003, que entrou en vigor no ano 2004 e que non existían os xulgados do mercantil ata que saíu a Lei Concursal? Xa que insiste no tema, non quería facer un informe xurídico pero si lle digo, e non é cuestión miña senón que é de moitos profesionais e xuristas de moito máis recoñecido prestixio ca min, que para instaurar o Xulgado do Mercantil da cidade de Vigo non é necesario modificar a Lei de Demarcación e Planta Xudicial porque a propia Lei concursal establece a especialidade de poder instaurar un Xulgado destas características naqueles sitios nos que, por razóns económicas como é o caso de Vigo, exista esta necesidade e coido que cos datos que citei anteriormente demostreino.

Por outra banda a propia Lei de Demarcación e Planta Xudicial, no artigo 46 bis, se non lembro mal, establece a posibilidade de transformar xulgados de primeira instancia en xulgados do mercantil sen ningún tipo de limitación.

En canto a tomarse en serio as cuestións de xustiza desta cidade foi precisamente co goberno do Sr. Aznar, a quen tanto cariño lle ten, cando en Vigo dúas Seccións Delegadas da Audiencia Provincial de Pontevedra, a 5ª e a 6ª, empezaron a ter operatividade. Por certo, seccións da Audiencia que teñen máis de 1.100 asuntos pendentes mentres que as de Pontevedra teñen o traballo descargado. Quizais tamén deberamos meditar un pouco respecto a este tema.

En definitiva, non é necesario ningún cambio lexislativo, están a marear a perdiz constantemente e entendemos que efectivamente durante o mandato desta Corporación vaise conseguir o Xulgado do Mercantil porque a partir de marzo gobernaremos nós e traeremos esa e outras moitas cousas para Vigo, para Galicia e para España.

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. Conde Gil, instando á Xunta de Galicia a creación dunha nova unidade xudicial do Xulgado do Mercantil en Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

14.- (185).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR RELATIVA Á CONTINUIDADE DA DOCENCIA NAS UNIDADES DE FORMACIÓN PROFESIONAL SUSPENDIDAS EN VIGO .

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de decembro de 2007, a concelleira do Grupo municipal Popular, Sra. Porro Martínez, formula a seguinte moción:

"A finais de setembro unha resolución da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa comunicou a 12 colexios galegos, o suspenso do concerto educativo para determinadas unidades/módulos que se impartían nos centros, argumentando que, a día 19 de setembro, non introduciran, na aplicación informática que a Consellería habilitou ao efecto, as suficientes solicitudes de praza aos cursos, segundo a "ratio" de alumnos marcada pola Consellería para manter ditas unidades (8 como mínimo e 30 como máximo en cada unha).

Esta instrución, que afecta a 31 colexios, entra en contradición cunha norma de rango superior da Xunta de Galicia, a Orde do 5 de xuño de 2007, que fixaba un período de matrícula máis amplo, ata o 31 de outubro. Ao se pechar con antelación o prazo quedaron excluídos, entre outros, os alumnos que se examinaron de selectividade en setembro, xa que obtiveron os resultados da proba o día 28, moitos dos cales optan pola FP.

A repercusión nos centros da decisión tomada polos responsables da Concellería de Educación é moi grave pois supón:

- A recolocación dos escolares en novos colexios e aulas e con novos profesores, tres meses logo do comezo das clases, no caso de que non poidan pagar o curso no centro educativo no que estudan ao quedar suprimido o concerto económico da Xunta co mesmo. A medida é especialmente grave na nosa cidade xa que se exerce contra 5 dos 12 colexios concertados afectados en Galicia.
- A situación na que se pon aos alumnos (en Vigo un total de 167) agrávase porque algúns dos módulos suprimidos están xa completos nos outros colexios da cidade nos que se imparten estas ensinanzas, e mesmo no resto da provincia. De feito, a propia Inspección de Educación de Pontevedra remitiu a comezos de curso alumnos doutras cidades a estes centros vigueses.

- O prexuízo económico afecta tamén aos profesores técnicos de FP que imparten estes cursos, que verán diminuída a súa carga lectiva co risco de perder o seu posto de traballo. Non é certo, como se di, que sexa fácil recolocar a estes profesores e así o demostra o apoio que están atopando nos sindicatos (CC.OO, UXT, USO e FSIE) e no Valedor do Pobo.
- A resolución menoscaba así mesmo ao persoal de administración e servizos ao poñer en perigo o futuro docente dos centros.
- Por último, a medida non só dificulta o mantemento da oferta educativa dos centros afectados ao supoñer a quebra económica dalgunhas destas empresas, senón que se pon trabas á posible creación doutros novos.

Para o Grupo municipal do Partido Popular a resolución aprobada en nada contribúe á mellora educativa, xa que non resolve os problemas de fondo: a mala distribución das ensinanzas de FP e a falta dun plan de calidade no ámbito galego; e considera ineludible a negociación para modificar o mapa antes de anunciar o peche de ciclos.

Denuncia que a intención agochada nesta irregular medida é a de atentar contra a liberdade de elección de centros de ensino, garantida pola Constitución, poñendo trabas ao desenvolvemento de ofertas docentes competitivas.

Por todo o exposto propón ao Pleno da Corporación municipal de Vigo que tome o acordo de:

Instar á Consellería de Educación á revogación da resolución do 12 de xuño de 2007 (DOG do 18 de xuño) e ao mantemento do contido da Orde do 5 de xuño de 2007, como medida máis favorable para os cidadáns afectados, xa que asegura a continuidade da docencia nas unidades de Formación Profesional suspendidas en Vigo durante o presente curso académico "

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 17 de decembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. LARRIBA LEIRA: A finais de setembro unha resolución da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa comunicou a 12 colexios galegos o suspenso do concerto educativo para determinadas unidades/módulos que se impartían nos centros, argumentando que a día 19 de setembro non introduciran na aplicación informática que a Consellería habilitou ao efecto, as suficientes solicitudes de prazas ós cursos segundo a "ratio" de alumnos marcada pola Consellería para manter ditas unidades (8 como mínimo e 30 como máximo en cada unha).

Esta instrución, que afectou a 31 colexios, entra en contradición cunha norma de rango superior da Xunta de Galicia, a Orde do 5 de xuño de 2007, que fixaba un período de matrícula máis amplo, ata o 31 de outubro. Ó se pechar con antelación o prazo quedaron excluídos, entre outros, os alumnos que se examinaron de selectividade en setembro, xa que obtiveron os resultados da proba o día 28, moitos dos cales adoitan optar pola FP.

A repercusión nos centros da decisión tomada polos responsables da Concellería de Educación é moi grave pois supón:

Primeiro: A recolocación dos escolares en novos colexios e aulas e con novos profesores tres meses logo do comezo das clases no caso de que eles ou o centro educativo no que estudan non poidan pagar o curso ao quedar suprimido o concerto económico da Xunta co mesmo. A medida é especialmente grave na nosa cidade xa que se exerce contra 5 dos 12 colexios concertados afectados en Galicia: Aloia, Daniel Castelao, Divino Mestre, Fillas de María Inmaculada e San Miguel. Suprímense nove unidades en cinco ciclos formativos: restauración, cociña, comercio, equipos electrónicos de consumo e coidados auxiliares de enfermería, o que supón a previsible eliminación do segundo curso dos mesmos no próximo curso académico.

A situación na que se pon ós alumnos (en Vigo un total de 167 este ano) agrávase porque algúns dos módulos suprimidos están xa completos nos outros colexios da cidade nos que se imparten estas ensinanzas, caso por exemplo das unidades de restauración e cociña do IES Manuel Antonio. Non é certo como se di que haxa oferta suficiente en Vigo, mesmo no resto da provincia se carece de vacantes. De feito a propia Inspección de Educación de Pontevedra remitiu a comezos de curso alumnos doutras cidades a estes centros vigueses.

Qué van facer cos estudantes que non poidan pagar as clases nos centros onde están matriculados se non hai onde os colocar na cidade?

O pasado día 27 de novembro esta mesma inspección de Educación de Pontevedra comunicou que en Vigo só hai praza libre para tres alumnos, debéndose recolocar os outros en centros educativos de fóra de Vigo: Redondela, Cangas ou Nigrán. Aínda que algún dos colexios afectados tratará de manter as clases este ano ó seu cargo para non prexudicar ós alumnos non o poderán facer no futuro.

O prexuízo económico afecta tamén ós profesores técnicos de FP que imparten

estes cursos, uns cen en toda Galicia, que verán diminuída a súa carga lectiva co risco de perder o seu posto de traballo. Trátase dunha decisión discriminatoria xa que mentres nos colexios públicos é posible trasladar ós profesores a outros centros, nos concertados non. Non é certo, como se di, que sexa fácil recolocar a estes profesores e así o demostra o apoio que están atopando nos sindicatos (CC.OO, UXT, USO e FSIE) que consideran a medida improvisada porque non se sabe o que vai pasar cos profesores e tamén a consideran precipitada porque non se informou suficientemente sobre os novos requisitos da matrícula e non houbo un debate previo co que acadar o consenso coas partes implicadas. O colectivo de profesores afectados presentaron xa as súas queixas ó Valedor do Pobo quen abriu unha investigación de oficio o pasado 26 de novembro, pedindo que a Consellería de Educación clarexe as demandas presentadas polos profesores.

Dende esta Consellería se pretende que o profesorado se incorpore a outros centros concertados dado que a titulación que posúen non lles permite impartir docencia na pública, esquecendo que a estas alturas de curso, inda que atopasen emprego noutros colexios, non lles sería posible compatibilizar os horarios lectivos en marcha.

A resolución menoscaba así mesmo a estabilidade do persoal de administración e servizos dos centros ó poñer en perigo o seu futuro docente.

Por último, a medida non só dificulta o mantemento da oferta educativa dos centros afectados ó supoñer a quebra económica dalgunhas destas empresas, xa que nalgún caso se trata da única oferta de formación profesional que posúe o centro, senón que tamén se poñen trabas á posible creación doutros novos.

Para o Grupo municipal do Partido Popular a resolución aprobada en nada contribúe á mellora educativa, xa que non resolve os problemas de fondo: a mala distribución das ensinanzas de FP e a falta dun plan de calidade no ámbito galego; e considera ineludible a negociación para modificar o mapa antes de anunciar o peche de ciclos.

Denuncia que a intención agochada nesta irregular medida é a de atentar contra a liberdade de elección de centros de ensino garantida pola Constitución, poñendo trabas ó desenvolvemento de ofertas docentes competitivas.

A seguir a Sra. Larriba Leira procede a ler o texto da parte dispositiva da moción

que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

SRA. LÓPEZ ATRIO: En primeiro lugar voules dicir que recibín, como case sempre, a todas as persoas que veñen á miña concellería, neste caso ós representantes do profesorado deste grupo que vostede nomea. Escoiteinos e díxenlles que trataría de pescudar o que correspondería por parte da concellería ás dúas bandas. A resposta recibida por escrito é a seguinte:

No mes de xuño, concretamente os días 4 e 5 de xuño, realizáronse no Pazo de Congressos e Exposicións dúas xornadas de formación a equipos directivos, administrativos e orientadores de centros educativos sostidos con fondos públicos (incluídos tanto os centros públicos como os centros privados concertados), nas que se expuxeron os cambios normativos derivados da Lei orgánica 2/2006 de Educación do 3 de maio.

En relación ao tema de modificación de concertos, hai que ter en conta o seguinte:

Primeiro. En virtude do concerto educativo, o centro obrígase a ter unha relación media alumnado/profesorado por unidade escolar non inferior á que a Administración determine, tendo en conta a existente para os centros públicos, artigo 16 do Real Decreto 2377/1985 polo que se establece o regulamento de normas básicas sobre concertos educativos.

No caso de non se cumprir con ese requisito, a administración debe iniciar os trámites administrativos para a modificación do concerto educativo de acordo co artigo 46.1 do devandito real decreto.

Segundo. Existen diversas sentenzas do Tribunal Supremo (4 de maio de 2005 e 13 de marzo de 2006) recoñecendo como causa lexítima de modificación dun concerto educativo a diminución do número de alumnado do centro concertado con base no establecido no devandito real decreto e nos principios constitucionais de asignación equitativa e eficiente que debe observarse en materia de recursos públicos e no principio de eficacia que debe rexer na actuación de toda a administración pública.

Terceiro. A normativa específica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria concreta ese número mínimo de alumnado, establecendo que deberá estar cargado na aplicación informática que xestiona o proceso centralizado antes das 14 horas do 13 de setembro un número mínimo de oito solicitudes de matrícula admitidas nas sete grandes cidades e de seis solicitudes no resto para cada un dos

ciclos formativos, artigo 19.4 da Orde do 5 de xuño de 2007, pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas, en relación coa disposición adicional segunda da Resolución do 12 de xuño de 2007, pola que se determinan os prazos e se ditan instrucións no procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas para o curso académico 2007-2008.

Artigo 19.4. A formalización da matrícula nos centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, quedará condicionada a que haxa unha cantidade mínima de alumnado para cada un dos ciclos formativos de graos medio ou superior que a Administración educativa determine.

Segunda. Número mínimo de solicitudes de matrícula. De acordo co artigo 19.4º da Orde do 5 de xuño de 2007, a formalización da matrícula nos centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria quedará condicionada a que cargase na aplicación informática antes das 14.00 horas do 13 de setembro un número mínimo de oito solicitudes de matrícula admitidas por cada centro educativo nas cidades da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, e de seis solicitudes en cada centro do resto de Galicia, para cada un dos ciclos formativos de grao medio ou superior. No réxime para as persoas adultas deberá existir un número mínimo de cinco solicitudes de matrícula na mesma data.

Cuarto. O requisito do número mínimo de alumnado establécese para todos os centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos. Están incluídos, por tanto, tanto centros públicos como privados concertados, sempre e cando sexa posible garantir a continuidade dos estudos do alumnado matriculado en centros da localidade ou comarca. (De feito, pecháronse 19 ciclos formativos en centros públicos).

A afirmación de que a orixe do problema se poida achacar a un problema informático carece de todo fundamento. A aplicación informática centralizada funcionou correctamente durante todo o proceso. Esta circunstancia ponse de

manifesto simplemente tendo en conta que non todos os ciclos formativos dun determinado centro privado concertado foran pechados. En moitos deles, dependendo do ciclo formativo, acadouse o número mínimo de alumnado esixido e polo tanto non foron modificados os concertos. Ademais, nos informes de auditoría da propia aplicación informática ponse de manifesto esta circunstancia, xa que os centros traballaron sen problemas cargando solicitudes de inscrición durante o día 13 de setembro.

Desde o 24 de setembro mantivéronse diversas reunións con CE, patronal de centros educativos concertados, representantes de traballadores, etc, nas que se expuxeron as razóns das modificacións dos concertos e se subliñou que tamén 19 ciclos públicos foron pechados por non cumprir os requisitos mínimos de alumnado. Supoño que non pretenderá dicir que a Lei non se cumpra porque todos sabemos que cando pasa o prazo de calquera cousa, sexa no Concello, na Deputación, na Xunta ou en calquera organismo, quedamos sen posibilidades do facer efectivo polo tanto non vexo como dende o Concello lle podemos pedir á Xunta que non cumpra co prazo marcado e coas Leis que están asumidas por todo o mundo.

Sucede que eles inda falan o 24 de setembro con todos para lles explicar a situación. Coido que non procede que nós solicitemos o cambio de Lei ou de procedemento. É obrigatorio.

SRA. LARRIBA LEIRA: Quero lembrarlle que efectivamente vostede está a falar da orde do 5 de xuño pero que foi modificada por unha resolución de rango menor que é o argumento legal que estes colectivos afectados están a empregar e que o Valedor do Pobo investiga porque unha norma de rango inferior está modificando os prazos do marco que establecía a orde do 5 de xuño. Neste marco moitos, quizais demasiado confiadamente, non sospeitaron que unha norma inferior puidera reducir eses prazos de matrícula.

Ademais, como nos dixeron os directores dos centros, a data na que rematou foi radical, a aplicación informática pechouse e non houbo posibilidade, inda que tiveran alumnos con solicitudes se non as meteron no ordenador quedaron fóra.

Os prazos se ampliaban ata o remate segundo ese marco xeral. O feito do adiantar colleu por sorpresa a moitos colexios, de feito os que están impartindo as clases cumpren de sobra a ratio esixida pola Lei.

O tema non é que se deba facer a planificación dende a Concellería, non quero dicir que a medida non se deba exercer cara ó futuro. O que nos parece tremendo é que se aplique co curso en marcha, cos rapaces nos postos, cos profesores contratados para dar as clases, con case o primeiro trimestre rematado. Ó mellor se ten que facer isto pero cara ó ano que ven, anunciando con tempo suficiente ós centros, ós profesores e ós alumnos que lles vai afectar que o vindeiro ano non vai haber posibilidade de continuar estes ciclos.

É máis, se os alumnos puideran ser recolocados en colexios da cidade a cousa podería ser menos grave pero é que non teñen praza en Vigo, teñen que ir a Cangas, a Redondela e a Nigrán e por riba inda están por colocar. Isto é o que nos parece que fai a medida totalmente inoportuna, inda que sexa aconsellable e inda que mellor era que o fixeran co consenso, co coñecemento e co debate de todas forzas e de todos os implicados, pero a estas alturas do curso parécenos moi grave. Como efectivamente existe ese problema legal, a nosa moción é pedir ó Pleno que inste á Consellería a que reconsiderase o procedemento que tomou de xeito que non desfavoreza a estes alumnos ata xuño, que lles permita continuar o curso e que logo se tome a medida. Isto respecto ós alumnos que en definitiva son os que máis deben importar.

Pero tamén para os profesores porque para moitos deles a carga lectiva diminúe tanto que non lles da o soldo, non van poder vivir como ata o de agora porque están a mediados de curso e inda que quixeran ampliar o horario noutros colexios para compensar, os horarios dos cursos están xa feitos e agora non se poden variar para acomodar a estes profesores.

Penso que os colectivos afectados teñen a suficiente importancia como para que o Pleno inste á consellería que atrase tomar esta medida ata que remate o presente curso académico.

SR. LÓPEZ ATRIO: Entendendo que temos unha preocupación por todo o persoal, tanto profesores coma alumnos. A miña información dende a Consellería de Educación é que si teñen opción a recolocarse moi próximos ós centros nos que están e que tamén o profesorado ten unhas condicións posibles por parte do ensino concertado que se ve beneficiado se dalgún xeito readmite ou dálle opción a este profesorado.

Esta é a miña información directa. Considero que a obriga de solicitar pola nosa banda que se volva atrás coas datas por parte da Consellería, non me parece que este Pleno sexa o lugar oportuno para esa solicitude. Son outros problemas a nivel sindical, profesional que teñen a posibilidade de falar directamente con outra persoa.

SR. LARRIBA LEIRA: Efectivamente non teño toda a información pero si teño a comunicación da Xunta de Galicia a un dos colexios. Dálle a posibilidade de recolocación dos rapaces que se van quedar sen concerto, son de Cangas, de Nigrán, de Redondela e só tres teñen praza en Vigo. De acordo que son próximos pero, cal é o problema para manter as clases ata o remate do curso?

Estou a falar de lle insistir á Consellería que manteña a docencia ata xuño, nada máis, porque o prexuízo para todos os alumnos é importante. Non é que a orde estea mal, non é ir en contra da planificación que dende a Consellería se queira facer; é que aquí hai un colectivo de alumnos afectados e nós temos que velar por eles e insistir en que a situación se atrase polo menos ata comezo do próximo ano.

(Están ausentes os Sres. Figueroa Vila e Guerra Fernández e as Sras. Méndez Piñeiro e Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e dez votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez e Molares Pérez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal Popular, Sra. Porro Martínez, relativa á continuidade da docencia nas unidades de Formación profesional suspendidas en Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes destes acordo.

15.- (186).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO REABRIR A SALA DE LECTURA DA BIBLIOTECA DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS E QUE SE INICIEN AS CLASES DE CONTADO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de decembro de 2007, a concelleira do Grupo municipal Popular, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

"A situación irregular na que se atopa actualmente a Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO) evidencia a necesidade dun planeamento integral que dea respostas definitivas aos seus problemas. Non se debe demorar máis a elaboración e aprobación dun Plan de Centro que inclúa tanto o plan de estudos, como o cadro de persoal e o seu director, como a necesaria remodelación dos seus estatutos de acordo coa normativa vixente.

As solucións aportadas dende a Concellería de Educación poñen de manifesto que non se ten claro nin sequera o programa docente para o presente curso. De feito, non se deu conta del nin á Xunta Reitora da Escola nin ao Pleno da Corporación.

Non se atopa outra razón que a mala xestión ao feito de que o prazo de matrícula se abra cun mes de atraso respecto a anos anteriores e, como consecuencia, a demora de case un mes no inicio das clases nalgunhas materias, mentres que noutras, maioritariamente unidas ás ensinanzas de música tradicional galega, aínda están pendentos de comezar.

Esta mala administración da EMAO ven ocasionando numerosas demandas dun número cada vez maior de colectivos: alumnos, usuarios da biblioteca e boa parte do cadro de profesores. De todos eles, os alumnos son os máis prexudicados ao ter perdidas xa as clases do primeiro trimestre.

As explicacións que se dan dende a Concellería de Educación centran o problema na contratación dos profesores, ofrecendo solucións provisionais e tardías que non clarexan por que non se contratou en tempo e de forma regular aos profesores. O problema esténdese ao persoal non docente do centro, que reclama a súa homologación co persoal do Concello, institución da que depende organicamente.

Por outra banda, o Grupo Popular non está de acordo co peche da biblioteca da EMAO e reclama a súa apertura como sala de lectura mentres se desenvolve a catalogación dos seus fondos, buscando as fórmulas para que o uso por parte dos estudantes non interfira no proceso de catalogación, a cal determinará, en boa medida, o futuro da biblioteca.

A apertura da biblioteca puxo os cimentos para a consolidación dun novo recurso cultural ao servizo dos cidadáns, que deu como primeiro resultado a creación de 80 novos postos de lectura, nunha cidade que non está precisamente sobrada delas. Pero, o que é máis importante, supuxo o comezo da clasificación dos seus fondos

con obxecto de iniciar os trámites para a súa declaración como "Biblioteca de especial interese para Galicia" pola Xunta de Galicia.

Por todo o exposto o Grupo municipal do Partido Popular propón para a súa aprobación no Pleno da Corporación:

Instar ao Goberno local a aportar solucións integrais aos problemas da EMAO, a reabrir a sala de lectura da biblioteca e a dispoñer todos os recursos necesarios para que os alumnos afectados pola demora no comezo das clases poidan iniciais de contado."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 17 de decembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. LARRIBA LEIRA: A Escola Municipal de Artes e Oficios é unha das institucións máis antigas de Vigo, cunha prestixiosa traxectoria docente e unha grande implicación na vida social, económica e cultural de Vigo que debe ter para esta Corporación unha importancia transcendental.

Nos últimos tempos a Escola estaba a iniciar un proceso de recuperación da súa actividade, proceso que actualmente se ve paralizado. Díganme vostedes se non é sufrir un *parón* a demora no comezo das clases, a suspensión das actividades expositivas programadas, o peche da súa biblioteca e a interrupción da catalogación dos seus fondos igual que os da hemeroteca, o que tamén interrompe a declaración como "Biblioteca de especial interese para Galicia".

Se non é un *parón* o cesamento na publicación de recuperar a revista "Ágora" e o peche da colección aberta ás visitas "Antón Corral". Isto é por citar aquí as máis salientables.

Resulta evidente que a Escola Municipal de Artes e Oficios está a necesitar unha reorganización integral que propicie propostas definitivas, non basta con solucionar problemas individuais que ó final rematan por suscitar outros novos. Non basta xustificarse con que os problemas veñen de antigo. O goberno ten agora a oportunidade e a obriga de consolidar unha Escola orgullosa da súa misión participativa coas persoas, atractiva nos seus servizos e eficaz na súa xestión, para as xeracións presentes que o están a demandar pero tamén para as vindeiras.

Non se debe demorar máis a elaboración e aprobación dun plan de centro aberto ó debate, que conteña e exprese con claridade o concepto e misión da Escola Municipal de Artes e Oficios como equipamento cultural ó servizo da comunidade

viguesa, que sen esquecer os recursos e as potencialidades que desenvolveu ó longo da súa historia, concrete as cuestións primordiais que se deben afrontar nos próximos anos.

Un proxecto estratéxico que sitúe á Escola Municipal de Artes e Oficios nas políticas culturais, dende o nivel máis local como referente nos programas educativos da cidade, ata o máis xeral identificando os seus elementos identificativos e definindo un espazo propio que busque tanto a especialización como a complementariedade en relación coas escolas de artes e Oficios que desenvolven a súa tarefa non só no ámbito galego, senón no español e no europeo.

Un plan de estudos que mellore os contidos e propostas da Escola Municipal de Artes Oficios, un plan funcional do centro cos seus regulamentos internos, o cadro de persoal e o seu director, que procure a máxima eficacia e calidade no logro destes obxectivos. En todos estes documentos estaba a traballar o director en funcións que vostedes cesaron inxustificadamente. Todo isto sen esquecer unha necesaria actualización e remodelación dos estatutos de acordo coa normativa vixente.

As solucións aportadas dende a concellería de Educación a toda esta problemática poñen de manifesto que non se ten claro nin sequera o programa docente para o curso que andamos, de feito non se deu conta del ó Pleno da Corporación como así o prescribe nos seus estatutos.

Outro tanto acontece coa recentemente creada Escola Municipal de Música Tradicional e Folk inda pendente de ser aprobada pola Xunta de Goberno Local e pendente de convocar o concurso público para a súa xestión.

Non se atopa outra razón que a mala xestión ó feito de que o prazo de matrícula se abraise cun mes de atraso respecto a anos anteriores e como consecuencia a demora de case un mes no inicio das clases dalgunhas materias mentres que noutras, maioritariamente as unidas ás ensinanzas de música tradicional galega, aínda están pendentes de comezar.

Esta mala administración da Escola Municipal de Artes e oficios ven ocasionando numerosas demandas dun número cada vez maior de colectivos: alumnos, usuarios da biblioteca e boa parte do cadro de profesores. De todos eles os alumnos son os máis prexudicados ó ter perdidas xa as clases do primeiro trimestre, alumnos que se están a manifestar hoxe ás portas do Concello porque tamén ven perigar o

segundo trimestre.

As explicacións que se dan dende a concellería de Educación centran o problema na contratación dos profesores, ofrecendo solucións provisionais e tardías que non clarexan por que non se contratou en tempo e de xeito regular ós profesores. O problema esténdese ó persoal non docente do centro, insuficiente neste momento para atender ás necesidades da escola e que pide a súa homologación co persoal do Concello.

Por outra banda o Grupo Popular non está de acordo co peche da biblioteca da Escola Municipal de Artes e Oficios e reclama a súa apertura como sala de lectura mentres se desenvolve a catalogación dos seus fondos, buscando as fórmulas para que o uso por parte dos estudantes non interfira no proceso de catalogación que determinará en boa medida o futuro da biblioteca.

A apertura da biblioteca puxo os cementos para a consolidación dun novo recurso cultural ó servizo dos cidadáns que deu coma primeiro resultado a creación de oitenta novos postos de lectura nunha cidade que non está precisamente sobrada deles. Pero o que é máis importante: supuxo o comezo da clasificación dos seus fondos con obxecto de iniciar os trámites para a súa declaración como biblioteca de especial interese para Galicia pola Xunta de Galicia.

A seguir a Sra. Larriba Leira procede a ler a parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

SRA. LÓPEZ ATRIO: En primeiro lugar debo clarexar que algunhas das afirmacións vertidas no texto da moción presentada pola señora Larriba penso que están á lixeira. De xeito máis extenso, á vista do que considero desinformación e manipulación que nestas semanas se vén facendo sobre a situación da EMAO e sobre a xestión desta concellería, farei un percorrido que contextualice e analice as orixes e causas das distorsións que vive esta Escola centenaria, que están moi lonxe de seren explicables na xestión dos poucos meses nos que me tocou presidir o organismo autónomo. Finalmente exporei sucintamente cales son as liñas estratéxicas básicas sobre as que traballa esta concellería, en paralelo ao traballo para a solución das urxencias que implican o comezo do curso 2007-2008.

Non é certo que o inicio das clases se demorase en case un mes. As clases, que

habitualmente daban comezo nos primeiros días de outubro, polas razóns que deseguido se comprenderán, comezaron o día 15 dese mes. Un tempo mínimo necesario para recompoñer un inicio de curso que, como lle correspondía polo menos nos seus aspectos básicos, tiña que estar xa preparado polo anterior grupo de goberno antes da constitución da nova Corporación o 16 de xuño.

Algúns “deberes” que agora nos esixen ter realizados en escasos catro meses, porque os dous de verán non son de utilidade a pesar de que eu estiven e recibín en xullo e agosto a todo o profesorado que se quixo achegar, a todo o alumnado, ós seus representantes, tantas veces coma quixeron, mesmo ó funcionario que facía as veces de director. Falei con el do seu plan de traballo, das liñas xerais e estiven en todo momento á disposición de alumnos, profesores, equipo e todo o mundo. Eses “deberes” que agora nos esixen en plena toma de contacto e aterraxe nos nosos novos cometidos, non os cumpriron vostedes nos seus case catro anos de goberno, cando lles tocaba, era imprescindible telos cumprido para acadar un comezo normalizado do curso 2007-2008 porque nin vostedes fixeron en todo ese tempo o Plan de Centro, nin o de estudos, nin marcaron as estratexias, nin normalizaron o cadro de persoal.

Pola súa especial significación no atraso no inicio deste curso nas especialidades de música tradicional (cinco postos), encadernación, pintura, encaixe de palillos e música moderna e son, parareime a describir a situación que nos deixaron ó facérmonos cargo desta Escola en xullo de 2007, para poñer de manifesto que non fixeron practicamente nada durante os anos que lles correspondeu gobernar por normalizar a anómala situación que se arrastra nesta institución e que agora, con esta moción e coas súas reiteradas aparicións na prensa local nas últimas semanas, pretenden inxustamente botarnos en cara xustamente cando, conscientes da necesidade de encarar firmemente a vella problemática de Artes e Oficios, aínda a sabendas da dificultade e resistencias a tal tarefa, trocamos a inactividade de vostedes en propostas concretas e plans de futuro, sen agochar a cabeza nin mirar para outro lado.

Pois ben, dos 23 profesores para as outras tantas especialidades da Escola, dez eran contratados anualmente con contratos temporais de obra ou servizo determinado; dos 13 postos fixos restantes, 5 manteñen unha interinidade nalgúns casos de máis de dez anos. Ante tal panorama de provisionalidade e debilidade

docente vostedes non teñen realizado ningunha oferta pública de emprego no Organismo Autónomo. A única actuación neste sentido foi certificar a finalización das ensinanzas de idiomas estranxeiros e reducir o xa escaso cadro de persoal existente eliminando no ano 2005 (Xunta reitora do 8/7/2005) unha das prazas de mestres de formación existentes naquel momento na relación de postos de traballo. Como sabían perfectamente a fins de 2006, coa aprobación da Lei 4/2006, para a mellora do crecemento e do emprego (coñecida como Lei Caldera), a posibilidade de continuar coas contratacións temporais facíase xa inviable para o curso 2007-2008, pois o profesorado que viña contratándose con esta modalidade incorría nos supostos de imposibilidade de renovación contemplados nesa Lei. Isto impedía na práctica dar comezo con normalidade ó curso 2007-2008 na metade das materias programadas nos últimos anos na Escola. Sabían que, de non procurar con meses de adianto unha alternativa legalmente válida, sería sumamente complicado un comezo normal do curso. Pero vostedes preferiron ignorar este feito, ollar para outro lado e “deixar para os seguintes” a lidia de tan complexo problema, sabendo que estarían inmersos no proceso de toma de posesión e coincidindo cos meses de xullo e agosto, momentos non moi adecuados para a solución de problemas administrativos e laborais deste calado.

Como consecuencia da, chamémoslle, inacción do PP nestes anos en materia de normalización do cadro de persoal da EMAO e da continuidade da práctica da contratación temporal, un informe da inspección de traballo de xuño de 2007 pon de manifesto o que considera contratacións en fraude de lei da totalidade das realizadas baixo a modalidade de “obra ou servizo determinado”; isto é, de case a metade das materias do curriculum da Escola. Como consecuencia deste informe oficial, oito dos mestres afectados presentan outras tantas demandas perante a Maxistratura de Traballo, actualmente pendentes de resolución definitiva. A propia inspección tamén presenta de oficio demanda polo que, insisto, considera contratacións en fraude de Lei.

Por outra banda, as vacantes no persoal non docente existentes no cadro de persoal dende cando menos o ano 2005 non son ofertadas e, en consecuencia, coa xubilación próxima dalgúns ordenanzas, a atención da escola por persoal subalterno queda en mínimos.

Por se fora pouco, para enrarecer máis o xa espeso clima laboral da Escola, o

gobierno municipal do PP deixa fóra da consolidación salarial realizada en 2005 para o persoal dos grupos D e E do Concello -valoración dos postos de traballo-, xustamente aos traballadores e traballadoras destas categorías adscritos ó organismo autónomo. E agora bótannos coa súa moción en cara este problema, creado e non solucionado por vostedes, lembrándonos a reclamación de homologación do persoal non docente da Escola. Resulta inadmisíbel, máis sabendo como saben que este goberno incorporou no proxecto de orzamento para 2008 do Organismo Autónomo EMAO unha partida específica que permitirá, agora si, dita "homologación".

Tamén nos deixan sen solucionar, tralo falecemento do director titular en 5 de novembro de 2006, o sistema de selección e nomeamento dun novo director, sabendo que o funcionario que tiña temporalmente asignadas esas funcións debería estar, de feito, tecnicamente censado naquel momento, xa que no decreto de nomeamento (que foi simplemente "notificado" á Xunta Reitora da EMAO no seu momento) vinculábase a súa permanencia á da situación de "incapacidade temporal" do director titular, evidentemente rematada co seu falecemento. Nada fixeron dende aquela para establecer os mecanismos legais e regulamentarios que permitisen no momento oportuno a necesaria dotación deste posto. Pero agora pretenden que nós, nos escasos meses de goberno que levamos, solucionemos de inmediato esa tarefa e acúsannos, para máis, de mala xestión por non facer neste escaso tempo o que vostedes non fixeron en anos.

Este é parte do panorama que en materia de persoal vostedes deixan en herdanza neste verán, ás portas do comezo do curso, á concelleira recién chegada que lles fala: gran parte do cadro do persoal en maxistratura de traballo; imposibilidade de contratar coa fórmula "habitual" ao profesorado de nove especialidades: pintura, encaixe de palillos, encadernación, música moderna e son, gaita e percusión, serigrafía, son e música moderna, canto popular, violín folk, requinta e zanfona.

A atención ó público e ó alumnado polo persoal non docente en mínimos. Unha dirección non profesionalizada e ocupada irregularmente. Un ambiente docente con fortes tensións producidas tanto por causas laborais como funcionais.

Pois ben, con tal panorama e con menos de 15 días de atraso, puxéronse a funcionar con normalidade suficiente, tralo correspondente procedemento de solicitude, a matrícula de alumnado, os cursos de debuxo, talla en madeira,

ourivería, galego, construción de instrumentos populares galegos, gaita e zanfona, luthería antiga, artes gráficas, corte e confección, repuxado en coiro e cerámica.

Para o resto das especialidades pendentes e previstas no plan anual docente para o curso 2007-2008 (como é posible que digan que non se deu conta de tal plan se foi aprobado por unanimidade, co voto favorable do seu grupo, na Xunta Reitora do día 30/10/2007?) esta concelleira puxo en marcha os únicos mecanismos posibles para garantir que, aínda con atraso, produto xustamente da non previsión de que isto ocorrería por parte do goberno do partido popular, puidesen comezar.

Critican vostedes na súa moción que as solucións aportadas, que deseguido comentarei, son “provisionais e tardías”. Como pretenden vostedes que o que non foron capaces de fixar en case catro anos de goberno o fagamos nós en catro meses? Como poden por unha parte laiarse de que non comece as clases e á vez esixirnos solucións definitivas?

Sábeno perfectamente pero utilizan o feito dun atraso necesario para poñer en marcha os mecanismos de nova contratación do profesorado -que é basicamente responsabilidade do seu goberno por non ter solucionado a tempo os temas de persoal da Escola- como arma arreboladiza para sensibilizar na nosa contra a un alumnado evidentemente prexudicado pola situación creada pero non pola nosa xestión senón, entre outras, pola carencia da súa cando lles tocou arranxalo.

Para paliar os problemas de imprevisión e falta de normalización do cadro de Persoal facilitados pola súa inacción durante a súa etapa de goberno, esta concelleira puxo en marcha os seguinte mecanismos no momento en que foi realmente posible administrativa e tecnicamente perfeccionalos, uns como solucións provisionais -os menos- e outros permanentes, para dotar de profesorado e garantir que existe, aínda que minguado nun trimestre, o curso escolar 2007-2008 na Escola de Artes e Oficios en dez especialidades:

- 1.- Iniciar e tramitar os procedementos administrativos necesarios para a creación da Escola Municipal de Música Tradicional e Folk, que acollerá á totalidade do alumnado do departamento do mesmo nome da EMAO, no que cinco dos seus seis profesores estaban afectados pola imposibilidade de re-contratar coa aplicación da Lei Caldera. Transfórmase ademais un problema grave nunha oportunidade, pois a nova Escola, para a que se consigna no novo orzamento municipal da área de Educación o dobre do que se empregaba na EMAO ata o momento, mellora

radicalmente o existente, establece dous itinerarios formativos, un afeccionado e un profesional; establece un currículo complexo inexistente; aumenta o número de especialidades e dá un futuro moi interesante a este tipo de ensinanzas que non dubidamos situarán a Vigo na vangarda do ensino musical.

Pero tal proxecto require un procedemento de contratación cos prazos que administrativa e tecnicamente son ineludibles para a súa tramitación e finalización. E estamos, logo dun arduo e intenso traballo dos servizos do persoal municipal adscrito á área de educación e á propia EMAO, en disposición do comezar plenamente a comezos do ano 2008. O proxecto asegura ademais, por medio dun itinerario de transición entre as vellas asignaturas e o novo currículo, que todo o alumnado actual da EMAO inscrito en música tradicional e folk recuperará a totalidade do tempo perdido.

2.- Aprobar e tramitar o procedemento de selección para cubrir dúas vacantes existentes na RPT de mestres de formación (persoal laboral) que permitan dotar de profesorado ás especialidades de pintura e encadernación artística. Por que non o fixeron vostedes, se estas vacantes xa existían? Por que seguiron acudindo a un procedemento de contratación que segundo a inspección de traballo semella irregular? Do ter feito vostedes cando debían, a estas alturas estas dúas importantes especialidades da Escola estarían dende outubro a pleno funcionamento.

Para permitir o inicio de especialidades para as que non existe posto de traballo creado (por que non o crearon vostedes definitivamente antes, en lugar de nos obrigar agora a adoptar solucións provisionais e tardías?), en concreto encaixe de palillos e música moderna e son, acudimos a estrear a fórmula que permite o novo estatuto básico do empregado público, mediante a creación de dous postos de funcionario interino sen praza e tramitar o procedemento de selección do profesorado que, como saben de sobra, require tamén duns prazos administrativos e técnicos ineludibles.

Sabemos que as solucións definitivas ós problemas (moitos deles graves) que temos detectado na EMAO, pasa por clarificar un proxecto educativo estratéxico para a mesma, no que se enmarque unha relación de postos de traballo estable e plenamente legal, produto dunha auténtica valoración de postos e da súa incardinación cuns obxectivos claros. Pero tal tarefa é a que esta concellería

comezou a acometer e acometerá nos vindeiros meses de xeito intenso, xustamente cando solucione os problemas inmediatos e prioritarios de comezo do curso que vostedes tiveron a ben deixarnos sen tocar en herdanza.

Tempo haberá para discutir os proxectos educativos co corpo docente, coa comunidade educativa e cos membros desta corporación. Pero tales proxectos requiren esencialmente o sosego, a reflexión tranquila e o consenso. A iso adicaremos o tempo necesario, esperamos que coa súa inestimable colaboración, achega e axuda. Pola miña parte, ó remate desta intervención apuntarei algunhas liñas estratéxicas básicas sobre as que penso debe encarrilarse un proxecto de normalización e de futuro.

En canto á biblioteca, segundo a norma UNE 50113-1:1992 sobre conceptos básicos de información e documentación, o termo biblioteca pode definirse en dous sentidos: calquera colección organizada de libros e publicacións en serie, impresos ou outros tipos de documentos gráficos ou audiovisuais dispoñibles para o préstamo ou consulta, ou organismo ou parte de el cuxa principal función consiste en construír bibliotecas, mantelas, actualizalas e facilitar o uso dos documentos.

Se nos atemos só a estas obvias definicións, de ningunha maneira esta Concellería pechou ningunha Biblioteca porque nunca se abriu tal biblioteca. A non ser que para o PP unha biblioteca sexa só un local onde se gardan libros, aínda que estes estean sen organizar, se careza dos máis mínimos servizos e non exista persoal ao seu cargo, senón cámaras de vixilancia. A non ser que o PP confunda o concepto “posto de lectura” con “asento” para estudar. O que se anunciou como apertura da Biblioteca foi sinxelamente a posta a disposición de estudantes de fóra da EMAO dunha sala para estudar.

Esta función, con seguridade tan necesaria na cidade, non é de ningunha maneira a que debe cumprir o fondo bibliográfico patrimonial moi importa te que atesoura Artes e Oficios. Vostedes abriron as salas para que servisen para preparar exames a estudantes de bacharelato e universidade, contando só cun persoal contratado moi circunstancialmente a unha empresa de traballo temporal, que tiña como misión iniciar novamente o redescubrimento e a ordenación espacial dos fondos, a procura da documentación perdida en caixas e andeis dos inventarios realizados hai anos e do catálogo histórico, que acadaron só finalmente catalogar arredor de 100 libros dos aproximadamente 14.000 cos que conta o fondo bibliográfico.

Detraeron ademais persoal subalterno necesario para as actividades normais da Escola, para a vixilancia e atención das salas. Unhas solucións todas elas moi provisionais e dirixidas unicamente a un acto de apertura concreto. Debemos sen embargo agradecer o traballo de arranxo das salas; esqueceron a climatización pero polo menos para gardar os libros non catalogados e revistas históricas e sobre todo para que a xente non pase tanto frío naquelas salas. Só con eses vimbios e esquecendo o carácter real dunha Biblioteca, permitiron que entraran alí a estudar estudantes sen acreditación ningunha de investigadores e sen poder garantir a seguridade dos fondos históricos. Abriron as portas do local, cun persoal temporal provisional e sen posibilidade de continuidade, pero non abriron biblioteca ningunha.

O peche desa inadecuada sala de estudos era un exercicio de responsabilidade que, a sabendas da fácil manipulación que podía convocar tal medida, tomei para poder afrontar seriamente o estudo e catalogación dos fondos e a apertura futura dunha biblioteca que deberá vir precedida da plena catalogación dos seus fondos, da dotación de persoal técnico e auxiliar estable mínimo indispensable e dun proxecto que delimite claramente a parte patrimonial, que penso debe converterse en sección histórica e de legados, da funcional para o alumnado moi numeroso e para o profesorado da Escola.

Debemos ter en conta neste sentido que ademais do arrumbamento e esquecemento do fondo histórico, as últimas adquisicións bibliográficas da entidade realizáronse polos anos 60 do pasado século, todas as xeracións de estudantes da Escola dende aquela non tiveron oportunidade de utilizar a bibliografía do seu tempo. E isto debe necesariamente cambiar.

No vindeiro mes de xaneiro comezará un equipo da Xunta de Galicia a realizar a catalogación sistemática dos fondos coa finalidade dos incluír no catálogo do Patrimonio Bibliográfico Español. Á vez tramítase xa a súa declaración como Biblioteca de especial interese de Galicia, para o que haberá necesariamente que dotala canto menos de persoal. Paralelamente esta concellería encargará un ditame técnico sobre esta Biblioteca que estableza unha valoración da situación actual e propoña un marco para o funcionamento real deste equipamento da Escola nas condicións de respecto ó patrimonio que se requiren e das necesidades funcionais dos investigadores.

Feitas estas aclaracións sobre o contido da súa moción, desexaría facer, inda que non me deixan, unha reflexión sobre as orixes da situación actual, reflexión que considero imprescindible para poñer sobre o mellor camiño o futuro desta centenaria institución viguesa. Agradezo neste sentido a súa moción pois dáme a oportunidade de lles expoñer cal é a miña análise e cales son as liñas sobre as que estou a traballar e traballarei nos próximos anos.

A petición da Presidencia, a Sra. López Atrio remata a súa intervención.

SRA. LARRIBA LEIRA: Quería dicirlle que sempre contará coa miña colaboración en todo o que signifique a dignificación da Escola Municipal de Artes e Oficios.

Voulle responder primeiro ó tema da biblioteca e logo a outros temas dos que falou. Cando falo de biblioteca, se estamos a facelo polo libro efectivamente o que se abriu non era unha biblioteca estritamente, pero si que era o punto de partida para que o fose. En primeiro lugar facilitaba uns postos de lectura moi necesarios nesta cidade, garantía dalgún xeito a preocupación dos responsables da Consellería de Cultura da Xunta sobre o interese do fondo bibliotecario que ten a biblioteca e a hemeroteca, que vostede sabe que non son propios da Escola. Sabe que os fondos que conforman esa biblioteca e esa hemeroteca son para persoal investigador e non están precisamente implicados coas ensinanzas da escola. Nunca vai ser un referente para a investigación dos estudantes de artes e oficios tradicionais porque na súa maior parte son fondos que teñen que ver coa historia, coa xudicatura, etc. Os fondos relacionados coas ensinanzas artísticas da escola son moi recentes e a maioría deles foron achegados a través do convenio con Caixanova.

Non serve que aquilo é unha biblioteca só para investigadores ou só reservada ós estudantes da escola cando precisamente os fondos non teñen que ver coas ensinanzas que se imparten nela. Alédome moito de que o tema da catalogación por parte da Consellería non se paralice e se remate porque iso vai garantir apoio técnico, subvencións etc., é unha fonte de recursos técnicos e económicos para a manter viva pero ó mellor o resultado da catalogación dinos que non é o lugar máis apropiado para que estean e ó mellor a biblioteca da escola, se se entende coma tal exclusivamente, tense que dotar doutros fondos máis axeitados.

Mentres isto sucede, porque as catalogacións bibliográficas adoitan ser longas no

tempo, penso que é unha mágoa perder a oportunidade de ter eses 80 postos de lectura porque tampouco ía habelos de investigadores. Os investigadores que poderían usar os fondos que ten esa biblioteca serían catro ou cinco e penso que Vigo non está tan sobrado de postos de lectura como para lle adicar 80 a catro ou cinco investigadores que poidan pasar por alí en todo ano.

Con respecto ó inicio do comezo das clases, efectivamente moitas delas só se atrasaron quince días pero eu falo das de pintura, encadernación, musicalidade, palillos e todas as do conservatorio de música tradicional que inda non comezaron. Ese é o atraso real. Pasou o primeiro trimestre e os alumnos pensan que no segundo dificilmente vai estar en marcha.

Vostede tamén di que tivo vontade durante o verán de se reunir e de traballar sobre o tema. Lémbrolle que o comité de empresa da EMAO cambiou trala aprobación da segregación da Escola de Música Tradicional e o novo comité de empresa pediu reunirse con vostede e non lles recibiu. O actual comité de momento non tivo a oportunidade de poder falar con vostede.

En canto ó tema da paralización vexo que non entendeu ó que me refería. Non falaba só do comezo das clases, falaba de todos os proxectos que se puxeron en marcha o ano pasado, das actividades expositivas, da revista, da colección aberta ás visitas, falo de toda a programación que se puxo en marcha que completa os contidos docentes da escola e que está parada. As exposicións previstas para as realizar antes do remate do ano non se fixeron. Que vai ser da revista da Escola que se resucitou logo de tanto tempo? Vai haber continuidade?

Todo iso que ten que ver coa actividade da escola, que non é estritamente impartir as clases, está parado. A iso refírome co paro que sofre a escola.

Vostedes centran os problemas da escola só no tema do profesorado. A escola é moito máis, os plans da escola poden estarse a facer, xa van seis meses dende que tomaron as responsabilidades sobre a escola e por que non se traballa en todos os programa? Ademais tenta dicir que o problema xerámolo nós e que vostedes están a solventalo; vostedes saben moi ben que o problema ven de antigo e que se nós mantivemos esas contratacións que hoxe son ilegais, foi porque non o eran o ano pasado. Vostede acúsanos de ilegalidade; a ilegalidade sería facelo agora á vista da nova Lei pero non o era o ano pasado.

En canto ó tema do cadro de persoal tamén o herdou o Partido Popular como

vostede ben sabe.

Penso que con isto respondín ás súas consideracións. De todos os xeitos quero volver lembrar que a intención desta moción é sobre todo urxir ós responsables de educación e á vostede que os representa, o comezo das clases porque xa rematou o primeiro trimestre e inda antonte, na reunión da Xunta Reitora, estabamos a aprobar o Tribunal que vai seleccionar as probas que hai dous meses nos dixeron que ían convocar. Canto vai durar este proceso de selección? Aínda na propia Xunta Reitora non estaba claro nin o baremo, había dúbidas sobre se era o correcto ou non.

Isto é solucionar urxentemente un problema de comezo das clases que afecta a tantos centos de estudantes? Un proceso que leva xa dous meses e inda non comezou. Penso que as cousas se poden facer de xeito máis urxente.

O mesmo digo co proxecto da Escola de Música Tradicional, propúxose hai dous meses e inda non está aprobado. Ten que pasar por Xunta de Goberno que o ten que aprobar. A que esperan? Mesmo se se aproba a creación da escola aínda se ten que convocar o concurso que supoño que farán para a xestión da escola. Canto se van dilatar estes proxectos?

Na Xunta Reitora vostedes dicía que están convencidos de que as clases van comezar en xaneiro. Dende logo que para nós as perspectivas non son tan optimistas, penso que son moito máis reais.

Por iso penso que non deben insistir máis no escaso tempo que tiveron para facer estas cousas. Cando hai tantos afectados penso que as medidas que se poden tomar deben ser máis rápidas e penso tamén que é unha cuestión de prioridades e sobre todo de vontade.

SRA. LÓPEZ ATRIO: En primeiro lugar clarexarlle no tema da biblioteca que os traballos da Xunta de Galicia non é que se paralicen ou rematen, senón que se inician en xaneiro, xa estiveron os técnicos para ver o que teñen que facer.

A situación coa que se iniciou o curso estaba marcada por unha situación legal ou "non legal" para o profesorado. Preocúpanme moito tanto o profesorado como alumnado. A miña vontade e a de todos os que traballamos nesta idea foi arranxar a legalidade do profesorado para que puideran exercer a súa docencia. Sentimos que isto, que é do mes de marzo-xuño, repercuta no mes de outubro, novembro e

decembro pero coido que o alumnado, que xa é maior de idade, pode entender cal é a moi grave problemática do profesorado á que eu me enfrontei para solucionar axeitadamente.

Sinto os días que perden de clase pero lles aseguro que é moito mellor que todo o profesorado teña unha situación legal. Logo poderán continuar o curso, ampliálo, compensar as fallas que existan. Teñan en conta que estas son ensinanzas non regradas inda que queremos que funcione rapidamente.

Non esqueza que a posición do Partido Popular na Xunta Reitora da EMAO foi a de atrasar inda máis poñendo peros á presentación das probas porque non estaban tan axeitadas como deberían. Poñían peros dun ou doutro xeito pero non facilitaban o labor para que isto saíra adiante rapidamente, non o apoiaron.

Esperamos que se resolva a situación rapidamente, o antes posible, pero non depende da miña vontade senón dos procesos que legalmente hai que cumprir: a publicación no DOG, as posibles reclamacións, a presentación dos candidatos, as probas que hai que resolver... Todo isto non depende de min, senón da Lei. Se vostedes tiñan tanto interese na escola tamén puideron facelo moito antes.

En canto á biblioteca sinto que non é un espazo de lectura, é un espazo de investigación e de estudo, a xente que está na EMAO, por que non, terá algún día os seus libros e proporcionaráselle o seu material para consulta. Non debe converterse esa biblioteca nun sitio para sentarse os estudantes e preparar os exames, coido que non é esa a función que ten porque nin sequera ten persoal para coidala.

Para rematar direilles que no Pleno do 31 de marzo de 2006 adoptouse o seguinte acordo:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA ÁS CARENCIAS DA ESCOLA DE ARTES E OFICIOS.

Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de marzo de 2006, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, formula a seguinte moción:

“Tanto dende sectores do alumnado como do profesorado da Escola de Artes e Oficios, vense denunciando dende hai algún tempo a situación de abandono que atravesa a escola e que se concreta en situacións como falla de calefacción (o profesorado chega levar radiadores da súa propiedade), humidades, apagóns constantes por falla de tensión suficiente, iluminación pouco apropiada nalgúns talleres, falla de sinalización, barreiras arquitectónicas, etc. etc.

A estes problemas de mantemento hai que sumar a cuestión probabelmente máis grave, como é a falla dun deseño de centro con posibilidades adaptadas ao papel que, de acordo con ese deseño, teña que cumprir a Escola de Artes e Oficios. Existe a sensación dun futuro incerto, por mor dunha total indefinición a respecto dos obxectivos do centro. Os orzamentos son cada vez máis restritivos, as xubilacións previstas non se sabe se se van cubrir ou non. Para máis, non existe unha dirección con dedicación ao cento por cento que dirixa, impulse e dinamice o centro.

Por todo o anteriormente exposto, propomos ao Pleno do Concello para a súa aprobación:

- *Que o concelleiro responsable presente ante a Xunta Reitora da Escola un programa de traballo en función dos obxectivos dun centro de Artes e Oficios.*
- *Que se asegure unha dirección profesionalizada a tempo completo."*

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 23 de marzo de 2006, quedou enterada do contido da anterior moción.

Hai unha emenda formulada naquel intre polo Sr. Soto Ferreiro, que pide cambiar un parágrafo e di: "O devandito programa de traballo contará cun proxecto de organización que comportará, entre outras accións, co establecemento dun organigrama funcional", cousa que non existía.

Por último direille que teño aquí os documentos base para que o profesorado xunto coa representación total da escola fagan o plan do centro, as actividades, a programación anual, o regulamento do centro, etc. Leveinos á Xunta Reitora e seguen coa posibilidade de lle dar auténtica forma cos responsables que son todo o profesorado e o equipo directivo cando a escola poida estar funcionando legalmente con todos os profesores.

SRA. LARRIBA LEIRA: Insisto en que eses documentos que amosa a Sra. López Atrio gustaríame moito ter unha copia e agradeceríalle que ma facilitara.

Coñezo os traballos que estaba a facer como borrador o anterior director, estaban na liña de facer un plan estratéxico da escola, non só un proxecto docente que é o que vostede me presenta. Penso que é ese documento o que instale á escola nun ámbito cultural, que teña a súa propia presenza no mapa das ensinanzas de artes e oficios en España, en Galicia e no ámbito europeo. Ese documento é imprescindible para saber cales son as materias que se teñen que impartir e cales poden ser as actividades que desenvolva ademais do estritamente curricular.

En canto á biblioteca dicirlle que nós somos os primeiros que desexamos ter unha biblioteca en Vigo pero nos parece que mentres ese proceso se fai, tendo a cidade a necesidade que ten de postos de lectura, non pode ser que o bo sexa inimigo do mellor. O mellor é ter unha biblioteca da que poidan gozar tanto os lectores como os investigadores, pero mentres iso non acontece, por que pechar os postos de lectura? A catalogación vaise dilatar, pois mentres se fai se poden utilizar só os postos de lectura que efectivamente é unha parte moi pequena do que significa unha biblioteca.

En canto ó que me di de que a catalogación vai comezar en xaneiro non é así. Para que esa catalogación comezase era preciso facer unha cata e informar á Xunta do interese da biblioteca. Unha vez a Xunta tivo ese informe e considerou que os fondos podían ter interese, é cando agora a cataloga por completo pero o paso que nós fixemos foi o previo para solicitar esa catalogación da totalidade dos fondos. Iso comezouno facer o goberno do Partido Popular.

En canto ó que di que nós tentamos atrasar e boicotear na Xunta Reitora o comezo das clases, é moi triste porque en absoluto. Non nos opuxemos nunca nin votamos en contra do que vostedes propoñían, dixémolo expresamente: non queremos atrasar nada do que se faga. Si apuntamos as cousas que víamos que eran irregularidades e como comprobamos na Xunta de antonte efectivamente o que nós sospeitabamos se fixo realidade e os propios profesores presentaron escritos considerando que había erros na solicitude de prazas. Non votamos nunca en contra para non atrasar; outra cousa é que esteamos calados e non digamos nada do que nos parece irregular ou que está mal feito.

Non nos pode achacar de inmovilismo na EMAO. Penso que os alumnos e os profesores que están aquí e calquera da escola lembra todas as actividades que se puxeron en marcha nunha escola que estaba adormecida. De acordo que ó mellor non se fixo todo o que hai que facer pero se fixeron moitas cousas, recuperáronse moitas actividades, dignificouse a presenza da escola na cidade, foi máis importante que en anos precedentes e todo iso parouse. Non estamos dispostos a admitir que co goberno Popular se paralizou a escola porque foi todo o contrario. Penso que se puxeron as bases para que recuperase o esplendor que tivo sempre e que debería seguir a ter.

(Están ausentes os Sres. Figueroa Vila e Guerra Fernández e a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal Popular, Sra. Larriba Leira, instando á reapertura da sala de lectura da Escola Municipal de Artes e Oficios así como que se inicien as clases de contado, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

16- (187).- ROGOS E PREGUNTAS.

* PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, SR. CONDE GIL, RELATIVA Á INSTALACIÓN DUN TRANSFORMADOR DE FENOSA.

INTERVENCIÓN DO SR. CONDE GIL: Unha breve pregunta para a Sra. Abelairas. Ante a crecente preocupación dos pais do Colexio Compañía de María respecto da instalación dun transformador de FENOSA na confluencia da rúa Colmeiro Laforet e Simón Bolívar, se pode ser gustaríame que nos respondese por escrito se foi modificado o proxecto orixinal de instalación do dito transformador.

A PRESIDENCIA: Queda a pregunta formulada e reflectida na acta. Responderalle por escrito a Sra. Abelairas.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás catorce horas e vinte minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda.

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión ordinaria do Pleno do día 20 de decembro de 2007. Consta de 67 folios da serie A numerados do 1593969 ao 1594000 e do 2141001 ao 2141035, e números do 666 ao 732. Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 25 de febreiro de 2008.

Vigo, a 25 de febreiro de 2008
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda